



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura  
Serie Pleno  
Número 10

**Sesión plenaria**  
29 de maio de 2024

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG-bwBEzbAmH-5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## ORDE DO DÍA (continuación)

---

### Punto 3. Proposicións non de lei

#### 3.1512 (12/PNP-000029)

##### Grupo Parlamentario Popular de Galicia

##### Lorenzo Gómez, Rubén e oito deputados/as deputados/as máis

Sobre a demanda que debe dirixir a Xunta de Galicia ao Goberno central co fin de que axilice a normativa estatal derivada da Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional

Publicación da iniciativa, BOPG nº 9f1, do 11.04.2024

#### 3.2707 (12/PNP-000061)

##### Grupo Parlamentario Popular de Galicia

##### Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as deputados/as máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central para que cumpra os seus compromisos en materia de conectividade e de cobertura territorial das redes de telecomunicacións

Publicación da iniciativa, BOPG nº 9f1, do 11.04.2024

#### 3.31260 (12/PNP-000132)

##### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

##### Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

Sobre as medidas que ten que adoptar a Xunta de Galicia co obxectivo de reducir os tempos de agarda na tramitación da dependencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12f1, do 17.04.2024

#### 3.41664 (12/PNP-000184)

##### Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

##### Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre a demanda ao Goberno galego da aprobación do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga) de forma participativa e consensuada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 16f1, do 24.04.2024

#### 3.52474 (12/PNP-000289)

##### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

##### Suárez Fernández, Iago e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe impulsar o Goberno galego dentro da política de atención á saúde mental na mocidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 20f1, do 02.05.2024



**3.63639 (12/PNP-000400)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara**

Sobre a normativa que debe impulsar a Xunta de Galicia e as reclamacións que debe dirixir ao Goberno central co obxecto de conseguir un desenvolvemento da enerxía eólica en Galicia que respecte a integración medioambiental

Publicación da iniciativa, BOPG nº 24f1, do 15.05.2024

**Punto 4. Interpelacións****4.11475 (12/INT-000077)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Taibo Corsanego, Iria e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre o fomento dos vínculos coa lusofonía

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12f1, do 17.04.2024

**4.23449 (12/INT-000233)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria**

Sobre os servizos sanitarios prestados polo Sergas con medios alleos e a transparencia na súa contratación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 24f1, do 15.05.2024

**4.33468 (12/INT-000235)****Grupo Parlamentario Mixto****Ojea Bouzo, Armando**

Sobre a planificación da creación de solo empresarial nesta lexislatura

Publicación da iniciativa, BOPG nº 24f1, do 15.05.2024

**Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta****5.14318 (12/POPX-000005)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gómez Besteiro, José Ramón**

Sobre a perspectiva que ten o Goberno galego do papel que Galicia debe representar en Europa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 28f2, do 22.05.2024

**5.24325 (12/POPX-000006)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre as razóns do Goberno galego para admitir a colocación no corazón de Galicia dunha macroinstalación de produción de celulosa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 28f2, do 22.05.2024



## Punto 6. Preguntas ao Goberno

### 6.14253 (12/PUP-000017)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**López Font, Carlos**

Sobre a eventual solicitude da convocatoria da Comisión Mixta de Transferencias realizada polo Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 28f1, do 22.05.2024

### 6.24281 (12/PUP-000018)

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Prado del Río, Paula e nove deputados/as máis**

Sobre o incremento da criminalidade en Galicia no primeiro trimestre do ano, segundo os datos contabilizados polo Ministerio do Interior

Publicación da iniciativa, BOPG nº 28f1, do 22.05.2024

### 6.32011 (12/POP-000317)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Méndez López, Lara e dous deputados/as máis**

Sobre a adecuación á realidade actual do Decreto 222/2011, no que se establece un número mínimo de alumnado matriculado como criterio para asegurar a viabilidade dos graos universitarios

Publicación da iniciativa, BOPG nº 17f1, do 25.04.2024

### 6.43045 (12/POP-000453)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Golpe Acuña, José Manuel e dous deputados/as máis**

Sobre as dúbidas respecto da consolidación do proxecto da empresa de pneumáticos Sentury Tire Spain S. L. U. nas Pontes de García Rodríguez

Publicación da iniciativa, BOPG nº 25f1, do 16.05.2024

### 6.52076 (12/POP-000326)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos**

Sobre a eventual solicitude da Xunta de Galicia ao Goberno central da finalización do proxecto de construción da vía peonil pola costa entre Marín e Pontevedra con alternativas que respecten a nova lexislación vixente

Publicación da iniciativa, BOPG nº 17f1, do 25.04.2024

### 6.63173 (12/POP-000515)

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**García Comesaña, Julio e seis deputados/as máis**

Sobre as consecuencias que terá para Vigo e a súa comarca o peche do aeroporto de Peinador

Publicación da iniciativa, BOPG nº 22f2, do 08.05.2024



**6.7 519 (12/POP-000018)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e oito deputados/as máis**

Sobre a inclusión de novas vacinas no Calendario de vacinación ao longo de toda a vida

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10f1, do 12.04.2024

**6.82618 (12/POP-000404)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre a situación do Centro de Saúde de Ribeira no relativo á súa dotación de persoal médico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 22f2, do 08.05.2024

**6.94304 (12/PUP-000019)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Davila, María Cristina**

Sobre a situación da asistencia sanitaria nos centros de saúde e no PAC da comarca do Condado-A Paradanta

Publicación da iniciativa, BOPG nº 28f1, do 22.05.2024



## SUMARIO

---

*Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.*

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a perspectiva que ten o Goberno galego do papel que Galicia debe representar en Europa.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Gómez Besteiro (S)*. (Páx. 11.)

Resposta do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela*. (Páx. 12.)

Réplica do autor: *Sr. Gómez Besteiro (S)*. (Páx. 14.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela*. (Páx. 15.)

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns do Goberno galego para admitir a colocación no corazón de Galicia dunha macroinstalación de produción de celulosa.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 17.)

Resposta do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela*. (Páx. 18.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 19.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela*. (Páx. 20.)

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Iglesias Rey e D<sup>a</sup> Lara Méndez López, sobre a normativa que debe impulsar a Xunta de Galicia e as reclamacións que debe dirixir ao Goberno central co obxecto de conseguir un desenvolvemento da enerxía eólica en Galicia que respecte a integración medioambiental.** (Punto terceiro da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 22.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Iglesias Rey (S)*. (Páx. 23.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Golpe Acuña (BNG)*. (Páx. 26.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Lorenzo Gómez (P)*. (Páx. 28.)

*A señora Iglesias Rey (S.) intervén para se posicionar respecto da emenda.* (Páx. 31.)

### ***Votación das proposicións non de lei***

Votación da Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Rubén Lorenzo Gómez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que debe dirixir a Xunta de Galicia ao Goberno central co fin de que axilice a normativa estatal derivada da Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional: *aprobada por 64 votos a favor, 9 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 33.)



Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central para que cumpra os seus compromisos en materia de conectividade e de cobertura territorial das redes de telecomunicación: *aprobado por 73 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 33.)

Votación da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández e D<sup>a</sup> Ariadna Fernández González, sobre as medidas que ten que adoptar a Xunta de Galicia co obxectivo de reducir os tempos de agarda na tramitación da dependencia: *rexeitada por 35 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 34.)

Votación do texto autoemendado da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María del Carmen Rodríguez Dacosta e D<sup>a</sup> Lara Méndez López, sobre a demanda ao Goberno galego da aprobación do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga) de forma participativa e consensuada: *rexeitado por 35 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 34.)

Votación da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Suárez Fernández e D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe impulsar o Goberno galego dentro da política de atención á saúde mental na mocidade: *rexeitada por 35 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 34.)

Votación da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Iglesias Rey e D<sup>a</sup> Lara Méndez López, sobre a normativa que debe impulsar a Xunta de Galicia e as reclamacións que debe dirixir ao Goberno central co obxecto de conseguir un desenvolvemento da enerxía eólica en Galicia que respecte a integración medioambiental: *rexeitada por 9 votos a favor, 38 votos en contra e 26 abstencións.* (Páx. 35.)

*O señor presidente expón o procedemento de votación en urna para designar os representantes que irán ao Congreso dos Deputados para defender a transferencia da AP-9 a Galicia.* (Páx. 35.)

*A señora secretaria, Vázquez Mourelle, fai o chamamento, por orde alfabética, dos deputados e das deputadas, que depositan o seu voto na urna; a seguir, fano os membros do Goberno e finalmente os membros da Mesa.* (Páx. 36.) *Despois de efectuar o escrutinio, resultan elixidos don Alberto Pazos Couñago, por 38 votos a favor, dona Ana Belén Pontón Mondelo, por 26 votos a favor, e don José Ramón Gómez Besteiro por 9 votos a favor.* (Páx. 36.)

### **Interpelación de D<sup>a</sup> Iria Taibo Corsanego e D. Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o fomento dos vínculos coa lusofonía.** (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Taibo Corsanego (BNG).* (Páx. 36.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos).* (Páx. 39.)

Réplica da autora: *Sra. Taibo Corsanego (BNG).* (Páx. 43.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos).* (Páx. 44.)



**Interpelación de D<sup>a</sup> María Monserrat Prado Cores e D<sup>a</sup> Iria Carreira Pazos, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os servizos sanitarios prestados polo Sergas con medios alleos e a transparencia na súa contratación. (Punto cuarto da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 46.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado)*. (Páx. 49.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 53.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado)*. (Páx. 54.)

**Interpelación de D. Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, sobre a planificación da creación de solo empresarial nesta lexislatura. (Punto cuarto da orde do día.)**

Intervención do autor: *Sr. Ojea Bouzo (M)*. (Páx. 57.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Economía e Industria (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 58.)

Réplica do autor: *Sr. Ojea Bouzo (M)*. (Páx. 61.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Economía e Industria (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 63.)

**Pregunta de D. Carlos López Font, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a eventual solicitude da convocatoria da Comisión Mixta de Transferencias realizada polo Goberno galego. (Punto sexto da orde do día.)**

Intervención do autor: *Sr. López Font (S)*. (Páx. 65.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 66.)

Réplica do autor: *Sr. López Font (S)*. (Páx. 67.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 67.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Paula Prado del Río e nove deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o incremento da criminalidade en Galicia no primeiro trimestre do ano, segundo os datos contabilizados polo Ministerio do Interior. (Punto sexto da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 68.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 69.)

Réplica da autora: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 70.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 71.)

**Pregunta de D. Julio García Comesaña e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as consecuencias que terá para Vigo e a súa comarca o peche do aeroporto de Peinador. (Punto sexto da orde do día.)**

Intervención do autor: *Sr. García Comesaña (P)*. (Páx. 73.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 73.)

Réplica do autor: *Sr. García Comesaña (P)*. (Páx. 74.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 75.)





**Pregunta de D. José Manuel Golpe Acuña e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as dúbidas respecto da consolidación do proxecto da empresa de pneumáticos Sentury Tire Spain, S. L. U. nas Pontes de García Rodríguez.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Golpe Acuña (BNG)*. (Páx. 76.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Economía e Industria (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 77.)

Réplica do autor: *Sr. Golpe Acuña (BNG)*. (Páx. 78.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Economía e Industria (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 79.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey e D. Carlos López Font, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a eventual solicitude da Xunta de Galicia ao Goberno central da finalización do proxecto de construción da vía peonil pola costa entre Marín e Pontevedra con alternativas que respecten a nova lexislación vixente.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 80.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allegue)*. (Páx. 81.)

Réplica da autora: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 82..)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allegue)*. (Páx. 83.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Raquel Arias Rodríguez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a inclusión de novas vacinas no Calendario de vacinación ao longo de toda a vida.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 84.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 85.)

Réplica da autora: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 86.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 87.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Rosana Pérez Fernández e D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación do Centro de Saúde de Ribeira no relativo á súa dotación de persoal médico.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 88.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 89.)

Réplica da autora: *Sra. Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 90.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 90.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> María Cristina Fernández Davila, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación da asistencia sanitaria nos centros de saúde e no PAC da comarca do Condado-A Paradanta.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Fernández Davila (BNG)*. (Páx. 91.)



Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 93.)

Réplica da autora: *Sra. Fernández Davila (BNG)*. (Páx. 94.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 95.)

*Remata a sesión ás dúas e trinta e tres minutos da tarde.*



Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Damos comezo á sesión.

En primeiro lugar, permítanme que saúde os alumnos dos ciclos de Administración e Finanzas do Centro de Formación Profesional Afundación, da Coruña. ¡Benvidos ao Parlamento e tamén os nosos invitados que hoxe nos acompañan na tribuna!

Comezamos xa co desenrolo do pleno co punto quinto, preguntas para resposta oral do presidente.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a perspectiva que ten o Goberno galego do papel que Galicia debe representar en Europa**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra o señor Gómez Besteiro.

**O señor GÓMEZ BESTEIRO:** Bos días.

Bos días, señor presidente.

Bos días e benvidos tamén todos os que nos acompañan hoxe nesta sesión plenaria.

Señor Rueda, hoxe a pregunta que lle formula o Partido Socialista nesta sesión de control é sobre cal considera vostede que é o papel que debe xogar Galicia en Europa.

Falamos desa Europa da que coñecemos pouco e da que, dende hai quince meses, dende que Ursula von der Leyen lle dera ese portazo a esa reunión, non volvemos saber nada. Porque nós consideramos —e eu dicíallelo a moitos compañeiros de fóra de Galicia— que vostede ademais debe acudir a Europa, e que vostede non vai facer o papel que facía o anterior presidente da Xunta. Eu dígolles sempre: *no es como Alberto*; este novo presidente vai defender os intereses de Galicia, vai ter unha presenza activa de Galicia en Europa.

Esa presenza é necesaria, porque cando non se está en Europa pérdese a capacidade de influír, e eu creo que é unha boa oportunidade. Por iso quero plantexarlle agora que aproveite dúas boas cuestións que lle formulamos honestamente o Partido Socialista:

Primeiro, o 19 e o 20 de xullo que vén vai haber o Comité das Rexións. Vostede é titular e non acudía a esas reunións, ou non teño coñecemento de que acudise, pero é unha boa oportunidade para que vaia vostede a Europa e faga pesar tamén a posición de Galicia en Europa, e aposte ademais por defender o bo que se está a facer de Europa durante estes últimos anos e os vindeiros anos, que temos que afrontar un proceso de facer unha Europa aínda máis forte da que é agora, máis unida e onde as comunidades autónomas, as rexións e o ámbito local teñen que ter un protagonismo importante. Acuda a ese Comité das Rexións, defenda



Galicia, e ademais pódeo facer en galego porque dende a época na que gobernaba o Partido Socialista e José Luis Rodríguez Zapatero como presidente do Goberno posibilitou a posibilidade de que no Comité das Rexións se falase o noso idioma. E aproveite tamén esa visita para convencer os membros do Parlamento Europeo de que aproben a posibilidade de que o galego se poida utilizar en sede parlamentaria en Europa.

Aposte por esas cuestións —e eu creo que non se vai arrepentir— e aproveite tamén esa reunión para poñer en valor, a diferenza doutras persoas do seu partido, a importancia que tiveron os fondos europeos de recuperación, que teñen e que terán no futuro inmediato para zonas como Galicia. Eses fondos de recuperación, que permiten facer moitísimos investimentos e apostas de futuro no noso país. Esas apostas que nos permitiron ademais ter, por exemplo, unha excepción ibérica, aquela que cualificaban vostedes de «timo ibérico», e que nos permitiu aforrar aos españois, aos galegos e ás galegas case setecentos euros na factura da enerxía eléctrica nos anos 2022 e 2023.

Apostar por eses fondos que chegaron ao agro en Galicia, apostar polos fondos tecnolóxicos que tamén chegaron a Galicia, recentemente os últimos PERTE de descarbonización, que favorecen a tres empresas radicadas aquí no noso territorio: Resonac, Ferroglóbe e Gestamp. Nese sentido, apostemos tamén por que eses fondos continúen e que poidamos aproveitar esa senda de modernización.

Vaia a Europa, defenda os intereses de Galicia, fágao con orgullo e aproveite tamén para defender a nosa lingua. O Partido Socialista vaino respaldar. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Saúdo tamén os invitados que están na tribuna e que hoxe nos acompañan nestas dúas preguntas.

Agradézolle ao señor Besteiro o seu ton correcto institucional; penso que é como ten que ser así. A súa preocupación pola miña axenda, ben, supoño que se a segue saberá que varios comisarios europeos estiveron aquí tamén en Galicia, varios altos cargos da Unión Europea, e acaban de darnos un premio, un recoñecemento. Son moi poucos os que se dan a Galicia como rexión emprendedora da Unión Europea. Polo tanto, temos unha presenza potente.

Acéptolle a súa recomendación e por suposto que a vou cumprir. Iso non quere dicir que descoidemos Europa. Por certo, eu se vou e dime que primeiro o tema da lingua, eu pensei que é un pouco como o da autopista: xa estaba conseguido e resulta que non hai nada conseguido. E agora dime que vaia eu alí a ver se son capaz de axudarlle ao señor Sánchez a



conseguir os compromisos que dixó que xa tiña tamén respecto do uso das nosas linguas cooficiais no Parlamento. Non se preocupe que tamén levo ese encargo.

Igual direi que, se hai que falar de fondos europeos —esa reclamación que non é só miña, é de moitas comunidades autónomas, que están dicindo o que é evidente—, se esgota o tempo de distribución dos fondos Next Generation, esa enorme oportunidade. Tamén direi que, ademais de non estar chegando como tiñan que estar chegando, por un mal deseño, a todo o tecido, sobre todo, ás pemes e aos autónomos, a maioría están sen distribuír.

Polo tanto, señor Besteiro, e vouno aproveitar, xa o fixemos, pero por agora sen éxito, pola oposición do Goberno de España ademais a que se force, se obrigue —non sei cal é a palabra— o noso Goberno a optar por outro sistema de distribución que acabe coa parálise de miles de millóns. Vostede falaba de empresas beneficiadas por eses fondos, e podían estalo moitísimas máis. Nótase que fala pouco con elas, porque esperaban moitísimo máis e non o están tendo, igual que en tantas empresas, porque non se están distribuindo dende esa decisión de retención e non distribución dos fondos europeos por parte do Goberno de España.

Pero claro que lle prestamos moita atención a Europa, con moita humildade. E isto non vai de «putos amos» nin nada, isto vai de pensar que nós somos unha rexión importante para Europa, e Europa é fundamental para todos nós. Europa é unha terra de oportunidades, foino sempre, e creo que Galicia soubo aproveitálas, esa converxencia. Eses números que había antes de que os fondos europeos empezaran a aplicarse en Europa e os que hai agora falan ben desa diferenza.

Dicía Goethe que Europa foi construída a partir do Camiño de Santiago, e tiña razón. A nosa alma, a nosa orixe en moitos casos e a nosa esencia explícanse dende o punto de vista de Europa.

Polo tanto, imos seguir apostando por esa libre circulación por Europa, por que se nos coñeza cada vez máis, por que ese récord de exportación que batemos ano tras ano, que ten moito que ver con mirar ao exterior, se siga producindo. En definitiva, con seguir aproveitando todas as oportunidades que ten Europa, a través do Comité das Rexións e a través doutras moitísimas canles de comunicación que temos á disposición. Vinte mil millóns de fondos europeos, e creo que ben aproveitados.

Ano tras ano, nos índices de execución dos fondos europeos, que nunca son sinxelos, Galicia aparece moi ben posicionada. E se comparamos os índices de execución dos Next Generation, os que nos transfiren, os poucos que nos transfiren, cos que está retendo o Goberno central, entón a diferenza é abrumadora.

Por tanto, imos aproveitar este novo período económico, este novo período de fondos estruturais, igual que aproveitamos o anterior; imos seguir reclamando que se liberalicen, que se dea a oportunidade nos fondos Next Generation, e imos seguir abordando cuestións fundamentais. Agora na réplica falaremos delas, pero hai temas que teñen que ver coa pesca, ese comisario de Pesca e Medio Ambiente, socio dos seus socios de bancada, que tanto nos está prexudicando; esa reforma da política agraria común. Antes de onte ía un informe ao



Consello da Xunta, que acredita que estamos facendo ben as cousas, pero necesitamos cambios de criterio, aí necesitamos ao Goberno.

En definitiva, señor Besteiro, Galicia confía moito en Europa, a Xunta de Galicia confía moito en Europa, orgullosamente galegos, orgullosamente españois e orgullosamente europeos, por moito que lles fastidie a algúns.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Réplica, señor Gómez Besteiro.

**O señor GÓMEZ BESTEIRO:** Ben, eu estou moi satisfeito de que lle encante Europa, pero para construír Europa hai que crer en Europa e traballar por Europa. Dígoo porque, efectivamente, ese recoñecemento explícito a esa tarefa de construción de Europa implica tamén un recoñecemento explícito á recuperación e aos fondos de recuperación que o Goberno de España conseguiu para España, e por tanto tamén para Galicia, nun contexto extraordinariamente difícil. Uns fondos que foron criticados polo seu partido, uns fondos que foron criticados e unha posición española que foi criticada polo seu partido fóra das nosas fronteiras.

En definitiva, nós o que queremos ademais é que esa nova Europa que se abre despois das eleccións europeas sexa unha Europa máis social e unha Europa máis federal, onde teñan máis peso, que poden telo, se realmente cremos niso, as comunidades autónomas e o mundo local tamén. Esa é a Europa pola que nosoutros apostamos e na que nosoutros cremos.

Eu aproveito esta sesión para ofrecerlle posicións de acordo en relación con Europa:

A primeira, en materia de transición enerxética, un grande acordo que nos permita abandonar esa situación de inacción en materia de enerxías renovables, que nos permita reformular a lexislación e non perder oportunidades. Unha aposta tamén por acelerar eses procesos de descarbonización, que nos leve efectivamente a aproveitar todas as oportunidades das enerxías limpas.

E, en segundo lugar, en materia de fondos europeos, efectivamente, mellorar a xestión deles, que, evidentemente, non é o que di, entre outras institucións, o Consello de Contas, de que efectivamente eses fondos están sendo executados con todo a corrección que se deba.

Ademais diso, creo que é bo que se replanteen as cuestións relacionadas cos proxectos estratéxicos do noso país. Se nacen con acordo, a súa xestión será moitísimo máis axeitada, e por tanto haberá compromisos de país e unanimidade sobre eses proxectos. Poñelos enriba da mesa, non agochalos e sacalos despois.

En terceiro lugar, como se falaba hai un momento do mundo da pesca, acordar posicións, para poder influír todos máis nese mundo europeo, onde efectivamente se move a compe-



tencia tamén entre os países da propia Unión Europea, pero pesando e influíndo máis e estando presentes en Europa, señor presidente.

Fagamos unha aposta polo recoñecemento do galego, sen ningún xénero de dúbida, no Parlamento Europeo, pero tamén nas Cortes Xerais. Non nos escudemos, non fagamos unha política de fuxida nesa materia; esteamos orgullosos do noso idioma e defendámolo publicamente, á marxe do que poidan dicir outros partidos ou o seu partido no ámbito nacional. Escape desa posición frontista que ofrece o Partido Popular en España, e polo tanto traballe de común acordo cos que estamos aquí, os que traballamos por Galicia.

E, finalmente, escapemos de facer colaboración con forzas reaccionarias, como é a Italia de Meloni ou posicións de ultradereita, que o seu partido e Alberto Núñez Feijóo están defendendo hoxe en Europa. Iso é o fin de Europa. E debemos traballar por Europa e non contra Europa, señor presidente. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Peche da pregunta, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela):** Señor Besteiro, que conste que non pensaba dicirlle nada, pero se me fala de posicións radicais, vostedes teñen uns socios, e o outro día estivo o señor Zelenski en Madrid e non foron capaces nin de aplaudirlle nin de recoñecerlle nin de presentarlle o mínimo respecto, señor Besteiro. *(Aplausos.)* Polo tanto... E temos sentados aí ao lado, non hai que ir a Italia, nin á señora Meloni nin a ninguén, temos moito máis cerca. Polo tanto, se falamos de plantexamentos radicais, dunha Europa unida fronte a posicións non democráticas que derivan nunha guerra nada máis e nada menos, vostede ten aí os grandes apoiadores da posición contraria á que está sostendo Europa. E, polo tanto, isto hai que telo en conta tamén.

Igual que algunhas verdades. Oia: é certo que España recibiu moitos fondos europeos, igual que todos os países, ¡eh! Supoño que non sería mérito do señor Sánchez que os outros países tamén recibisen fondos. ¿España recibiu máis? Probablemente porque era dos países que peor estaba. Agora, de pouco serve recibir moitos cartos se despois non se distribúen, señor Besteiro. E vólvolle insistir en que hai moitísimos proxectos.

Vostede dime que temos que pisar o acelerador en Europa para todo o que ten que ver coa transición enerxética. Xa nos gustaría. Temos unha plataforma experimental *offshore* paralizada polo seu Goberno, polo mesmo Goberno que nunha dirección xeral nos dá unha subvención e noutra dirección xeral dinos que non podemos poñer esa plataforma subvencionada. Oia: era para avanzar na transición enerxética.

O outro día reuníame coa presidenta de Redeia, unha exministra socialista, nunha reunión ademais que eu creo que foi moi construtiva, pero, claro, dicíame que todo o tema das interconexións eléctricas desas novas empresas que necesitan transición enerxética e enerxía verde está moi complicado, aquí e en todas as partes. Recoñecía que as cousas se podían ter feito moitísimo mellor.



Hai un montón de proxectos, baseados en enerxías renovables, que están esperando eses PERTE, moitos sen convocar, e vólvollelo insistir. É que vostedes falan dese maná dos fondos Next Generation, que teñen sen distribuír, que teñen metidos nun caixón. Polo tanto, non hai ningún maná se non son capaces de sementalo e de que se recollan os froitos.

Polo tanto, se corriximos todas esas cousas, claro que Europea —insisto— é unha enorme oportunidade. Mire: ás veces hai que poñer exemplos concretos para que a xente entenda a transcendencia de Europa, e moito máis agora mesmo que estamos en campaña electoral europea. Un exemplo moi concreto: as oportunidades que temos agora, o que sempre foi un inconveniente para Galicia, esa posición xeográfica no córner de Europa, agora é unha enorme vantaxe para este novo mundo de novas enerxías, para os transportes marítimos, para ser unha porta de Europa. Para todo iso necesitamos a colaboración e o interese dende Europa, e movernos, jeh! Nós fixemos a nosa parte, hai que estar interconectados. As novas comunicacións, as comunicacións por ferrocarril, todo o mundo coincide en que son o futuro, tamén falando de descarbonización. Díciolle que fixemos a nosa parte, con reunións coas comunidades autónomas de todas as cores políticas: Asturias, Castela e León, País Vasco e Cantabria. Aglutinamos a sociedade civil.

Non nos gusta para nada esa decisión da Unión Europea —tampouco nos ten por que gustar todo, o que hai que facer é reaccionar— que di que as redes de comunicación fundamentais para Galicia —e penso que tamén para España— quedan adiadas ao ano 2040. Imos opoñernos. O outro día sabe que estiven co ministro portugués de Infraestruturas e deixou clarísima a posición de Portugal —moi beneficiosa para Galicia— de facer o AVE que estrutura Portugal e conecta con Galicia no ano 2032, como moi tarde. Espero que vostedes fagan tamén a súa parte de sesenta quilómetros para chegar a tempo. E iso tamén depende dos fondos europeos, e terá todo o apoio, pola conta que nos trae, da Xunta de Galicia.

Imos presentar en pouco tempo un manifesto, xunto a coa Comunidade de Traballo do Norte de Portugal, a CCNR-N, conxunto en defensa de que Galicia e Portugal, Norte de Portugal e Galicia, teñan un ferrocarril do século XXI, un transporte do século XXI. Agora son eu o que lle tendo a man para que nos bote unha man en todo iso, faga forza xunto con nós, primeiro, diante do Goberno central, porque hai moitas cousas que non podemos facer diante de Europa as comunidade autónomas —xa me gustaría— e co noso Goberno central, co Goberno de España, que tamén é o Goberno de Galicia, forza en Europa. Aí demostrárase que Europa vale para moitas cousas. E os cidadáns aproveitarán e verán de verdade todas as oportunidades que podemos tirar, as que xa tiramos e as que podemos aproveitar no día de hoxe.

Para iso ten a man tendida do Goberno da Xunta de Galicia, e espero deste Partido Socialista responsable, que entende Europa como hai que entendela, dun xeito democrático —non como os seus socios—, que traballe cóbado con cóbado coa Xunta de Galicia, aínda que teña que ser en contra do Goberno central, que espero que non.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.





**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns do Goberno galego para admitir a colocación no corazón de Galicia dunha macroinstalación de produción de celulosa**

**O señor PRESIDENTE:** Pregunta de dona Ana Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moi bo día, señorías.

Señor Rueda, este pasado domingo houbo dúas manifestacións. Unha foi en Palas de Rei. (A señora Pontón Mondelo amósalle á Cámara unha fotografía.) Foi unha mobilización multitudinaria contra a bomba ambiental de Altri. Foi unha marea de dignidade para dicirlles alto e claro que «Galiza non se vende» e que as súas vidas teñen que estar por diante dos intereses de calquera multinacional. (Aplausos.) A outra foi en Madrid. (A señora Pontón Mondelo amósalle á Cámara outra fotografía.) E fíxese que casualidade: aquí estaba vostede facendo de palmeiro do Partido Popular máis ultra. Dime con quen te manifestas e direiche que intereses defendes. (Aplausos.)

E quero pedirlle que deixe de facer de comercial de Altri, porque é que dá vergoña allea ver o presidente de Galiza facendo de comercial dunha multinacional portuguesa que quere coarnos unha macrocelulosa contaminante. Un proxecto sobre o que mentiron, enganaron e ocultaron. E agora sabemos por que. Porque representa un golpe para toda a comarca de Arzúa-A Ulloa, que é a segunda denominación de orixe máis produtiva de todo o Estado. Supón quitarlle á xente do rural o seu medio de vida. Supón converter o noso monte nun polvorín con máis eucalipto. E supón tamén contaminar o río Ulla, que desemboca na ría de Arousa, da que dependen directamente catro mil familias do noso país.

E quero citarlle un documento oficial (A señora Pontón Mondelo amósalle á Cámara un documento.): *Autorización ambiental integrada*, páxina 77, «Calidade esperada do vertido: 27 graos», ¡27 graos no río Ulla! Non fai falta ser moi listos, señor Rueda, para saber o que significa iso. Non imos permitir que nos coen como industrialización o que é unha bomba ambiental descomunal, e por riba subvencionada con 250 millóns de euros. Ese é o seu gran proxecto, señor Rueda: darlle 250 millóns de euros a unha multinacional portuguesa para que poña aquí a celulosa que non queren en Portugal. (Aplausos.)

¿Sabe todo o que se podería facer con eses 250 millóns de euros? Dígollo eu: poderíase rexenerar a ría de Arousa, poderíase recuperar o río Ulla, poderíase revitalizar o medio rural e poderíanse apoiar as pemes e as empresas deste país que están xerando riqueza.

Señor Rueda, vaia menos de excursión a Madrid e vaia máis a Palas, a Santiso, a Melide, a Arzúa ou a Vilagarcía, e pregúntelles á xente do rural e á xente do mar que opinan dese proxecto da macrocelulosa contaminante.

Eu xa non lle digo que escoite o BNG, pero polo menos teñan a humildade de escoitar o que lles dixeron miles de galegos e galegas este pasado domingo, que lles dixeron: «Altri non,



porque do río Ulla á ría todo é auga e aire, que son vida». Non converta esa vida en destrución. Rectifique, señor Rueda. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, vostede fala de fotos porque como con Bildu ten moito coidado con que non lle fagan ningunha foto, pero está na papeleta, ¡eh! Non engana a ninguén. Bueno, si, agora si, porque aínda estamos noutra campaña e intentará seguir disimulando. Pero está na papeleta, co cal teña moito coidado cando fala de fotos e fala de coherencias.

E falando de coherencia, mire: a demagogia normalmente sempre acompaña á incoherencia, van xuntas, e neste caso non podía ser menos.

Os datos que vostede utiliza e manipula están todos nesa documentación que van avaliar os técnicos. Pero se quere falar de documentos oficiais aquí teño unha carta do Concello de Ribadeo, BNG, a pasteira que si que lle gusta ao BNG. Carta dun alcalde do BNG, hai non demasiado tempo, cando xa se coñecían todos os datos: «Somos coñecedores de que se abre unha oportunidade a través dunha iniciativa intelixente, cuxo fío condutor é facer o circuíto completo e de valor desta gran masa forestal que temos nesta comarca». Con estas palabras ofrecía o seu concello para acoller a fábrica de Altri o exalcalde do BNG, señora Pontón. (*Aplausos.*)

Pero seguimos falando de coherencia *versus* demagogia:

Proposición non de lei neste Parlamento de Galicia, voto a favor do BNG: «O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a dar prioridade ao proceso de deseño da primeira fábrica de fibras téxtiles de España, por ser unha grande aposta tanto dende o punto de vista económico e laboral como dende o punto de vista estratéxico». Con todos os datos, os mesmos que se coñecen no día de hoxe. (*Aplausos.*)

Unha das grandes mentiras nesta torna de opinións do BNG ultimamente: «Non, é que non sabemos que ía celulosa». Votación en comisión, de hai menos dun ano, por iniciativa do Grupo Socialista, para manifestar o apoio decidido á primeira fábrica de produción integrada de polpa soluble, é dicir, celulosas e *lyocell*. O BNG non se opuxo, señora Pontón. Por tanto, ¿de que estamos falando? (*Aplausos.*)

Cabe a posibilidade de que vostede aprobe as cousas sen ler o que está aprobando, sen sabelo, ou que as aprobe e diga: ¡que máis dá! Se teño que cambiar de opinión, cambio de opinión. Se está moi de moda. Ten ao seu lado hai xente que o sabe facer. Se é así, non hai nada máis que falar. E iso explicaría moitas cousas, por que levan vostedes tantos anos na oposición, porque os galegos observan a falta de coherencia e ás veces a falta de valentía para manter posicións. Pero voulle dar o beneficio da dúbida, porque, se non, resúltame especialmente difícil responder a esta pregunta e outras que me fai.



¿E que pasou entón? O que pasou foi o que pasa sempre con vostedes. Pero se xa pasou nas eleccións autonómicas, se nos estaba negando que había autodeterminación, monolingüismo..., e tíñano no programa electoral. Pasou o que pasou. Pois agora ao que dicía con Bildu: ocultan que son socios, van na papeleta. Hai que falar destas cousas porque tamén son a coherencia tamén para a postura sobre Altri. O que vote en Galicia a candidatura do BNG, primeiro, vota un candidato de Bildu, despois vota un candidato de Esquerra e, se lle dá tempo e chegan os votos, vota un candidato do BNG. (Aplausos.)

Contounos non sei cantas veces que o da AP-9 xa estaba feito, e agora pídenos unha reunión, porque hai que empezar a facelo todo, porque non hai nada feito. Esa é a coherencia, esa é demagogia, ese cambiar de opinión segundo conveña.

¿E sabe o que pasou, señora Pontón?, ¿Sabe a diferenza entre o apoio incondicional e entusiasta do BNG antes das eleccións a Altri e a oposición furibunda e contextualización de datos que están facendo agora? ¿Sabe cal é a diferenza despois das autonómicas? Pois precisamente: as eleccións autonómicas, señora Pontón.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela):** Polo tanto, unha vez máis, queda ao descuberto a súa dobre vara de medir, a súa dobre postura e a súa falta de rigor.

Pero con isto, no fondo agradecemosllo, porque coñecemos un pouco máis o BNG e, sobre todo, coñecémola cada vez mellor a vostede.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Réplica, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Señor Rueda, eu preguntolle por Altri, e vostede respóndeme: Bildu. Eu preguntolle por que quere poñer unha bomba ambiental no corazón deste país, e vostede respóndeme: Esquerra Republicana de Cataluña. «Rueda, o Escapista», ese é o seu nome, señor Rueda. (Aplausos.) Non é capaz de defender nin os seus proxectos.

Eu, en todo caso, recoñézolle que hai que ter valor para, sendo o Partido Popular e falando de Altri, vir aquí falar de mentiras. E eu alégrome moito de que lera esa resolución, porque, efectivamente, o que dixeron neste Parlamento, o que lle dixeron ao conxunto da sociedade galega, é que aquí ía haber unha fábrica de fibras téxtiles de economía circular, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) de economía circular. ¿E sabe que cambiou entre esa resolución e hoxe? Pois que o 20 de febreiro de 2024, despois das eleccións, señor Rueda, coñecemos o proxecto e as grandes mentiras de ocultación do Partido Popular acerca deste tema. (Aplausos.)

¿E saben cal é a primeira gran mentira? É que isto era unha fábrica de fibras téxtiles. É que non teñen nin socio tecnolóxico para o *lyocell*. O que é é unha macrocelulosa contaminante



coa que vostedes están poñendo en risco o medio de vida de miles de persoas neste país, que llelo dixeron alto e claro o pasado domingo. Porque o domingo en Palas estaba a sociedade toda desa comarca (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) dicíndolles que estaban absolutamente en contra dese proxecto contaminante.

¿E sabe cal é a segunda mentira que nos contaron? A segunda mentira é o emprego. Vostedes falaban ao inicio deste proxecto de que ía xerar dous mil cincocentos empregos directos esa fábrica. Agora cando coñecemos a documentación, nos papeis, no mellor dos casos foi cincocentos. E vostede, que está facendo de comercial de Altri, está presionando para que lle dean 250 millóns de euros a esta empresa. ¿Sabe a canto sae cada posto de traballo? Medio millón de euros. É que así calquera é empresario. (*Aplausos.*) ¡Quen lles dera aos empresarios deste país que vostede os defendese así, señor Rueda!

Señor Rueda, abrace menos as multinacionais e abrace un pouco máis as pemes e os autónomos e autónomas deste país. Porque vostede pretende darlle a Altri nun só ano catro veces máis que aos douscentos mil autónomos e autónomas de Galiza.

Señor Rueda, de verdade, é bochornoso o seu papel como comercial de Altri. É bochornoso que en vez de vir aquí e dicirnos que é o que vai facer despois desa multitudinaria manifestación, o único que veña aquí é en modo escapista. ¿E sabe que delata iso? É que este proxecto é indefendible.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Señor Rueda, por favor, rectifique. Non lle pido xa que escoite o BNG, porque sabemos cal é a súa soberbia. Pero polo menos teña un pouquiño de humildade e escoite o que lle dixeron miles de persoas neste país: que as súas vidas están antes que os intereses desa multinacional, que, por certo, vai de ganchete e de socio de Greenalia, onde —joh, casualidade!— temos a exconselleira de Medio Ambiente querendo colocar unha bomba ambiental no corazón deste país. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Para iso valen as portas xiratorias do Partido Popular.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Peche da pregunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Besteiro, aquí xogo con desvantaxe... Perdón, quero dicir señora Pontón. (*Risos.*) Xa está, se quere vólome confundir e volvemos facer a broma. ¿Falamos en serio? ¿Podo xa? Moi ben, moitas grazas. Espero que non me conte o tempo, señor presidente.



Dicía que o mellor de todo isto é que mo teño que tomar a broma. Vostede está tan entrenada en terxiversar demagoxicamente os datos cando fala, por exemplo, de Sanidade que, claro, chega aquí e sáelle bordado, señora Pontón. Sáelle bordado manipular os datos.

Recoñeceu unha cousa moi importante; recoñeceu que agora coñece os datos que xa estaban o día que vostede votou a favor de Altri e dicía que tiña que estar. *(Aplausos.)* Si, señora Pontón, si. Polo tanto, iso seguro que non llo conta a xente que está arriba. Vostede votou a favor. Agora, polo tanto, eu ¿a quen creo? ¿A quen ten que crer este grupo parlamentario e este Goberno? ¿A quen ten que crer a sociedade galega? ¿O BNG de hai tres meses? Di que non lle faga caso ao BNG; é do que me está falando agora. Ata hai tres meses, ata que foron as eleccións, entusiasticamente dicía que si. Os seus alcaldes dicían que era unha oportunidade histórica; ¡enfadábanse porque se ía a outros territorios! ¿A quen temos que crer?

Vostede dime que lle falo doutras cousas. ¡Para demostrar a súa incoherencia! Vostede fálame dunha manifestación en Madrid —para defender, por certo, a igualdade de Galicia fronte a outros territorios— e dime que eu non lle podo falar da súa posición con Bildu. Aquí hai que falar de todo, e falando de todo despois as cousas conseguimos que se vexan claras e non repetimos erros do pasado. «Quen non coñece a historia está condenado a repetila». E xa coñecemos a historia do BNG. Aquí pasamos da «navallada no corazón de Galicia» da AP-9 que dicía o BNG a unha «cuestión de país», como me escribía vostede nunha carta que me mandou hai unhas semanas, señora Pontón. Pasamos da «bomba ambiental» —o mesmo que están dicindo agora mesmo sobre este novo proxecto— que era Alcoa a dicir que hai que intervila e nacionalizada porque se ten que quedar a toda costa onde está, señora Pontón. Sempre fan exactamente igual e, polo tanto, é moi difícil crelos.

Eu tampouco lle pido que me crea a mi. Non convertamos isto —como vostedes pretenden dende o principio, dende que perderon as eleccións e necesitaban unha bandeira, señora Pontón— nunha cuestión política, de facer a demagoxia que sempre fan. Imos escoitar os técnicos, eses técnicos que vostede defende tanto, que defende a función pública e despois está demonizando e dicindo que, digan o que digan nunha análise obxectiva, o que ten razón é o BNG e os seus intereses políticos, señora Pontón. *(Aplausos.)*

Vostede fala cunha alegría de datos físico-químicos, de todo tipo de ocupacións de parcelas... Eu non me atrevería a iso en ningún caso. Eu non son técnico, pero para iso teño técnicos nos que confío, señora Pontón, digan o que digan. Non, non, vostede xa sei que analizou. Sabe de todo, pero se leva 25 anos demostrándonos que sabe de todo, señora Pontón; dende a oposición, iso si. Pero dende o Goberno hai que ter un pouquiño máis de responsabilidade.

Polo tanto, eu volvo mandar esa mensaxe de tranquilidade a todos os galegos. A Xunta de Galicia xamais, endexamais autorizará nada que non cumpra escrupulosamente con todos os criterios. *(Aplausos.)* ¡Con todos os criterios! Agora, a Xunta de Galicia tamén endexamais permitirá que o futuro industrial de Galicia, o futuro das súas familias, o futuro da xente que quere emprego de calidade aquí o intente decidir, como sempre quere e nunca consegue, o BNG e as súas asociacións satélite. Iso nunca o imos permitir. ¡Nunca o imos permitir! *(Aplausos.)*



E, polo tanto, a inmensa maioría dos galegos que volveron demostrar onde queren a cada un hai tres meses saben que o noso lado é o lado do emprego, o lado da responsabilidade, o lado do rigor e o lado de non deixar escapar oportunidades; nin esta nin calquera...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela):** ...que cumpra escrupulosamente e asegure o futuro de Galicia. A xente escolleunos para iso. A vostedes púxoos na oposición precisamente porque sempre fan o mesmo. Exerceremos as nosas responsabilidades e non lle fallaremos a Galicia. Iso tamén o podo garantir.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Imos continuar coa orde do día, proposicións. Imos coa do grupo parlamentario dos socialistas de Galicia, por iniciativa de Patricia Iglesias.

Silencio, por favor.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Iglesias Rey e D<sup>a</sup> Lara Méndez López, sobre a normativa que debe impulsar a Xunta de Galicia e as reclamacións que debe dirixir ao Goberno central co obxecto de conseguir un desenvolvemento da enerxía eólica en Galicia que respecte a integración medioambiental**

**O señor PRESIDENTE:** Presentáronse unha autoemenda e unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Iglesias Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento do Parlamento, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición 1.*

*Débase engadir o seguinte parágrafo na letra a) do punto 1, que quedará redactado co seguinte contido:*

*«Aprobar un novo Plan sectorial eólico galego cunha delimitación de áreas de desenvolvemento eólico, que se adapte ás novas esixencias da normativa medioambiental vixente.»*

*Emenda de adición 2.*

*Débase engadir ao final do punto 2 o seguinte contido:*

*«...en consonancia coa nova Directiva sobre a promoción de enerxía procedente de fontes renovables.»*)



*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Xosé Manuel Golpe Acuña, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*Débase substituír o punto 2 da parte resolutiva polo seguinte texto:*

*«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a que se dirixa ao Goberno do Estado e lle solicite:*

*a) Reformar a lei do sector eléctrico para que Galiza poida decidir sobre as instalacións enerxéticas de máis de 50Mw.*

*b) A transferencia das competencias en materia enerxética (planificación, ordenación, redes de transporte e distribución, xestión oferta/demanda, impulso modelo descentralizado e de proximidade) e compromiso do Estado para que sexa preceptivo o acordo coas comunidades autónomas nos plans de ámbito estatal.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición ten a palabra a señora Patricia Iglesias.

**A señora IGLESIAS REY:** Moitas grazas, presidente.

Bos días a todos os deputados e deputadas.

A transición enerxética hoxe non é unha opción; é unha obrigaón. Hoxe xa non é cuestionable o cambio climático e, ademais, é unha realidade que supón unha ameaza para a humanidade contra a que temos que loitar de forma colectiva e tamén de xeito individual.

Temos tamén que poñer eses efectos socioeconómicos que vai ter a transición enerxética sobre o noso territorio e medir ese impacto. Son necesarios e fundamentais medida e equilibrio; e repito: medida e equilibrio, que son necesarios nos tempos que vivimos, onde están as posturas moi polarizadas en «si» ou «non». Unha información que se constitúe moitas veces a base de golpes de *twist* de negro ou branco; e mira que hai unha gama importante de grises na que estou segura de que se van sentir identificados moitos galegos e galegas. E cuestión de tempo, miudiño.

Eu sei que tamén hai que demandar a este Goberno transparencia, porque sempre está na opacidade. Evidentemente, pode ser que o proxecto de Altri vaia ser un monstro con pés de barro, como foron outros proxectos —e recordo peme ou a Mina de Corcoesto— infrutuosos, onde faltou transparencia e houbo opacidade do Goberno de Galicia.

Para os socialistas galegos, a enerxía verde é o noso punto de partida. Un modelo que queremos que sexa respectuoso co medio, cos hábitats, co ecosistema, coa flora, coa fauna, coa comunidade e coas zonas onde se asentán os parques eólicos. Claro que é o que queremos. Ademais, é un momento importante, clave na transición enerxética. Non podemos perder o tren. É prioritario, temos unha oportunidade coa chegada dos fondos Next Generation para



facilitar esta transición enerxética. Máis de mil quiñentos millóns de euros chegaron a Galicia transferidos polo Goberno de España, nunha porcentaxe do 92 por cento deses fondos transferidos. Datos nos PERTE: 253 millóns de euros de 54 proxectos e 74 empresas beneficiarias.

E digo eu que non entendo ese grao de execución que ten o Goberno de Galicia dos fondos Next por debaixo do cincuenta por cento. Iso si, piden a xestión dos PERTE. Eu non sei como os van xestionar nese caos de xestión dos fondos comunitarios que ten o Goberno galego. Despois temos a Feijóo, que quere acercarse a Meloni e, evidentemente, di que os fondos Next Generation o único bo que fixeron é que endebedaron Europa.

Dito isto, é preciso e necesario que a implantación da enerxía eólica sexa unha prioridade absoluta para o Goberno galego. E non o está a ser. Non sei que vai pasar con esa fragmentación da estrutura orgánica do Goberno galego, coas autorizacións de parques eólicos e a declaración de impacto ambiental. Pasan á Consellería de Medio Ambiente, pero a planificación da enerxía eólica queda na Consellería de Economía e Industria. Absolutamente un caos de xestión que o que supoño que queren é pasar a pataca quente de mans para, evidentemente, solucionar este gran problema que é a enerxía eólica en Galicia.

Señorías, o primeiro peldaño que hai que facer no tema da enerxía eólica é planificar e ordenar as áreas de desenvolvemento eólico. ¿Por que? Porque se teñen que adaptar ás novas exigencias medioambientais nunha lei, a de 2009, que está desfasada. Está desfasada. Evidentemente, para os socialistas tamén é tan crítico ou podemos criticar un desenvolvemento indiscriminado da enerxía eólica no noso territorio, como está a facer o Goberno do PP na Xunta de Galicia, como tamén situarse sempre no absoluto negacionismo da palabra «non».

O Goberno galego non ten un modelo de desenvolvemento da enerxía eólica en Galicia. Hai un caos de xestión absoluto que amosa un fracaso deste Goberno. E, evidentemente, hai que facer un pouquiño o recordatorio de *aquellos polvos, estos lodos*. Evidentemente, cando chegou Feijóo ao Goberno do 2009 paralizou o concurso do Bipartito por motivos estritamente partidistas, non pensando nos intereses dos galegos. Por certo, concurso do Bipartito que logo se declarou legal polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. É máis, non só se deixaron 2.325 megawatts fóra do mercado eléctrico por intereses partidistas, senón que os galegos e as galegas tivemos que pagar as responsabilidades patrimoniais da demanda dos promotores e os proxectos que se suspenderon, preitos —que ben sei como foron— indefendibles. Esa é a falta de «ambición eólica» por parte do Goberno galego, que segue arrastrando os pés pola falta de modelo de enerxía eólica.

Evidentemente, a Lei do 2009, que se ditou xa cando Feijóo entrou no Goberno, non abordou un tema que é absolutamente prioritario e que está debaixo do caixón do Goberno da Xunta de Galicia, como é a ampliación da Rede Natura. A ampliación da Rede Natura, que precisamente estanse a autorizar parques nesas ampliacións de Rede Natura en zonas tamén protexidas polas novas exigencias medioambientais da Directiva de hábitats e de ecosistemas, que non se están a ter en conta. De feito, a ampliación da Rede Natura que se fixo foi a instancias do Goberno de España, do Miteco. A zona de ampliación da cepa no noso litoral, ese do que tan orgulloso está agora o Goberno galego de ter as competencias.





A este recordatorio temos que sumar que o Plan sectorial eólico de Galicia é do ano 1997. Xa choveu desde entón para non facer un novo plan que mapee e zonifique as áreas de desenvolvemento eólico en consonancia con eses novos requisitos medioambientais.

Por tanto, isto non é serio, señorías. Merece facer política en maiúsculas. Os socialistas somos a garantía de que a eólica beneficiará os galegos e as galegas e que non quedará en mans dos oligopolios enerxéticos nin polo aire, na man do BNG. Tendemos a man, ofrecemos un pacto polas enerxías renovables. É necesario, é prioritario, é urxente tamén para que se asenten as empresas e as industrias sustentables no noso territorio. Imprescindible o desenvolvemento da enerxía renovable, nomeadamente a eólica, para que as industrias veñan tamén a Galicia.

Por outra banda, se queremos tamén ter unha transición ecolóxica xusta é preciso contar coa cidadanía; é dicir, introducir criterios e condicións sociais para autorizar os parques eólicos. Imprescindibles modelos de condicións sociais e participación pública neses proxectos que, por certo, estaban no concurso do Bipartito e tamén na Lei do sector eólico de 2009 e despois quitáronse eses proxectos industriais e condicións adicionais sociais para transformarlas en autorizacións reguladas.

Por tanto, por parte do PSdeG temos unha ambición renovable e ofrecemos ese pacto de industria, que se converterá en algo prioritario para os socialistas galegos durante estes catro anos na oposición. Evidentemente, exiximos tamén esa zonificación e planificación acorde coa directiva nova de renovables que hai que traspoñer e que xa exige un mapeo equilibrado das zonas dos estados membros sobre o que, evidentemente, nos temos que poñer de acordo. Deberes que xa fixo o Ministerio de Transición Ecolóxica, que ten clasificadas e zonificadas a zonas sensibles medioambientalmente onde non se pode desenvolver parques eólicos e as que son menos sensibles para poder asentarse os parques eólicos. Deberes que non foron feitos por parte do Goberno galego. Non só por parte do Mineco; outras comunidades autónomas que agora xa nos adiantan en desenvolvemento da enerxía eólica —como Aragón e Castela e León— adoptaron esa zonificación feita polo Ministerio na súa lexislación.

Evidentemente, polo que expoño hai unha grande inseguridade xurídica. Hai autos de suspensión cautelar e despois din que todo é culpa do Tribunal Superior de Xustiza, que paraliza todos os parques eólicos. Evidentemente, ¿por que non van paralizar os parques eólicos? Por motivos estritamente medioambientais; porque non están adaptadas a esa nova lexislación medioambiental.

Por tanto, o demais é botar balóns fóra, non asumir responsabilidade política. E, ademais, din un dato máis: moitos dos autos de suspensión cautelar o que din evidentemente é que o Ministerio de Transición Ecolóxica ten clasificadas zonas de desenvolvemento eólico...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora IGLESIAS REY:** ...e por iso suspende eses parques eólicos, porque están instalados nesas zonas que o Miteco di que teñen sensibilidade ambiental. ¿Por que o señor Rueda non adopta esa zonificación e fai o mesmo en Galicia?



Diría máis —son optimista tamén—, é un bo momento para parar, reflexionar e planificar, porque son autos cautelares, de medidas cautelares. Por tanto, non poñamos a venda antes que a ferida, porque ao mellor nos atopamos con indemnizacións millonarias, como as do concurso eólico do Bipartito —o parque eólico de Sasdónigas ou o parque eólico do Oribio—, onde se demandan 40 millóns de euros por lucro cesante e dano emerxente.

Nada máis, señorías. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Golpe.

**O señor GOLPE ACUÑA:** Señor presidente, señorías, bo día a todas e todos.

Señora Iglesias, se recollésemos a exposición de motivos da súa iniciativa, podíamola comprar sen fallo ningún, pero entendemos que non recolle fielmente a singularidade galega. De feito, esta mesma iniciativa podería ser válida para calquera outro sitio do Estado español. Non recollen vostedes na súa iniciativa os efectos do *boom* de parques eólicos que estamos a vivir na súa terra nos últimos tempos. Un *boom* favorecido polos cambios lexislativos e polas novas normas no marco regulatorio estatal, que vostedes propoñen reformar agora novamente a través desta iniciativa. Políticas de fomento das renovables da chamada «transición verde» e dunha moi malamente entendida «transición enerxética». Podo poñer por exemplo o Real decreto lei 6/2022, modificado en ata trece ocasións, ou o Real decreto lei 20/2022. Un conxunto de normativa que só fai que as empresas promotoras teñan meirandes facilidades á hora de instalar proxectos, chegando incluso a permitirse en zonas de protección ambiental. Vostede propoñía agora modificar a Rede Natura e ampliála, cousa coa que concordamos fielmente, pero este Real decreto 20/2022 permite a instalación de parques eólicos en zonas con protección ou en zonas próximas a esta.

Outro dos efectos que se persegue con esta normativa é limitar ou reducir os tempos de exposición pública, secuestrando o dereito da cidadanía á información é ao recurso. Semella que queren vostedes agora ao facer unha *joint venture* co Partido Popular. (*Aplausos.*)

Miren que dende o Goberno da Xunta levan once anos de mudanzas normativas, dende a Lei 8/2009, a 5/2017, a 9/2021... Toda esta serie de leis de depredación que afondan neste marco legal abusivo, que favorece as empresas promotoras pasando por riba dos intereses das comunidades locais e da veciñanza. Como é o caso do Plan sectorial eólico, que vostede citou aquí, do ano 1997 que, a pesar das reformas que se lle foron introducindo no ano 2002 e no 2003, fica obsoleto no tempo e asolagado polo cambio tecnolóxico na industria eólica, polo incremento do tamaño dos xeradores e polas mudanzas en relación coa protección do medio e do territorio, que deben ser consecuentes con estas novas condicións tecnolóxicas.

Temos, logo, un caldo de cultivo que leva consigo unha serie de eivas que cómpre aclarar —ás que vostedes non fan referencia, nin sequera na súa alusión aquí en tribuna— e que deberían ser observadas nunha modificación lexislativa. A primeira é a tramitación. A tramitación lévase a cabo cunha total e absoluta falta de transparencia, incluso tendo que mer-



car aplicacións de pago para poder ler documentos que se colgan na páxina web; se non, acuda á páxina da Xunta e verá que teño razón. *(Aplausos.)*

Favorece isto o grande oligopolio enerxético, fronte aos dereitos das comunidades locais afectadas. E ten guasa que veña vostede falar de temas de respecto ambiental cando están promovendo un fraccionamento ilegal dun parque eólico na mesma serra onde se fai a rapa das bestas de Sabucedo. ¡Ten guasa! *(Aplausos.)*

Supón un ataque á autonomía municipal e á capacidade dos concellos para planificar e ordenar os usos do territorio e o desenvolvemento económico. É unha pena que marchase o presidente da Xunta, porque el aludíanos ás incoherencias e contradicións dos alcaldes do BNG con respecto á posición de Altri. Pois eu quería recordarlle dúas alcaldías, a de Cerdedo-Cotobade ou a da Pastoriza, das que o seu alcalde dixo que entrara en política para paralizar os proxectos eólicos que ameazaban o seu concello. *(Aplausos.)*

Algo que parece absolutamente grave é que, no tocante á avaliación ambiental, tanto o plan sectorial no seu conxunto como os parques que comparten localización e infraestruturas de evacuación deberían ser obxecto das conseguíntes avaliacións de impacto ambiental pola aplicación do principio de precaución; e para estudar e avaliar os efectos acumulativos destas infraestruturas, que nunha avaliación individualizada non se teñen en conta.

Piden vostedes na parte resolutiva incrementar a implantación da enerxía eólica, entendo que observan certa parálise. Si que hai certa parálise, iso vémolos todos. Unha parálise provocada polos bandazos do Partido Popular na Xunta: anulación do concurso do Bipartito, incapacidade de resolver o concurso de 2010 —aínda hai proxectos por aí que están coleando—, inseguridade xurídica creada polas modificacións continuas e aprobadas para o lobby eléctrico, a moratoria... En fin, non levamos tres anos de parálise; ¡levamos catorce anos de parálise sectorial! *(Aplausos.)* Isto é unha irresponsabilidade de quen goberna. Vostede si facía mención aos recursos aos que imos que ter que facer fronte todas as galegas e galegos, como o caso da empresa Fergo na serra do Oribio.

O caso é que, amais da ilusión das escasas rendas que os parques eólicos producen, a realidade é que xeran moi poucos ou escasos postos de traballo e deixan tras de si unha desertización e un despoboamento. Como mostra desta desertización e deste despoboamento, temos as dúas zonas con máis implantación eólica do país: como é a Costa da Morte ou as serras do norte de Lugo.

Esta explosión de parques eólicos non se está a levar a cabo tendo en conta as necesidades do país: os intereses das comunidades locais, a protección do territorio, do medio e a compatibilidade con actividades socioeconómicas propias da contorna. Pola contra, prevalecen os intereses de grandes grupos económicos de capital foráneo, que teñen unha visión puramente depredadora e extrativista dos recursos endóxenos. O mesmo xeito que ocorre no sector mineiro ou no sector forestal. ¡Altri, non!

O feito de ser Galicia unha potencia produtora de enerxía —sirva para manifestar este feito o dato do ano 2023, cando pechamos cunha exportación neto da electricidade do 44,46 por



cento— debería ser recollido nunha modificación lexislativa e ter un retorno cara a propia sociedade a través dunha tarifa eléctrica propia que abarate o prezo da electricidade, tanto para os sectores económicos como para o consumo domiciliario.

Nada fala na súa iniciativa sobre a creación do emprego asociado, a pesar de que fixo referencia aquí na tribuna aos plans industriais asociados que viñan no concurso do Bipartito. Para ilustrar este fenómeno, para ilustrar esta eiva que ten a lexislación actual, imos poñer un dato enriba da mesa: Galiza pechou o ano 2023 con 3.877 megawatts de potencia eólica instalada. Non fai falta recordar a destrución do emprego no sector, por exemplo o peche da fábrica de Gamesa nas Somozas, co despedimento de 215 traballadoras e traballadores. Pola contra, o País Vasco, con unicamente 160 megawatts de enerxía eólica instalada, ten un tecido industrial asociado á industria eólica con máis de cento cincuenta empresas e cunha facturación anual de 15.700 millóns de euros. Por tanto, é unha falacia que necesitamos máis eólica para ter máis industria. *(Aplausos.)*

Señoría, non podemos estar de acordo co demandado no punto dous da súa iniciativa; mesmo encontramos que vai en sentido contrario á iniciativa completa. Por unha banda, piden mellor protección ambiental. Piden que se utilice incluso material reciclado para a construción de aeroxeradores, cousa coa que podemos concordar; economía circular. Pero, por outra banda, este punto dous achaa o camiño ás grandes empresas para seguir perpetuando o modelo actual. Cremos que hai certa incoherencia.

A soberanía no plano enerxético, nomeadamente no eólico, debe comezar por demandar as competencias que a Xunta de Galicia debería ter un materia enerxética. Non entendemos esa tutela que o Goberno central se reserva para si mesmo, limitando os proxectos de máis de cincuenta megawatts; e moito máis cando esta normativa fracciona moitos dos proxectos que aquí chegan, como dixen anteriormente. Por iso presentamos unha emenda de substitución ao punto número dous na que solicitamos a modificación da Lei sectorial eléctrica 24/2013, para que se elimine a barreira dos cincuenta megawatts e que se transfira a Galiza toda competencia, incluso na xestión e planificación de redes de enerxía eléctrica. Xa lle adianto que, de aceptar esa emenda, estaríamos en disposición de votar a favor. En caso contrario, absteríamonos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Saudamos os alumnos de terceiro da ESO do colexio Compañía de María de Santiago de Compostela, tamén as súas profesoras e tamén a quen nos acompañan hoxe na tribuna.

Señor Ojea, ¿vai facer uso do turno? ¿Non? Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señor Lorenzo.

**O señor LORENZO GÓMEZ:** Moitas grazas, presidente. Bo día a todos e a todas.

Vendo a iniciativa do Grupo Socialista e a emenda que presenta o BNG xa nos facemos unha idea de por que aquel plan sectorial eólico que fixeron entre vostedes acabou como acabou.



*(Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¡Menudo despropósito! (Murmurios.) ¿Perdón? ¡Menudo despropósito ese plan sectorial! Menos mal que non lles deu tempo a executalo. E veñen coa súa prepotencia darnos leccións. Acabamos de escoitar a señora Iglesias, que segue defendendo ese plan sectorial. E agora a señora Rodil. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señorías, presupño que todos os aquí presentes temos claro que a biodiversidade e a xeodiversidade de Galicia é un dos principais activos da nosa comunidade. É indiscutible que temos un gran potencial e contamos con todos os elementos necesarios para ser un referente nas próximas décadas. Porque, lonxe dos discursos demagóxicos e a manipulación dos que se opoñen a avanzar por unha Galicia máis competitiva, no Partido Popular temos un compromiso firme coas enerxías verdes.

O modelo eólico que defendemos no Partido Popular de Galicia pasa pola vinculación inseparable entre a xeración da enerxía e tamén a industria. Por iso, os proxectos enerxéticos que se presenten deben ter relación directa cos proxectos industriais que xeren riqueza a través da creación de emprego, garantindo un retorno no territorio naquelas zonas onde se instalen estes proxectos.

Pero, lonxe dos bulos da oposición, nesa aposta polas enerxías renovables para o Goberno galego si hai liñas vermellas. Non é certo que se permita a instalación de parques eólicos nas zonas de Rede Natura, nin tampouco en zona de turbeiras. Non é certo que se vaian instalar proxectos na Ribeira Sacra ou en zonas afectadas por patrimonio cultural e natural. Non é certo que se permita instalar parques en zonas de voo de especies de fauna protexidas. E non é certo que non se teña en conta o aumento da altura dos aeroxeradores na distancia destes aos núcleos de poboación.

Miren, señorías, dato mata relato. Dende decembro do ano 2022 a Xunta tramitou un total de 115 proxectos de parques. O balance deixa en evidencia as súas afirmacións de «espolio eólico sen control»: cincuenta e sete declaracións de impacto ambiental positivas, fronte a cincuenta e oito das negativas. ¿Barra libre para quen?

Pero non só se teñen en conta os aspectos ambientais. Estamos a realizar as declaracións de impacto estritas, pero tamén nos informes sectoriais se teñen en conta as sinerxías entre os diversos proxectos. Non deixa de ser curioso que sexa precisamente o Grupo Socialista, que semella que está moi enfadado, quen veña exixir respecto á integración medioambiental dun xeito rigoroso. E encima fálanos tamén de caos na xestión dos fondos europeos. ¿Son conscientes do que están a dicir? É surrealista.

Mire, señora Iglesias, hoxe non o fixo, ata o botamos de menos. Eu véxoa a vostede moi preocupada, no que levamos de lexislatura, en deixarnos claro que é vostede letrada; eu non, eu non. Pero vostede e eu sabemos que o Goberno central tamén tramita proxectos de parques eólicos no noso territorio, e vostede, letrada, e eu, que non o son, sabemos que na tramitación que fai o Goberno no que están vostedes, vostedes que piden máis rigorosidade a Galicia, permiten prescindir da información pública e de avaliación ambiental. *(Aplausos.)* E os seus socios, caladiños, caladiños ata hoxe, que, por fin, vemos algún reproche do BNG ao Partido Socialista de Galicia.



Pero, vista a súa emenda, señor Golpe, xa vemos que seguen con esa teima utópica da República independente, illándonos do mundo máis alá do Padornelo. Pode que vostedes, os grupos da oposición, tamén precisen duns días de reflexión. Eu dígolles: póñanse de acordo.

A diferenza do soño independentista do Bloque Nacionalista Galego e dos bandazos do Goberno central, dígolles que en Galicia temos un modelo eólico ordenado e racional, e queremos seguir avanzando e dando certezas aos promotores e á cidadanía. E isto pasa pola implantación da xeración de enerxías renovables dun xeito controlado e compatible co territorio e coas persoas que viven nel. Porque, señorías, cando un proxecto fai uso dos recursos naturais, ten que cumprir escrupulosamente con todas as exixencias ambientais e legais. E en Galicia xa se están a realizar avaliacións de impacto ambiental rigorosas e nos informes sectoriais xa se ten en conta a sinerxía entre os diversos proxectos.

Por iso, o Goberno galego quere ir un paso máis alá, con esa futura Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos daqueles proxectos que faga uso dos recursos naturais de Galicia, un proxecto que xa está no Parlamento e no que se recolle que incluso, aínda que un proxecto sexa ambientalmente viable, podería non autorizarse se non hai un claro beneficio nos territorios onde pretende desenvolverse —veremos cal é o seu posicionamento nesa lei—, e todo isto sen prexuízo da riqueza que xa xeran polas rendas polos terreos, o canon eólico e outros beneficios que xa están a ter impacto naqueles territorios tanto nos parques existentes como nos futuros. Modificacións lexislativas que promoverán a firma de contratos de compravenda de enerxía a prezo competitivo a longo prazo, as PPA, contratos que xa foron subscritos por empresas moitas veces mencionadas nesta Cámara; incluso hoxe o señor Besteiro as mencionou: Ferroglobe, Resonac ou Alcoa, empresas que contribúen ao desenvolvemento económico e social de Galicia.

Lémbrolles que o presidente Rueda lles propuxo un pacto pola enerxía e a industria no debate de investidura, pacto ao que semella que fixeron oídos xordos. Non lles interesa ningún pacto, porque vostedes están a outra cousa, vostedes están a enredar e a enlamar.

Señora Iglesias, fala vostede da parálise dos proxectos eólicos en Galicia. Vostede sabe perfectamente que non existe unha sentenza definitiva, e o que se está a aplicar son medidas cautelares. Curiosamente, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia está a adoptar un criterio nos seus actos que non está a ser compartido por outros tribunais. Pero mire, señoría, vostede tamén sabe que a Sentenza do Tribunal Supremo de decembro de 2023 dá a razón á Xunta de Galicia en canto á forma de tramitar os parques eólicos na información pública e na consulta de informes sectoriais. E infórmolle que é unha tramitación idéntica, idéntica, para os parques que se tramitan na Administración autonómica como para os que se tramitan dende o Goberno central, idéntica. (*Aplausos.*)  
Leccións, cero.

Xa remato, presidente.

E quero seguir insistindo. Dende o Grupo do Partido Popular de Galicia defendemos unha tramitación ordenada e garantista, e non imos aceptar leccións respecto á integración me-



dioambiental dos parques eólicos dos que no ano 2022 aprobaron no Congreso dos Deputados prescindir da declaración de impacto ambiental e de participación pública nos que tramitan eles, e moito menos dos que están instaurados no non.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Iglesias.

**A señora IGLESIAS REY:** Señoría, moi orgullosa de ser letrada da Xunta, tiña unha carreira profesional antes de dedicarme á política, (*Murmurios.*) que vexo como algo transitorio ao que podo aportar ao Partido Socialista de Galicia. (*Aplausos.*) ¿Vale? Moi ben.

Os socialistas de Galicia vimos aquí con ánimo propositivo, de tender a man neste pacto de enerxía e industria que ofrecemos a todos os grupos parlamentarios. Xogámonos moito como país, agochemos a loita por un intre e miremos con luces longas, mesura e equilibrio, que necesario é —volvo reiteralo—.

Os socialistas galegos dicimos que non ao desenvolvemento indiscriminado da enerxía eólica en Galicia e non tamén ao ostracismo sen aportar solucións realizables. Pedimos mirar por riba dos intereses dos partidos. Solución é o que queren todos os actores implicados no desenvolvemento da enerxía eólica en Galicia, unha harmonía entre as comunidades, as súas xentes, o territorio, que repercute nas condicións sociais no territorio e nas comarcas que soportan os parques eólicos, e tamén fórmulas de participación pública, que recolle a directiva que hai que traspoñer de enerxías renovables e que curiosamente no Parlamento Europeo o PP —no grupo que estaba no Parlamento Europeo— votou en contra da directiva de enerxía renovables. Iso tamén é incongruencia.

Esta proposición de lei que presentamos os socialistas galegos é absolutamente de mínimos, de mínimos. É o primeiro paso, incluso diría eu, antes de legislar a famosa Lei de recursos de Galicia, que haberá tempo tamén para debater. Pedimos parar, reflexionar e facer unha nova planificación sectorial eólica de Galicia con criterios de sensibilidade ambiental, que xa o fixo o ministerio para os seus parques eólicos, e que, por certo, digo que acolleron comunidades autónomas como Aragón e como Castela e León, que o integran nas súas normativas de 2000, xa cando estaba gobernando o Goberno do PP, e van por diante de nós en desenvolvemento da enerxía eólica.

Collan o guante, tendan a man, colaboren co ministerio, zonifiquen e mapeen esas zonas de desenvolvemento eólico con sensibilidade ambiental. Teñan en conta a directiva de hábitats, de ecosistemas, a flora, a fauna e a ampliación da Rede Natura, que non poden deixar eternamente debaixo do caixón. Iso é facer política.

O BNG, evidentemente, séntese na oposición ben, na negación, pero non son capaces de aportar tampouco unha soa proposta realista e realizable para solucionar o problema da parálise da enerxía eólica en Galicia. Así, evidentemente, non imos chegar nunca a un acordo.



Se non chegamos a un equilibrio, a unha medida, será imposible chegar a un acordo. Todo é espolio enerxético, ou fanse propostas de proposición de tarifa eléctrica galega, que de verdade, evidentemente, non é viable; é unha lei que pide modificar a Lei do sector eólico, que evidentemente é inconstitucional.

Estamos nunha rede europea, nunha rede non nacional, senón unha rede europea de enerxía, evidentemente. A subministración é unha competencia estatal, e non o digo eu. Os socialistas galegos, evidentemente, sempre, sempre imos defender o noso autogoberno, (*Murmurios.*) sempre, é unha máxima para nós, e tendo en conta, iso si, autogoberno pero principio de solidariedade, por favor, señorías, o principio de solidariedade, e, sobre todo, a socialdemocracia entre a diversidade de territorios que conforman España e Europa tamén.

Señorías do PP, haberá tempo longo e tendido para debater sobre a lei, sobre o proxecto de lei relativo a recursos de Galicia, sobre o que adianto, evidentemente, que na miña opinión —que lin, estou aínda coas 554 follas de expediente— é un *totum revolutum, totum revolutum* de materias: proxectos renovables, minas, concesión de augas, incendios forestais...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

¿Sobre a emenda?

**A señora IGLESIAS REY:** ...autoconsumo enerxético, o problema de Sogama.

Nós, o que pedimos, de verdade, é dotar de seguridade xurídica o desenvolvemento...

**O señor PRESIDENTE:** Sobre a emenda.

**A señora IGLESIAS REY:** ...eólico de Galicia. Por tanto, só pedimos os mínimos, unha nova planificación...

**O señor PRESIDENTE:** Estou de acordo, pero ¿sobre a emenda?

**A señora IGLESIAS REY:** ...logo xa virán as leis.

**O señor PRESIDENTE:** Eu estou de acordo con iso, pero ¿sobre a emenda?

**A señora IGLESIAS REY:** Moitísimas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Sobre a emenda, sobre a emenda. ¿Apróbaa?

**A señora IGLESIAS REY:** A emenda non, non se aprobará a emenda do BNG. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moi ben. Grazas.





### ***Votación das proposicións non de lei***

**O señor PRESIDENTE:** Entón, procedemos á votación das proposicións non de lei. Pechen as portas. Están pechadas.

Imos ver, se nos esforzamos, digo o número, porque vénnos ben a todos, pero tamén me vén especialmente ben a min; entón, voulles pedir este pequeno favor. Entón, se estamos máis atentos, sairíanos mellor.

Votamos a proposición non de lei número 1, que é unha do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Rubén Lorenzo Gómez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que debe dirixir a Xunta de Galicia ao Goberno central co fin de que axilice a normativa estatal derivada da Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 64; votos en contra, 9.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos a proposición non de lei número 2, na que, por certo, non se aceptan as emendas do Grupo Socialista nin a do Grupo do Bloque Nacionalista Galego.

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Perdón, perdón, primeiro o propoñente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, acéptase a do Grupo Socialista.

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central para que cumpra os seus compromisos en materia de conectividade e de cobertura territorial das redes de telecomunicación.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado por unanimidade o texto transaccionado desta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a terceira, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular, que non foi aceptada.



Votamos.

*Votación da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández e D<sup>a</sup> Ariadna Fernández González, sobre as medidas que ten que adoptar a Xunta de Galicia co obxectivo de reducir os tempos de agarda na tramitación da dependencia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos a proposición número 4, que é do Grupo Parlamentario Socialista, cunha autoemenda, que, evidentemente, aproban.*

Votamos.

*Votación do texto autoemendado da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María del Carmen Rodríguez Dacosta e D<sup>a</sup> Lara Méndez López, sobre a demanda ao Goberno galego da aprobación do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga) de forma participativa e consensuada.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado o texto autoemendado desta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos a proposición non de lei número 5, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular.*

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Suárez Fernández e D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe impulsar o Goberno galego dentro da política de atención á saúde mental na mocidade.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** *A última é a do Grupo Parlamentario Socialista, na que non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.*

Votamos.



*Votación da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Iglesias Rey e D<sup>a</sup> Lara Méndez López, sobre a normativa que debe impulsar a Xunta de Galicia e as reclamacións que debe dirixir ao Goberno central co obxecto de conseguir un desenvolvemento da enerxía eólica en Galicia que respecte a integración medioambiental.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 9; votos en contra, 38; abstencións, 26.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Entón, agora, tal e como quedamos onte, procede facer en urna unha votación, que é para designar os representantes para o Congreso dos Deputados para a defensa da transferencia da AP-9 a Galicia.

Sobre o procedemento, hai moitas normas aquí que non vou ler agora. O sinxelo e o rápido é que hai que votar en urna. Só se pode escoller un número máximo de tres persoas, e serán elixidas aquelas tres que máis votos teñan. Cada deputado só pode emitir un voto e, ao final, no recuento, os tres deputados ou deputadas que máis votos teñan serán os que sexan elixidos para representarnos no Congreso, en Madrid.

A votación realizarase por chamamento, que fará a secretaria.

Entón, cando estean repartidas as papeletas, comezamos.

*(Pausa.)*

Dime o letrado que teño que someter unha consideración —pero dou por feito que onte todo foi ben e que hoxe tampouco vai ter que ir moi mal—, que é que o artigo 163 recolle especificamente que a proposta ten que ser dun máximo de tres persoas. Isto aceptámolo todos, ¿vale? Perfecto, pois entón xa quedou corrixido e votamos esas tres persoas.

*(Murmurios.) (Pausa.)*

*(A señora vicepresidenta primeira, Candia López, diríxese ao presidente: ¿Temos que baixar?)*

Si.

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

*¡Patricia, Patricia!, tes que acompañar aquí, (Pronúncianse palabras que non se perciben.) ao lado da urna, a vicepresidenta. (A señora vicepresidenta primeira, Candia López, diríxese á vice-secretaria, Iglesias Rey: Sen facer nada.)*

*(O señor presidente diríxese á vicesecretaria, Iglesias Rey: Ti para a esquerda.)*



¿Está? ¿Teñen todos papeletas xa? ¿Todos? Non falta ninguén; entón a secretaria procederá ao chamamento.

Cando queiras.

*(A señora secretaria, Vázquez Mourelle, fai o chamamento, por orde alfabética, dos deputados e das deputadas, que depositan o seu voto na urna; a seguir fano os membros do Goberno e finalmente os membros da Mesa.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¿Todos exercemos o dereito ao voto? *(Asentimento.)* Si.

Recontamos.

*(Procédese ao escrutinio.) (Pausa.)*

O resultado da votación é o seguinte: votos emitidos, 73 votos; votos a favor de don Alberto Pazos Couñago, 38; votos a favor de dona Ana Pontón Mondelo, 26; votos a favor de José Ramón Gómez Besteiro, 9.

Polo tanto, quedan designados don Alberto Pazos Couñago, dona Ana Pontón Mondelo e don José Ramón Gómez Besteiro.

Desexámoslles moita sorte no cometido que levan. Espero que veñan co obxectivo cumprido, e se é necesario esperámoslos no Padornelo para saudalos, ¿eh? *(Risos.)* Non teñan dúbida. Imos ao Padornelo saudalos, e se veñen co obxectivo cumprido, por suposto.

Grazas.

Continuamos coas interpelacións; coa de dona Iria Taibo Casanego, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

### **Interpelación de D<sup>a</sup> Iria Taibo Corsanego e D. Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o fomento dos vínculos coa lusofonía**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a interpelación ten a palabra a señora Taibo.

**A señora TAIBO CORSANEGO:** Grazas, señor presidente, Taibo Corsanego.

Como sabemos, hai agora dez anos que se aprobou a Lei Paz-Andrade; aprobouse por unanimidade neste Parlamento, e procedeu e foi produto dunha iniciativa lexislativa popular que contou co apoio de 17.000 sinaturas de cidadáns e cidadás galegas. Coido que podemos dicir, sen moito medo a equivocarnos, que é unha lei que contou cun grandísimo apoio e consenso social e político.

Os obxectivos da Lei Paz-Andrade — como ben saben — son aproveitar os vínculos históricos que temos cos países de lingua oficial portuguesa, tanto no aspecto lingüístico, como no so-



cial, no cultural e no económico. Loxicamente, con estes obxectivos concordamos e non podemos concordar máis. O problema é que, dez anos despois da aprobación da Lei Paz-Andrade, os avances son moi escasos. E isto sendo moi xenerosas.

Non sei se puideron escoitar hai uns días na radio pública portuguesa unha reportaxe moi interesante que lles recomendo, que precisamente facía seguimento sobre isto, é dicir, sobre cal foi o avance da presenza da lingua portuguesa nas aulas galegas, como consecuencia da aplicación da Lei Paz-Andrade. Nesta reportaxe puidemos escoitar varias persoas galegas que facían unha análise moi interesante —como lles dixen, recoméndollela porque poden chegar a unhas conclusións bastante ilustrativas—, e, entre elas, falaba tamén o secretario xeral de Lingua, o señor Valentín García. O señor García falaba dos datos do alumnado que hai actualmente nas aulas galegas a estudar a lingua portuguesa; falaba de 5.500 alumnos e alumnas. Por suposto, a nós alégramos moitísimo que haxa 5.500 persoas a estudar portugués en Galiza, mais as cifras consideramos que hai que velas no seu contexto. Desde a aprobación da Lei Paz-Andrade, o aumento foi dun catro por cento. Se cadra non é unha cifra precisamente estratosférica. (*Aplausos.*)

Como lles digo, é unha cifra positiva —¡claro que si!—. Non imos non alegrarnos por isto, mais o contexto é importante cando falamos das cifras. Loxicamente, saben que imos comparar isto con Estremadura; Estremadura é unha comunidade que non conta con estes vínculos especiais culturais e lingüísticos cos que si conta Galiza. E mentres en Galiza hai 5.500 estudantes de portugués, en Estremadura hai 25.000. É un dato suficientemente ilustrativo, mais podemos engadir outros: ¿cantas prazas cren que se convocaron este ano para o profesorado de secundaria na especialidade de lingua portuguesa? Cero prazas —¡cero prazas!—. Cremos que isto é bastante ilustrativo, e temos que entendela así, por desgraza; temos que entendela como o xeito que ten o Goberno galego de apoiar e de avanzar na presenza do portugués nas aulas galegas.

Como lles dicía, o secretario de Lingua falaba, presumía un pouco e gabábase deste compromiso do Goberno galego, no sentido de explicar cal é o xeito que ten o Goberno galego de fomentar a oferta de portugués. Dicía o secretario de Lingua: «Se hai demanda haberá oferta». Nós consideramos que un Goberno responsábel coa Lei Paz-Andrade, que un Goberno que de verdade teña vontade de aplicar esta lei, faría a oferta pola súa banda. (*Aplausos.*) O xeito de conseguir que o portugués estea nas aulas galegas non é outro que promovelos.

Hoxe en día, para que se creen aulas novas de portugués, é preciso que o profesorado, as familias, os centros de ensino se impliquen e que demostren —como ben dicía o secretario xeral da Lingua— que existe esta demanda. Nós consideramos que se debería facer o contrario, isto é, a Administración é a que ten os medios, a que ten o xeito de dirixirse ás familias e ao alumnado, de explicarlles que existe esta oferta de portugués —e ¿porque é positiva para eles e para elas?— e de que lles poña todos os medios para que poidan estudalo, para animalos e animalas a que se matriculen. ¿Por que non se pode facer?; ¿por que non se pode incluír no sobre da matrícula a posibilidade de facer unha prematrícula de portugués? Non pedimos nada extraordinario; pedimos que se coloque a lingua portuguesa en igualdade de oportunidades e en igualdade de condicións coas outras linguas consideradas estranxeiras. Non estamos a pedir nada especialmente extraordinario; e estamos a pedir que quen ten a capacidade



de facelo, faga a oferta positiva. Pedímoslles tamén que contribúan desde a toma da iniciativa propia. Son as entidades sociais as que están a facer campañas de promoción da lingua portuguesa. ¿Co apoio do Goberno galego? Efectivamente, mais nós consideramos que debería ser o propio Goberno que tome a iniciativa; así demostraría que ten verdadeira vontade.

Hai outros aspectos do ensino, mais non me quero estender máis porque xa falamos disto o outro día na Comisión 4ª. Refírome á especialidade. É preciso consolidar a lingua portuguesa a través das especialidades. Hoxe en día é posíbel dar aulas de portugués a través doutras especialidades do profesorado, mais, se isto non se consolida, todos os esforzos que teñen que facer o profesorado e os centros de ensino poden desaparecer. Canto ás escolas oficiais de idiomas, dicíamos antes que hai 5.500 alumnos de portugués en Galiza, e 1.000 deles están nas escolas de idiomas. Aí si que estamos a demostrar que existe unha demanda. ¿Por que é que hoxe en día hai aínda catro escolas de idiomas en Galiza que non contan con oferta de portugués?

Como conclusión, cremos que toda a sociedade galega concorda e sabe que os coñecementos de idiomas son un aspecto positivo que nos pode beneficiar, e esta vantaxe lingüística do portugués é preciso aproveitala. Pedímoslles que dean pasos adiante.

Hai outros aspectos importantes desta lei —moi importantes—, non só na educación; por exemplo, no audiovisual. É certo que se fixeron algunhas coproducións nestes últimos anos entre a Radio e Televisión galega e as televisións portuguesas —cadeas portuguesas—, mais falta por desenvolver un aspecto moi importante que beneficiaría non só ao ámbito do ensino, senón a toda a sociedade galega. ¿Por que non podemos aínda ver as televisións e escoitar as radios portuguesas en Galiza? Sabemos que nos van dicir que isto é competencia do Estado, mais —volvo insistir— teñen vostedes que tomar a iniciativa e demandalo. Demanden. *(Aplausos.)*

Outros aspectos importantes, como a Estratexia de acción exterior. É verdade que temos unha Lei de acción exterior que ten unha sección específica dedicada á cooperación dentro da Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal. Isto parécenos positivo, existen esforzos neste sentido, e é positivo que haxa un xeito de coordinalos, mais consideramos que a lusofonía, tal e como se expresa na propia lei, non é só a Portugal. Efectivamente, con Portugal temos unha relación privilexiada —e así debe ser—, mais estamos a perder un tempo precioso de oportunidades para as empresas galegas. O Brasil é un país enorme, cun grandísimo número de habitantes, e xa existen algúns esforzos individuais illados do Goberno galego, polos cales Galiza está presente no Brasil, mais consideramos que é preciso facer unha coordinación desde este punto de vista da Estratexia da Lei Paz-Andrade. Hai outros países, os países africanos de lingua portuguesa, que están a medrar, tanto en produto interior bruto como en poboación. ¿Que ocorre coa rexión de Macau? ¿Non podería ser unha oportunidade única para as empresas galegas, de chegaren e entraren na China dun xeito privilexiado, falando a súa propia lingua? Parécenos que hai moito por facer, hai moito por desenvolver tamén neste aspecto da Lei Paz-Andrade.

O propio Observatorio da Lusofonía foi aprobado por proposta do Bloque Nacionalista Galego —por suposto que concordamos—; porén, o que temos é moito medo de que aconteza o mesmo que coa Lei Paz-Andrade, isto é, que sexa unha declaración de intencións con que



todo o Parlamento concorda, mais que non se avance, que non vaiamos adiante. O Observatorio —ben o saben— tiña hoxe que estar xa constituído. Somos xenerosas —non nos digan que non—; puidemos reclamálo antes. O Observatorio, polo propio calendario que establece a norma que o regula, tiña que estar hoxe constituído. Pedímoslles por favor que avancen isto. Constitúan o Observatorio da Lusofonía canto antes, mais non de calquera xeito: establezamos un plan de actuación con obxectivos, con orzamentos, con actividades e tamén cunha dación de contas para que non se converta nunha nova experiencia Paz-Andrade.

Temos tamén a cuestión da Comunidade de Países de Lingua Portuguesa, e tamén nos van dicir que isto é cuestión do Estado, mais aquí temos moito de que falar. Non me poden entender moito, mais neste propio Parlamento, por proposta do Bloque Nacionalista Galego no ano 2019, aprobárase que o Goberno galego debía solicitar a presenza de Galiza, de xeito directo, na Comunidade de Países de Lingua Portuguesa. O Goberno galego traizooou ese acordo, e hoxe en día é España a que está presente nesa comunidade como Observador Asociado. Pedímoslles, por favor, que nos digan se consideran que ese papel, tanto de España como de Galiza, foron suficientes nestes últimos tempos; e pedímoslles, por favor, unha vez máis, que fagan caso, que cumpran cos acordos que se toman neste propio Parlamento. (*Aplausos.*) En definitiva, falta moito por facer aínda.

Tampouco se cumpre a parte da dación de contas. A propia lei establece que o Goberno ten que traer todos os anos un informe de desenvolvemento, e un plan de actuación para o ano seguinte; aínda non chegaron nin a primeira vez.

Hai moitos compromisos, a Lei Paz-Andrade ten moito desenvolvemento pendente. Saben que connosco van contar sempre en calquera desenvolvemento que se produza, mais —cremos— tivemos moita paciencia; tivemos demasiada paciencia. En dez anos —como lles dixen— perdemos moitísimas oportunidades, e —cremos— é o momento de avanzar. Non perdamos nin un minuto máis.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Antes de darlle a palabra ao señor conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, damos a benvida aos alumnos e ás alumnas de quinto de primaria do colexio Xosé Neira Vilas, de Gondomar. Benvidos ao Parlamento de Galicia.

Para dar resposta —como dicía—, por tempo de dez minutos, ten a palabra o conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, don José López Campos.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos):** Moitas grazas, señora presidenta.

Eu tamén me sumo a esa benvida aos alumnos de quinto de primaria do colexio Xosé Neira Vilas, de Gondomar; benvidos a esta casa, que é a casa do pobo, a casa de todos os galegos e as galegas.



Quero tamén empezar dando grazas a dona Iria Taibo polo seu ton, pola súa man tendida en relación con este asunto que nos preocupa e que nos interesa, dende logo, a todos.

Grazas —como dicía—, señora presidenta.

Señorías, bos días.

Hoxe comparezo, por segunda vez, neste mes de abril, como xa fixera hai quince días na comparecencia por petición propia, na cal puidemos degrañar polo miúdo as cuestións, os retos que temos por diante nesta nova andaina, nesta nova lexislatura e nestes próximos catro anos, e na cal, ademais, eu intentei transmitir e trasladar esa man tendida, que continuamos a mantela, dende logo, aos grupos; a todos os grupos que forman parte da Cámara, deste Parlamento galego, por suposto, para escoitar e para mellorar, na medida do posible, a nosa xestión. Propostas que, sempre que sexan en positivo, terannos, dende logo —coa verdadeira vontade de construír un país mellor—, sempre á escoita e sempre con vontade de chegar a acordos.

Centrouse moito, señora Taibo, na parte do que significa esta Lei Paz-Andrade no ámbito do ensino, no cal, tamén concordamos, por suposto. Pero —creo— nós somos máis ambiciosos na súa aplicación, e entendemos que a lusofonía abrangue aspectos realmente importantes moito máis amplos —como despois intentarei degrañar nesta intervención—, aínda que non deixo de agradecer, por suposto, ese ton amable que vostede utilizou na súa interpelación.

Tamén agradezo o interese que vostedes mostran polos vínculos do galego e do portugués; vínculos nos cales debemos, por suposto, seguir afondando despois de dez anos da aprobación desa Lei Valentín Paz-Andrade para espremer, ao máximo, as oportunidades que nos brindan estas dúas linguas, que son pólas dun mesmo tronco común. Galicia e Portugal, Portugal e Galicia, manteñen hoxe importantes lazos culturais, económicos e sociais que unen os dous territorios, conformando unha identidade e unha comunidade ampla e forte. Creo que o demostramos, día a día, coas importantes experiencias das eurociudades, con proxectos como as eurociudades Tui-Valença, Tomiño-Vila Nova de Cerveira, Salvaterra de Miño-Monçao e Verín-Chaves, xunto coa cada vez máis puxante Eurorexión Galicia-Norte de Portugal que, con ese enorme potencial de 6 millóns de habitantes, nos converte nunha das grandes eurorexións e das máis interesantes e dinámicas de Europa.

Quizais, de todos eses vínculos que nos unen coa comunidade portuguesa, o máis importante, por suposto, sexa o vínculo da fala, do noso idioma; un vínculo que agroma do galego-portugués, un idioma que compartimos no medievo e que sentou as bases do que cada día ambas as sociedades falamos, sentimos e compartimos. Por unha banda, o galego é hoxe unha ferramenta viva e forte que deste xeito nos comunica e nos conecta cunha comunidade de case douscentos cincuenta millóns de persoas, o cal se debe tamén a unha intercomprensión entre ambas as linguas que é posible sen necesidade inicial de mediación ningunha. E, por outra banda, o portugués constitúe hoxe a lingua de traballo en vinte organizacións internacionais, así como é lingua oficial en once estados, sendo o idioma máis falado no hemisferio sur.





Por esta razón, o Parlamento de Galicia, entre outras moitas, aprobou a Lei 1/2014 —á cal vostede se refería—, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, denominada Lei Paz-Andrade. Da súa aprobación, hai agora dez anos —como ben apuntaban vostedes—; dez anos cuxos avances para vostedes non foron suficientes, pero eu intentarei resumir todo o que se avanzou nestes últimos anos con distintas iniciativas, algunhas delas —como apuntaba vostede—, dirixidas ao ámbito do ensino, pero tamén —eu creo—, dunha forma máis intensa, dirixidas a ámbitos como o da cultura, como o da comunicación, ou mesmo o das necesarias relacións económicas e políticas por medio dos idiomas destas dúas rexións.

Dende a aprobación desta lei, o Goberno galego nunca deixou de aplicar a Lei Paz-Andrade —como, ademais, non pode ser doutra maneira—, e, froito disto, —eu creo— existe unha percepción distinta na sociedade do que é o portugués; mudou esa percepción social e mesmo a colaboración económica e social cos distintos países lusófonos tamén se viu claramente incrementada.

Hoxe estamos acadar avances históricos con respecto ao aproveitamento dos vínculos coa lusofonía e co seu territorio, e para que poidan, ou poidamos, entender mellor estas cuestións e o resultado da aplicación desta lei, intentarei relatar algúns dos aspectos máis destacados. Grazas ao notable impulso de Galicia, que elaborou os primeiros plans de acción e de promoción da lingua portuguesa, España é, dende xullo do ano 2021, Estado Observador Asociado da Comunidade de Países de Lingua Portuguesa —como ben apuntaba vostede—; algo que hoxe nos permite, de maneira clara, dar unha maior promoción e difusión á lingua, manter unha mellor cooperación exterior e seguir fomentando as axendas estratéxicas noutros moitos ámbitos que resultan de interese para o noso país. Outro fito importante constitúe tamén a publicación o pasado 10 de outubro no *Diario Oficial de Galicia*, dese Decreto 134/2023, onde se regula o Observatorio da Lusofonía Valentín Paz-Andrade, ao cal se outorga a capacidade de asesoramento ao Goberno, a formulación de plans de acción e programación de actividades de coñecemento, intercambio e programación, neste eido. Tamén —e moito máis próximo no tempo— no mes de marzo tivo lugar a celebración do Congreso PROPOR 2024, o máis importante do mundo en materia de lingua portuguesa e de intelixencia artificial, que saíu por primeira vez na historia dun país lusófono para celebrarse en Compostela. Outros exemplos importantes poden ser o feito de que o proxecto Ponte... nas Ondas!, para usar o portugués nas aulas, fose declarado patrimonio inmaterial pola Unesco, co apoio da Xunta de Galicia; (*Aplausos.*) e de que acadamos, ademais, tamén —como ben dicía vostede— a importante cifra de máis de cinco mil cincocentas alumnas e alumnos que están estudando portugués nos centros educativos en Galicia; ou de que as colaboracións coa CRTVG e medios de comunicación son cada vez máis intensas e o portugués gaña tempo de emisións nos medios públicos.

Son moitas as iniciativas que poderíamos relatar neste eido, e cada vez son máis, pero déixeme poñerlle un último exemplo, ao cal, ademais, fixo referencia o presidente na súa intervención nas preguntas, esta mesma mañá. Froito das excelentes relacións co país veciño, o presidente da Xunta de Galicia realizou unha visita oficial o pasado 23 de maio a Portugal, onde mantivo unha reunión co ministro de Infraestruturas luso por medio da cal se pretende axilizar, apurar os prazos, para que a alta velocidade una Vigo e Porto. Creo que este é un



detalle importante no cal os aspectos fundamentais da Lei Paz-Andrade se extrapolan tamén e se levan ao ámbito da xestión e ao ámbito político de interrelación de dous territorios que teñen moitas —moitas— cuestións en común.

De todas as formas, así e todo, o Goberno rende contas —como ben dicía vostede—, con total axilidade, ante os organismos de control e as entidades que traballan no ámbito da lusofonía; e proba disto, son as comparecencias que periodicamente fai o secretario xeral de Política Lingüística na Comisión 4<sup>a</sup>. Seguiremos, por suposto, atentos tamén á creación dese observatorio da lingua, o Observatorio Paz-Andrade. Esa é a vontade que temos, de poñer á disposición toda esa información a todos os galegos e as galegas.

De cara á presente lexislatura, anúnciolles que seguiremos traballando, por suposto, no impulso do coñecemento da lingua portuguesa, da súa implicación e da implantación en todo o territorio. Tamén me gustaría trasladarlles que, como logro máis próximo, a Xunta de Galicia está a piques de asinar un convenio co Instituto Camões para poder acreditar o nivel de coñecemento do portugués nos centros educativos de Galicia; outro aspecto que —creo— é fundamental e importante para normalizar a implantación do portugués nos nosos centros educativos. E ata o momento para esta cuestión —para a implantación dese convenio co instituto Camões— púxose en marcha xa un proxecto piloto no instituto de secundaria Alonso Ríos, de Tomiño, no Milladoiro, en Ames, e no San Clemente, en Santiago de Compostela.

En definitiva, comunícolles e garántolles que seguiremos levando a cabo múltiples accións que contribúan de maneira notable para seguir situando Galicia no lugar que merece, dentro do grande universo que conforma a lusofonía, e que se traduce nunha enorme e moi grande oportunidade para a lingua, a cultura e a economía galega, así como para a nosa sociedade, en xeral. E aproveito —que vostede tamén o apuntou perfectamente— que a mesma existencia que teñen vostedes co Goberno galego neste Parlamento, a teñan tamén no Congreso dos Deputados para facer cumprir ese punto número 19 que teñen no seu acordo de goberno co Partido Socialista, no cal se indica que o Goberno apoiará a recepción das radios e televisións portuguesas en Galicia; veñen vostedes exixir aquí ao Goberno galego que inste o Goberno de España a cumprir, cando son vostedes os que firmaron ese pacto co Goberno socialista, (*Aplausos.*) e o que transmiten aquí, no Parlamento galego, despois convértese en incumprimentos constantes dos pactos que vostedes realizan co Goberno en Madrid.

Vou rematando.

Eu creo que é importante resaltar que desenvolvemos múltiples maneiras de establecer, con grande éxito, vínculos coa lusofonía. Todas as medidas impulsadas nesta Cámara —creo— exercémolas grazas ás competencias que abrangue esa lei.

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos):** E, dende logo, estamos convencidos de que seguiremos apoiando esta unión entre o galego e o portugués, por suposto, porque as linguas son cada día máis capaces —seguro— de derrubar máis fronteiras e de tender máis pontes.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Réplica da autora da interpelación.

Ten novamente a palabra a señora Iria Taibo.

**A señora TAIBO CORSANEGO:** Grazas, señora presidenta.

Grazas, señor conselleiro, pola súa intervención, aínda que lle teño que recoñecer que estou un chisquiño decepcionada. Sinceramente, agardaba algunha proposta máis concreta; agardaba algún anuncio un pouquiño máis decidido e non unha enumeración un pouquiño tímida deses avances tamén bastante discretos. (*Aplausos.*)

Comezo polo final. Falaba vostede do acordo de investidura que asinou o Bloque Nacionalista Galego co PSOE. Efectivamente, se incluimos ese aspecto da recepción das televisións portuguesas en Galiza nese acordo de investidura é, precisamente, porque temos vontade, xa que é un asunto que nos interesa. En todo caso, non pretenderá que a responsabilidade de que a Xunta de Galiza faga esa demanda sexa única e exclusivamente nosa. Cremos que a Xunta de Galiza ten o deber de tomar a iniciativa neste asunto, e, por suposto que nós o reclamaremos onde corresponda, como facemos aquí —que é o noso deber—.

E dicía tamén que o Goberno si que rende contas. Eu preguntolle —insisto e repito, sei que a nosa compañeira, Mercedes Queixas, e outros compañeiros do noso grupo, xa insistiron neste aspecto en moitas ocasións no pasado—: ¿para que aprobamos unha lei que di que o Goberno galego ten que vir todos os anos a este Parlamento cun informe de execución do ano anterior e cunha proposta de actividades para o ano seguinte, se, despois, isto só se vai concretar nunha comparecencia do secretario xeral de Lingua? (*Aplausos.*) Sentímolo, mais non podemos interpretalo doutro xeito: hai falta de concreción, falta de vontade política e falta de iniciativa. Se non houberse ningún problema e se estivésemos todos de acordo en que os avances son decididos, poderían vir aquí, con ese informe, dar contas con orgullo.

Efectivamente, teño que insistir na inconcreción. Vostede falou de cales son os obxectivos da lei —xa os coñecemos aquí—; eu agardaba que vostede viñese aquí falar de cousas un pouquiño máis concretas. Sabemos, efectivamente, que —non o mencionei na miña intervención—, se realmente houberse avances decididos, a Lei Paz-Andrade contribuiría tamén para o prestixio da nosa lingua, mais —insisto—, ¿cantas prazas de profesorado se convocaron en secundaria en 2024? Cero prazas. Se non hai vontade política e se non hai avance, non vai haber tampouco ningún avance no prestixio do idioma; non vai haber ningún avance nas relacións entre empresas de Galiza e dos países de lingua portuguesa; tampouco vai haber avance nas oportunidades de traballo dos mozos e das mozas galegas. En definitiva, pídolle máis medidas concretas e pídolle prazos.

E falaba vostede do Observatorio, e falaba vostede de acompañar o seguimento do Observatorio, como se fose algo que non tivese absolutamente nada que ver con este Goberno. O Ob-



servatorio da Lusofonía Paz-Andrade —e non especificou vostede nada respecto disto— ten que constituírse xa —xa llo dixen antes—. Temos que ver algún avance concreto; temos que ver un plan de actuación e precisamos medidas específicas, e tamén saber que é o que vai acontecer con ese observatorio e cara a onde se vai dirixir, e cales son os prazos de execución e de que orzamento dispón. De non ser así, vai acontecer o mesmo que coa Lei Paz-Andrade, isto é, que van pasar dez anos, e imos vir aquí para continuar dicindo que «nos parece moi ben», «que os vínculos coa lusofonía son unha cousa marabillosa que outorga moitísimas vantaxes e moitísimas posibilidades á nosa sociedade»..., mais a concreción non está. Xa lle digo, demasiada paciencia estamos a ter.

Despois, síntoo moito señor conselleiro, falaba vostede do proxecto Ponte... nas Ondas! Efectivamente, contou co apoio da Xunta de Galiza —¡só faltaba!—, mais é unha iniciativa privada. Non ten absolutamente nada que ver coa Xunta de Galiza. (*Aplausos.*) Alégrome moito de que se gaben das iniciativas da sociedade —alégrome moito—; alégrome de que as apoiem, mais —insisto— debería ser a Xunta de Galiza a que tomase a iniciativa.

Faleilles antes sobre ensino —e parécelle que insistín moito—, mais é un dos aspectos recollidos tamén nesta lei. As campañas sociais que aparecen para divulgar a posibilidade do ensino do portugués están feitas e publicadas por entidades privadas, isto é, pola Asociación de Docentes de Portugués en Galiza, pola Academia Galega da Língua Portuguesa —sobre a cal, por certo, damos tamén a benvida a dous representantes que están hoxe aquí—, pola Associação Galega da Língua, pola Mesa pola Normalización... Efectivamente, poden contar, nalgunhas ocasións, co apoio do Goberno galego, mais debería ser o Goberno galego o que fixese esas campañas e non agardar a que sexa a sociedade civil a que tome a iniciativa.

En definitiva —como lle dixen—, continuamos a ter a man tendida; calquera medida que queiran aplicar en avance e en apoio do desenvolvemento desta Lei Paz-Andrade será benvida pola nosa parte, mais —creo— estamos no momento de facer avances decididos, de dar un paso adiante, e non precisamente de formiga.

Como lle dixen, creo que tivemos xa demasiada paciencia, e agardamos moito máis. Agar-dámolo nós —creo—, tamén en nome dese consenso de que falabamos no inicio.

Por favor, dean algún paso adiante.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

Peche, o señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos):** Grazas.

Señora Taibo, partimos da base de que calquera avance ou de calquera mellora que faga este Goberno ao Bloque Nacionalista Galego sempre lle vai parecer insuficiente. Eu creo que nos chamaría moito a atención se viñésemos a este debate ou a calquera outro debate e que o



BNG recoñecese publicamente nel que o Goberno, ou o Partido Popular, nesta Cámara estivese facendo algo á medida do que os galegos reclamasen; o que pasa é que, curiosamente —cando analizamos o proxecto político de cada un dos partidos—, ao final, cando hai que opinar e cando realmente os galegos teñen que valorar e determinar quen son os que están asumindo as responsabilidades de mellor maneira para guiar os seus proxectos cara ao futuro —neste caso, no ámbito da lingua e no ámbito do ensino—, pois téñolle que dicir que, ano tras ano e elección tras elección, os galegos elixen o proxecto político do Partido Popular; (*Aplausos.*) pese a que —creo— nunca —nunca—, en ningún debate parlamentario, escoitamos do Bloque Nacionalista Galego ningunha aportación en positivo ao traballo que está facendo este Goberno. Serán casualidades ou non, pero está claro que hai unha diferenza, unha distorsión, entre a imaxe que vostedes ven de Galicia e a imaxe que os cidadáns perciben da xestión deste Goberno.

Eu dígolle que imos seguir, por suposto, apoiando a implantación desta lei; por suposto que si, non lle caiba ningunha dúbida, como non pode ser doutra maneira. Levamos dez anos traballando na mellora, na evolución, na implantación do portugués —do idioma— no noso sistema educativo, pero non só nos temos que cingir ao eido educativo. Eu creo que ese é un aspecto importante e, ademais, vemos o resultado extraordinario que nos proporciona este vínculo, estas relacións máis estreitas que nunca con Portugal. E —creo— aí temos, dende logo, moito camiño por percorrer.

¡Claro que si!; claro que nós nos gabamos e nos alegramos de que existan iniciativas privadas; os que están en contra das iniciativas privadas son vostedes. Vostedes son sempre os que se poñen en contra de todos os proxectos que veñen da man de iniciativas privadas, porque xa sabemos cal é o concepto que teñen vostedes das empresas, doutros proxectos e doutras iniciativas que teñen nese ámbito. E, polo tanto, nós claro que nos sentimos orgullosos de que existan iniciativas privadas como Ponte... nas Ondas!, (*Aplausos.*) que, co apoio do Goberno, (*Aplausos.*) obteñen recoñecementos destas características, como o que tivo a Unesco con este programa.

Seguiremos traballando, e si que lle digo que imos dar pasos importantes, pasos decisivos, en relación coa implantación do Observatorio Galego da Lusofonía. Creo que é unha ferramenta importante; creo que debemos aproveitar tamén as potencialidades que ten e todo o contorno que o conforma. E aí lle garanto que nas próximas semanas poñeremos en marcha ese Observatorio Galego da Lusofonía, que foi aprobado no mes de outubro por Decreto do Goberno galego, e que esperamos seis meses —sabe vostede que houbo un proceso electoral entre tanto, no mes de febreiro—, e, polo tanto, agora estamos traballando xa para a implantación dese observatorio, que nos permita tamén ter a información e poder actuar, poder tomar as decisións coa información necesaria e suficiente para potenciar dende logo os vínculos e a unión coa lusofonía.

Reitérolles, unha vez máis —e non me cansarei de dicilo—, a disposición desta consellería e a miña propia para manter unha relación e unha colaboración intensas, única e exclusivamente, pensando no mellor, no porvir da nosa lingua e nos lazos de unión que tamén temos coa lusofonía, para facer moito máis. Evidentemente, temos que seguir avanzando para manter vivos eses lazos coa nosa veciñanza e cos nosos veciños portugueses, que nos



uniron xa hai séculos e que hoxe seguimos mantendo vivos. Eu creo que no ámbito social e no ámbito económico están máis vivos que nunca.

Polo tanto, reforzaremos as nosas políticas; reforzaremos as nosas accións; utilizaremos, dende logo, dunha forma clara ese observatorio, que constituiremos —como dicía antes— nas próximas semanas; e do que aí se determine, por suposto, será unha folla de ruta clara para as accións e as decisións que adopte o Goberno galego nos próximos anos.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Continuamos coas interpelacións; neste caso de dona María Monserrat Prado Cores e dona Iria Carreira Pazos.

**Interpelación de D<sup>a</sup> María Monserrat Prado Cores e D<sup>a</sup> Iria Carreira Pazos, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os servizos sanitarios prestados polo Sergas con medios alleos e a transparencia na súa contratación**

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Para formulala ten a palabra, por tempo de dez minutos, dona Monserrat Prado.

¿Hai algún problema? Grazas.

**A señora PRADO CORES:** Moi bo día, señor Corgos.

Eu ía empezar a miña intervención dicíndolle ao conselleiro de Sanidade, que era a quen ía dirixida esta interpelación —é certo que o Goberno pode vir contestar solidariamente; debería, cando suspenden preguntas ou cando nos lles convén vir contestar, poder vir calquera outro—, que xestiona practicamente a metade do orzamento da Xunta, isto é, sobre o corenta por cento, e que, un mes e medio despois de ser nomeado, nos parece realmente preocupante que non tivese a ben vir a este Parlamento explicar que vai facer no seu departamento, toda vez que a sanidade é unha das cuestións que máis lles preocupa aos galegos e ás galegas. En todos os estudos demoscópicos que se fan a sanidade queda en primeiro lugar, ou en segundo, como a maior preocupación que teñen os galegos e as galegas. E iso merecería, dun Goberno que realmente queira exercer para solucionar os problemas dos galegos e das galegas, vir a este Parlamento explicar que se quere facer. *(Aplausos.)*

Ía dicirle que vén tarde e que non vén motu proprio, senón que ten que vir contestar unha interpelación do Bloque Nacionalista Galego, ¡pero nin iso!; vexo que nin iso, ¿non? Sorprende, realmente sorprende. Supoño que considerarán que gobernar é facer roldas de prensa, mandar notas e cambiar as persoas de sitio; esas son as novidades que ata agora nos está deixando o conselleiro de Sanidade, pero parece que non ten ningún interese en vir explicarles aquí aos representantes dos galegos e das galegas.



En todo caso, o que digo aquí desta preocupación non o estou inventando; non é soamente unha cuestión dos estudos demoscópicos, senón que logo, día a día, non fan máis que evidenciar esa situación. Mostro unha nova publicada hai uns días, referida a área sanitaria de Vigo: *(A señora Prado Cores mostra un documento.)* «Os centros de saúde de Vigo atenderán só urxencias e outros cerrarán pola tarde», de cara ao verán. Isto merecería que o conselleiro viñese explicar e tranquilizar a poboación coas medidas que vai tomar. «Demoras de quince días para unha cita presencial» e incluso para conseguir unha receita; en Ponteareas, «demoras de tres ou catro semanas» e chegou a haber «demoras de máis dun mes»; «nenos e nenas sen pediatras». ¡Bueno!, o que queríamos era que o conselleiro viñese explicar que vai facer para solucionar todos estes problemas, porque esta situación non é casualidade —non é que pase un día, ou non é que pasase un meteorito e que impactase na sanidade pública—, senón que é froito das decisións constantes que foi tomando o Partido Popular na Xunta; decisións constantes que van sempre na mesma dirección.

O último Informe do Ministerio de Sanidade sobre o gasto sanitario consolidado di que Galiza segue estando á cola en investimento en Atención Primaria: o 11,8 por cento fronte á media do 14,2 por cento; unha media de máis de douscentos millóns de euros, máis ou menos, a respecto da media do Estado, tendo en conta que en Galiza tiñamos que estar por encima porque temos unha poboación moi envellecida e unha dispersión territorial que precisa máis investimento para dar o servizo; pero nin sequera con esas cuestións que necesitarían máis orzamento —nin aínda así!—. Estamos por debaixo, e «deses pos,» *(A señora Prado Cores ergue un documento.)* «estas lamas». Tamén di o informe que en Galiza non deixan de aumentar as persoas que contratan seguros privados e non deixan de aumentar os cartos que cada galego e cada galega quita do seu peto para pagar prestacións sanitarias que non cobre o sistema público: 540 euros por galego e por galega cada ano para pagar todas esas cuestións, esas consultas e esas prestacións que non cobre a sanidade pública. Pois mentres iso acontece, cada ano son millóns de euros os que deriva o Partido Popular á sanidade privada, cun uso arbitrario do orzamento que é dos galegos e das galegas.

Cada dato que se coñece ratifica esta cuestión. O último Informe do Consello de Contas —publicado hai nada—, isto é, o Informe de fiscalización do gasto público das administracións galegas, e, neste caso da Conta xeral do Sergas, do ano 2022, ratifica o que vimos dicindo, ¿non? Ratifica as denuncias do BNG que levamos referindo, isto é, de que a situación de deterioración non é casualidade. E ratifica —agora vou ler o que di textualmente o Consello de Contas— que o orzamento do Sergas —desde o punto de vista do BNG— e os datos de todos os informes que se coñecen van nesa dirección, isto é, van na dirección dun ecosistema perfecto para que o Partido Popular na Xunta faga uso dos cartos públicos sen dar ningunha conta *(Aplausos.)* —juso dos cartos públicos sen dar conta de como se fai ese uso! *(Aplausos.)* Pero é que non o digo eu, señor Corgos —¡non o digo eu!—. Vostede supoño que leu o Informe do Consello de Contas; pero o problema é que non é o primeiro informe que di isto, o problema é que cada vez que fan o Informe de fiscalización da Conta do Sergas seguen insistindo en que esas cousas se seguen producindo —que iso é o grave da cuestión—. Se fose un tema puntual, pois podería ser que un ano se despistasen; pero non, é unha permanente.

¿E que di ese informe do Consello de Contas? Que persiste a opacidade, a falta de transparencia, a falta de información, e, polo tanto, non se permite coñecer cal é a situación eco-



nómico-financeira real do Sergas. ¿Que di ese informe? Que hai un financiamento adicional respecto do orzamento que presentan de case medio millón de euros, de 479 millóns de euros, no ano 2022. Polo tanto, o orzamento da Consellería de Sanidade ten unha capacidade moi limitada para ser un instrumento de planificación e para saber realmente cantos recursos hai e a que se destinan, porque aos que poñen logo lles fan modificacións e, ademais, aumentan exponencialmente esas partidas.

¡Claro! poden parecer... ¡Bueno, 479 millóns de euros!, pero é moitísimo máis que a Consellería do Mar, que ten 214 millóns; ou máis que a de Medio Ambiente; ou máis que a súa, a de Facenda; ou máis que a de Economía e Industria. É dicir, isto a maiores; é dicir, unha modificación... Realmente, ¿que planificación realiza un Goberno cando fai todo ese aumento?; ¿a onde vai parar?; ¿a que se destina? ¿Por que non o poñen nos orzamentos iniciais? Porque o que di o Consello de Contas é que a maioría deses gastos son previsibles. ¿Por que non o poñen no orzamento inicial?, ¿para que non se poida fiscalizar cara a onde van facer esas modificacións de crédito?, ¿para que non poidamos fiscalizar que, por exemplo, na atención primaria, cuns recursos sempre escasos, resulta que fan a modificación de crédito de 12 millóns de euros que van para Povisa e os quitan da atención primaria? ¿Ou outros van para Povisa e resulta que os quitan do que tiña que ir aos hospitais? ¿É por iso que non presentan un orzamento acorde co que teñen que facer?

¿Que di o Consello de Contas? Que hai un aumento do gasto de servizos prestados con medios alleos —é dicir, destinados á sanidade privada— de 226 millóns de euros, e que foi aumentando cada ano, por moito que o relato do Partido Popular diga que vostedes non... Dío o Consello de Contas. Desmíntao vostede e dígalle que mente ao Consello de Contas, (*Aplausos.*) que hai un uso permanente dos contratos menores, dos negociados sen publicidade, das autorizacións de uso, dos fraccionamentos de contrato...; que non se xustifica o uso desa forma. Din que a duración dos contratos se estende ao límite establecido e, cando chega a ese límite, o que fan é prolongalos con fórmulas como o interese público e mesmo mediante a utilización espuria —dío o Consello de Contas— da figura de autorización de uso temporal. E non o di neste informe do ano 2024, é que o di nos anteriores, nos anteriores e nos anteriores, que fan un uso espurio de fórmulas contractuais que non se corresponden co que ten que ser unha administración pública.

¿Por que o fan? Pois para que non saibamos para que e a quen destinan vostedes os cartos destinados á sanidade privada, que hai xestión de servizos e ningunha fórmula contractual, que reiteran o uso dos documentos AOD e APK, que significa que chega unha factura e, no mesmo acto, págana, fan o informe e demais; é dicir, unha cantidade de cartos, de millóns, sen que teñan un contrato previo, sen que fagan unha licitación, sen que se saiba canto vai custar o servizo e por que se lle adxudica por ese prezo e non por outro. Dío reiteradamente o Consello de Contas.

¿Por que fan este uso permanente, espurio, con ocultación, con nocturnidade, con aleivosía, dos cartos públicos dos galegos e das galegas, cando tiñan que ir para a atención sanitaria do conxunto dos galegos e das galegas, señor Corgos? (*Aplausos.*)

¿Que di o Consello de Contas? Que vén aquí o Partido Popular e di que hai máis persoas traballando no Sergas que hai non sei cantos anos e tal... ¿E que di o Consello de Contas? Di que





no que respecta ao número de efectivos nos que se materializa este gasto, na memoria non acompañan cal é o número de efectivos, e din que, a diferenza son contratacións conxuntu-rais que están por riba do 16 por cento do que establece o cadro de persoal. E aí é onde está a trampa: o cadro de persoal di unha cousa e logo vostedes o que teñen que facer é contratacións sistemáticas; o que significa precariedade, temporalidade e abuso na contratación do persoal. *(Aplausos.)* ¡Do persoal! Un 16 por cento. ¡Un 16 por cento! E tamén o di...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando.

**A señora PRADO CORES:** ...o Consello de Contas.

Polo tanto, señor Corgos, en representación do conselleiro de Sanidade —que non quere vir comparecer a este Parlamento, e ás probas me remito—, explíquenos vostede como a sanidade pública está cada vez con máis deterioración, con menos recursos, con menos capacidade de atender as demandas dos galegos e das galegas e que, con todo, vostedes derivan cada vez máis cartos á sanidade privada, e ademais fano con ocultación, para que non se saiba como, cando e a onde. Explíquenos vostede estas cousas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas, señora Prado.

Para dar resposta, ten a palabra, en nome do Goberno, o conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Miguel Corgos.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado):**

Señora presidenta —neste caso—, señoría, bos días.

Efectivamente, veño responder a súa interpelación en nome do Goberno. Como o teor da pregunta facía referencia ao Informe de fiscalización da Conta xeral do Sergas, neste caso do ano 2022, pois pensamos que era acaído que eu, como máximo responsable das contas da Comunidade Autónoma, comparecese para falar destes asuntos, sen prexuízo de que o conselleiro de Sanidade tamén veña aquí comparecer cando o estime conveniente, que estou seguro de que será proximamente.

O primeiro que quero lamentar é a súa visión; unha visión que adoitan ter para mostrar unha realidade distorsionada da xestión da acción do Goberno, neste caso no eido sanitario; e se para iso é preciso atacar o sistema público da sanidade galega achegando uns datos que son incompletos e inexactos, a teor do que o di o Informe do Consello de Contas, pois dá igual, dicímolos e xa está para manter o noso relato.

O seu discurso catastrofista, señoría, desmóntano os propios usuarios da sanidade pública; todos os galegos e galegas que cada día fan uso dos nosos hospitais, dos nosos centros de saúde, e que son tratados polos nosos excelentes médicos, enfermeiras e demais persoal sanitario. Porque cada vez que se lles pregunta, efectivamente, amosan a súa preocupación,



pero tamén din que a sanidade pública galega está entre as mellor valoradas. (*Aplausos.*) Así, segundo o segundo o Barómetro sanitario 2023, elaborado polo CIS, non pola Xunta de Galicia, os galegos valoran mellor que o resto dos españois a sanidade pública fronte á privada, a atención primaria, a atención especializada e os servizos de urxencia.

Comezando pola parte asistencial —que é o máis importante, porque os números, os orzamentos e os contratos para o que deben servir é para que os galegos estean ben atendidos no eido sanitario—, vostede na súa pregunta parece que esquece que vivimos unha pandemia que afectou a actividade asistencial, e non só en Galicia, senón en todo o mundo. E o que si que di o Informe do Consello de Contas —e que vostede tamén o leu—, na súa páxina 29, é que a actividade asistencial se viu afectada por esta circunstancia, e que non foi ata finais do ano 2022 cando se comezaron a recuperar os niveis prepandemia, que xa están plenamente recuperados no ano 2023. Iso si que o di —nas súas conclusións, non na parte expo-sitiva— o Informe do Consello de Contas.

Aínda así, o Ministerio de Sanidade, no seu último informe de indicadores das listas de espera correspondentes ao peche do ano 2023, constata que Galicia é unha das comunidades con menores listas de agarda, como polo miúdo acontece nas intervencións cirúrxicas, ocupando a terceira posición, só por detrás das comunidades de Madrid e do País Vasco.

Señoría, tampouco podo estar de acordo no que fala de falta de transparencia, porque non se axusta á realidade; para empezar, estamos a falar dun informe que versa sobre unhas contas presentadas en tempo e forma, e publicadas, porque tanto os responsables do organismo fiscalizado como o seu persoal, prestaron unha axeitada colaboración, aportando toda a información que demandaron os propios auditores, e o organismo fiscalizador reflicte nese mesmo informe os avances que se están a realizar para cumprir as recomendacións de anos anteriores. E isto tamén o indica na súa parte de conclusións, na parte das limitacións ao alcance, o Informe do Consello de Contas.

Por poñerlle só dous exemplos de recomendacións atendidas: o reforzo do sistema de compras centralizado, para ser máis eficaz nas adquisicións, ou máis recentemente, nos orzamentos deste ano inclúense as tres fundacións de investigación sanitarias, antes incluso de que a IGAE —que é o órgano competente para iso— as clasificase dentro do sector público autonómico.

Ademais, e agora en sede parlamentaria, comparezo eu, como puido comparecer o conselleiro de Sanidade, para explicarlle todas as cuestións sobre as que vostede pide aclaracións. Polo tanto, hai total colaboración cos auditores do Consello de Contas, total transparencia nos datos achegados por parte do Goberno galego e damos todas as explicacións que demanda o seu grupo tamén aquí, no Pleno do Parlamento de Galicia.

Estamos a falar, señoría, dunha actividade e dun sector que, se me permite, é o noso ben máis prezado, a nosa sanidade pública. Quero lembrar que a Consellería de Sanidade supuxo un 44 por cento do gasto total da Xunta no ano 2022 —do gasto, non do orzamento—. É o departamento con maiores recursos. Para ser máis concreto, neste ano 2024, o orzamento que a Xunta de Galicia inviste na sanidade pública galega ascende a 5.190.000 millóns de euros, a cifra máis alta da historia. Nunca a sanidade pública galega tivo tantos recursos.



Ademais, Galicia consolidou o gasto extraordinario da pandemia e incrementouno nun 3,4 por cento no exercicio no que refire o informe, do ano 2021 ao ano 2022, e aínda duplicou ese crecemento para o ano 2023, medrando un 8,6 por cento este nivel de gasto. Xa lle confirmo que este compromiso de reforzo da sanidade pública continuará nos anos vindeiros.

Unha vez enmarcado este esforzo orzamentario continuo, tentarei explicarlle como se realizan as contratacións ás que tamén fixo referencia.

En primeiro lugar, cómpre lembrar que o Consello non fai recomendación ningunha neste eido, agás a referida aos contratos de uso, que el mesmo, na parte das recomendacións — que é a parte importante, páxina 30 —, reconece que están a ser regularizados. Polo que tan mal non o debemos facer, señoría.

Por outra banda, o Sergas caracterízase por traballar con produtos protexidos con dereitos de patente, como ben sabe, e con produtos novidosos desde o punto de vista terapéutico, ás veces só fabricados por uns laboratorios en concreto, ou por un único laboratorio na maioría dos casos, para mellorar os tratamentos dos galegos e das galegas. Isto fai que os contratos negociados teñan un maior peso no resto das consellerías que, por exemplo, nunha consellería máis administrativa como a miña, a Consellaría de Facenda, ou nunha consellería que se dedique á obra pública, como a de Vivenda.

No caso das patentes, ao haber un único fornecedor, dáse por cumprida a publicidade e a concorrência coa acreditación desta exclusividade.

Non é, como vostede insinúa, que non se permite a competencia, é que non hai competencia; hai un único fornecedor, como, por exemplo, ocorre coa patente da vacina intranasal — para nenos e nenas de 2 a 5 anos de idade, de recente incorporación —, da vacina contra o virus respiratorio sincicial — que este ano evitou o ingreso por bronquiolite de máis de 400 rapaces, e que sitúa a Galicia á cabeza do mundo en protección infantil con vacinas — (*Aplausos.*) ou da vacina contra a gripe de alta carga, que permite unha maior e mellor protección aos colectivos vulnerables, como persoas maiores ou inmunodeprimidas, e que reduce os casos de gripe, hospitalización e complicacións asociadas a esta enfermidade, como o que acontece con outros moitos máis medicamentos que se administran nas instalacións dos servizos de saúde e que están protexidos por estas patentes.

Por tanto, señoría, a contratación negociada emprégase naqueles supostos nos que a actuación a contratar encaixa nesta figura legal, e ademais estes expedientes contan tamén cun informe favorable, no seu caso, da Asesoría Xurídica e da Intervención do Sergas. Co cal, esta tipoloxía de contrato ten os seus procedementos de comprobación e control, conta con todas as garantías que recolle a normativa vixente e non deixa dúbida ningunha sobre a legalidade do proceso, como tampouco a deixa o Informe do Consello de Contas.

Polo tanto, existe control do diñeiro público e cumprimento dos principios que rexen a contratación pública, porque, insisto, son bens subministrados por un único provedor. E facemos isto compatibilizándoo coas recomendacións do mesmo Consello de Contas relativas a reforzar o sistema de compras centralizadas. Así, se se miran os expedientes de compras



centralizadas e o valor polo que se licitan e se comparan co valor adxudicado, o aforro medio é dun 9 por cento, máis de 1,4 millóns de euros de aforro ao ano; aforros que poden chegar ata o 29 por cento no mellor dos casos nalgún expediente, e tendo en conta que no eido sanitario o menor prezo debe ser compatible con outros importantes criterios e prioridades, como son a calidade e a eficacia na provisión dos produtos sanitarios. Isto non quere dicir que non se poida e que non se deba mellorar neste eido.

Por outra banda, vostede tamén sinala na súa pregunta que dedicamos 226 millóns de euros no ano 2022 a concertos, 225 en termos de contabilidade nacional, a servizos prestados con medios alleos. Pero o que non di é que o informe, na súa páxina 137, indica que mentres o gasto real do Sergas creceu entre o 2018 e o 2022 un 22 por cento, o gasto real na actividade concertada o fixo tan só nun 7 por cento. É dicir, perdeu peso, e isto fai que o peso do gasto do Sergas en concretos coa privada supuxese tan só un 4,7 por cento do total. No propio informe, no cadro, dende o 218, na páxina 135, tamén se constata como o peso destes concertos sobre o total é cada vez menor. Así é como se deben analizar os datos, señoría. *(Aplausos.)*

Señoría, ¿sabe cal era esta porcentaxe no goberno do que vostedes formaban parte? Do 6 por cento, posto que o incrementaron en nada máis e nada menos que nun 48 por cento nos catro anos que gobernaron. Agora parécelle moito un 4,7 por cento, e antes non vía elevado un 6 por cento. Non parece moi coherente, señoría.

Ademais, na pasada lexislatura, votouse unha resolución neste mesmo Parlamento para situar esta porcentaxe por debaixo dese 6 por cento, tal e como o Consello de Contas acredita nos seus informes que leva acontecendo dende o ano 2009, e vostedes non apoiaron esta proposta, curiosamente.

En conclusión, os datos desmenten a súa obsesión por desprestixiar a sanidade pública galega, unha das mellores de España. O Goberno galego é transparente e colabora co Consello de Contas, organismo que non fai alusión nas súas recomendacións aos procesos de contratación do Sergas.

O Sergas emprega o procedemento negociado só cando as características do produto o fan preciso, pero cumprindo cunha fiscalización exhaustiva dos fondos a el destinados.

O peso dos concertos é cada vez menor, e moi inferior ao que había durante o Goberno bipartito. O nivel asistencial comeza a normalizarse dende finais do 2022, e está plenamente recuperado no 2023. Dende a Xunta de Galicia redobraremos o noso esforzo para asegurar un servizo de calidade e para facilitarlle á cidadanía o acceso aos fármacos e aos tratamentos coas últimas innovacións.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señor Corgos.

Rolda de réplica para a señora Prado Cores.



**A señora PRADO CORES:** Bueno, señor Corgos, podería ter vido o conselleiro de Sanidade, pero non veu, cando as outras veces que fixemos aquí preguntas ou que nos interesamos polos resultados do Informe do Consello de Contas sempre compareceu o conselleiro de Sanidade respectivo. *(Aplausos.)* Entón, parece que vostedes, nesa escalada de crear relato, pretenden como que o tema das contas son números, que é unha cuestión técnica e están á marxe do uso que se fai deses recursos. E ese é o problema. Vén vostede hoxe aquí como dicindo que o tema do Informe de fiscalización do Consello de Contas é unha cuestión técnica, de cadrar números. Non, o Informe do Consello de Contas, señor Corgos, transloce textualmente, por unha parte, que o orzamento do Sergas non é un documento fiable para facer unha valoración de que asistencia se presta con eses recursos, que se fai con escurantismo, sen transparencia — textualmente dío así, dío textualmente— e que hai un aumento de case cincocentos millóns de euros a maiores do que pon no orzamento. E a cuestión é: ¿por que sistematicamente fan vostedes iso? ¿Por que non o poñen no orzamento inicial para que saibamos que planifican, con que cartos e a onde vai destinado? ¡Porque queren ocultar a onde destinan os cartos! *(Aplausos.)* Esa é a realidade. *(Aplausos.)*

E vostede di aquí que nós vimos... Podían cambiar un pouco os papeis. Dígoo porque, vale, está ben como relato, pero vimos aquí cun discurso catastrofista, que non se corresponde... ¿Pero vostedes saen á rúa? ¿Pero vostedes van ás portas dos centros de saúde? ¿Pero vostedes van ás portas dos hospitais? Pregúntenlle á xente. ¿Pregúntanlle á xente a desesperación de non ter médico de cabeceira en 15-20 días, a demora nas probas diagnósticas, as demoras para as intervencións? Deixen de enganar a xente cos tempos de espera, señor Corgos. Iso xa non é da súa competencia, igual non o sabe. Pero é que vostedes aí soamente poñen prioridade unha e dúas —que pasan meses e anos agardando—, pero o resto ¿que pasa con eles?, ¿que non sofren?, ¿que non empeoran as súas patoloxías? É a pregunta é: ¿por que, se esta situación é denunciada continuamente polo Consello de Contas, vostedes non a solventan? ¿Por que non a solventan? Porque non é unha cuestión pospandemia, señor Corgos. Os informes do Consello de Contas antes da pandemia xa mostraban toda esta situación.

Di vostede que o mantra dos negociados sen publicidade e estas cuestións así a dedo son polo tema das patentes. Pero, ¿canto gastan neses medicamentos de patentes, señor Corgos? E, entón, todos estes recursos que di o Consello de Contas... Porque por ese sistema de negociados sen publicidade a Consellería de Sanidade, o Sergas, contrata máis do 80 por cento dos servizos que fai, ¡máis do 80 por cento!, dito pola súa consellería. ¿O 80 por cento da contratación do Sergas, vai para medicamentos con patente? Non, claro que non. ¿E por que o conselleiro de Contas di que, por exemplo, o Centro Médico do Carmen, por estes documentos ADOK, contrata o 56 por cento do total do que teñen, a pesar de ter concerto, de ter contrato? ¿Por que máis da metade vai por este mecanismo? ¿E as patentes son para este centro médico ou para Cosaga, para Polusa, para Quirón ou para A Rosaleda? ¿Si?, ¿son eles os que compran as patentes? Non nos tomen por imbéciles, perdoe. ¡Non nos tomen por imbéciles! O seu, o do Partido Popular, é unha escolla ideolóxica, de pensar que o orzamento da Xunta é seu; e o orzamento da Xunta é dos galegos e das galegas, que o pagan cos seus impostos, *(Aplausos.)* ¡que o pagan cos seus impostos! *(Aplausos.)*

A cuestión é que nin transparencia, nin control da xestión dos cartos públicos, nin igualdade de condicións para as empresas que poidan querer tamén concertar coa Xunta de Galiza.



Vostedes non lles dan esa oportunidade, non facilitan información, non queren auditorías, votan en contra de facer auditorías, votan en contra de comisións de investigación para que haxa luz e taquígrafos, minimizan os informes do Consello de Contas, como acaba de facer vostede aquí, dicindo que non e que iso son cuestións contables. Unha vez e outra cualifica o Consello de Contas de espurias as prácticas para contratar coa sanidade privada e a prestación de servizos. E niso —remato, señor conselleiro— ¿que teñen que ocultar?, ¿que ten que ocultar o Partido Popular para non querer que se saiba como usan o orzamento?

Non poden usar o orzamento público coma se fose do Partido Popular. Por iso hoxe vostede veu aquí botar balóns fóra e dicir que todo estaba ben, cando os informes do Consello de Contas unha e outra vez din que iso non é así. Polo tanto, eu voulle pedir...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** ...tres cuestións: que remate con esta derivación permanente de recursos públicos cara á sanidade privada, que poñan fin —como lle vén demandando o Consello de Contas— a estas prácticas na contratación sen concorrencia, publicidade e igualdade de trato e sen que haxa unha fiscalización previa. É que practicamente unha parte moi importante é: chega a factura e pagámola, sen que haxa ningunha cuestión previa. ¡Luz e taquígrafos! Presenten informes neste Parlamento para que saibamos realmente como usa o Partido Popular os cartos dos galegos e das galegas, que tiñan que ir prestar unha sanidade pública de calidade e digna aos galegos e ás galegas, a protexer os traballadores e traballadoras, e o Partido Popular non o destina a esas cuestións...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando.

**A señora PRADO CORES:** ...senón que oculta realmente o que fai con eles.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, o señor Corgos.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado):** Grazas.

Grazas, señoría, polas súas apreciacións.

Eu xa lle digo que falta de transparencia no orzamento do Sergas, cero. Cando se presentan os orzamentos, explícanse claramente a que partidas van dedicados, e si que é certo —e recoñézo— que existe unha desviación no gasto real porque, ao final, ao que hai que atender é ás necesidades que xorden en cada exercicio, e aténdense. *(Aplausos.)* Esa é a diferenza. *(Aplausos.)*

Eu acórdome de que me preguntaron no ano 2022 —o que refire este informe—, cando estaba a presentar os orzamentos —creo que estaba a señora Presas presente—, por que non



medraba máis o orzamento do Sergas, e nós dixemos que porque estabamos a absorber os gastos extraordinarios da pandemia. No ano 2021 gastáronse —e indícao aquí este informe— exactamente 245 millóns de euros extraordinarios para atender os gastos da pandemia. E dicíamos que eses 245 millóns de euros agora xa reconducían a actividade ordinaria para recuperar esa actividade ordinaria e que se fose preciso empregar máis recursos así o faríamos. E así aconteceu, porque a campaña de vacinación terceira que estaba planificada para decembro do ano 2021 se trasladou por motivos técnicos decididos polo Sergas a xaneiro e febreiro do ano 2022, o que implicou máis que os extraordinarios. E a cuarta rolda de vacinación para os maiores realizouse aínda en outubro do ano 2022, o cal supuxo máis recursos. O propio informe do Consello de Contas así o indica. Mire o cadro, onde pon 105 millóns de euros máis, que, efectivamente, non estaban previstos no orzamento, pero que teñen toda a xustificación do mundo para ser executados. Por suposto, a Xunta puxo enriba da mesa eses recursos que eran precisos para atender a necesidade sanitaria.

Así que eu, por un lado, lle intentei expoñer este continuo esforzo orzamentario do Goberno coa sanidade pública, que reconece o propio Informe do Consello de Contas —como dicía—, na súa páxina 43, ao lembrar que entre 2018 e 2022 o aumento do gasto real superou o 22 por cento, o que supón case mil millóns de euros máis en catro anos para a sanidade pública galega. E —insisto— consolidamos orzamento extraordinario da pandemia. Como acabo de dicir, tivemos que facer fronte a 105 millóns de euros extraordinarios de gasto covid aínda no 2022 e que non foron financiados por ningún fondo adicional, como pedimos no seu momento; financiámolo co orzamento da Comunidade Autónoma. Ademais, reitero que o gasto de sanidade acadou o 44 por cento do total —xa o dixen na miña anterior intervención—, cun orzamento no presente ano de máis de 5.100 millóns de euros, o máis elevado da historia.

Por outro lado, tamén lle tentei explicar as circunstancias que motivan o emprego de cada procedemento de contratación que utiliza o Sergas, así como o labor que desde esta entidade se leva a cabo para centralizar as compras e conseguir aforros. Reitero, todos estes procedementos son legais, porque así os recolle a Lei de contratos e así o reconece o propio Informe do Consello de Contas, que non reconece ningunha taxa de ilegalidade. ¿E quen é o que di que hai que comprar os medicamentos con patente? Os propios facultativos. Non o di nin o que fai os orzamentos, nin o Consello de Contas, nin ningunha consellería. E en función desa exclusividade por patente, aplícase o correspondente procedemento fixado na Lei de contratos do sector público, señoría.

En canto ás autorizacións de usos, vaíamos ás recomendacións do Informe do Consello de Contas. É a parte importante, é a parte dispositiva do informe, non é a parte na que se detallan as diferentes probas de auditoría realizadas, que moitas veces son puntuais e non teñen representación suficiente para achegarse ao lado das conclusións: «Recoméndase a regularización dos contratos de servizos para a prestación de asistencia sanitaria con medios alleos que se manteñen no tempo e sen soporte contractual axeitado». Considérase que a recomendación se cumpriu parcialmente, xa que nas provincias de Lugo, A Coruña e Pontevedra se regularizaron certos contratos, pero aínda existen situacións anómalas no marco contractual na provincia de Ourense. E nas alegacións achegadas polo Sergas xa se indica que na provincia de Ourense é onde se está a actuar para regularizar os contratos que restan.



Polo tanto, ¿de que irregularidades nos está a falar no eido das contratacións se as propias recomendacións do Consello de Contas indican o contrario?

Así acontece tamén na contratación de determinados contratos de servizos, como algúns mantementos de equipos que precisan aparellos específicos, cunha soa empresa autorizada ao rexistrala para mantelos. O cal non é óbice para non ter en conta o sinalado polo Consello de Contas e seguir a mellorar e a velar para acadar a adquisición dunha mellor porcentaxe de fornecementos a través do procedemento aberto, claro que si. Temos que seguir esforzándonos, imos seguir controlando os procesos de contratación e imos seguir a tratar de mellorar os procedementos de contratación e a centralos para ir a procedementos abertos. Neste sentido, quero salientar o esforzo que se está a facer dende o Goberno galego para contar con tratamentos tan novidosos como os CAR-T —novos tratamentos exclusivos aos que se dedicarán 127 millóns de euros; eses tamén teñen un só provedor—, ou o calendario de vacinas. Este esforzo do Sergas en incorporar as últimas técnicas de actividade asistencial vén recoñecido pola valoración dos galegos e galegas da sanidade pública. Como, por exemplo...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando, señor Corgos.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado):** ...o que tamén fai referencia nas alegacións do informe á incorporación da cirurxía robótica no ano 2021, que permite realizar incisións máis pequenas e precisas que fan —xa remato, señoría— que o paciente pase menos tempo no hospital e que a súa recuperación sexa máis rápida —recollida na páxina 261 do informe—.

E por tempo, simplemente vou rematar dicindo que —como xa lle dixen anteriormente— todos os procedementos de contratación menores e negociados sen publicidade cumpren cos requisitos legais, son obxecto de control e son publicados no Portal de Contratos e de Transparencia.

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas, señor Corgos.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado):** O contrato permanente exerce de xeito continuo durante o exercicio económico mediante a realización de revisións sistemáticas da actividade económico-financeira. E, ademais, contamos co control externo do Consello de Contas, con estes informes dos que vimos dar conta periodicamente.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

Continuamos coa seguinte interpelación.

**Interpelación de D. Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, sobre a planificación da creación de solo empresarial nesta lexislatura**





**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Como sabe, ten un tempo de dez minutos.

Ten a palabra, señor Ojea.

**O señor OJEA BOUZO:** Moitas grazas, presidencia.

Moi bos días, señorías.

O contido da interpelación dou por suposto que o coñecen todos vostedes, porque está rexistrada. Vouna repasar para que o Goberno da Xunta, que está interpelado para responder, refresque a memoria; a ver se nos dá unha resposta que nos poida satisfacer.

Na interpelación comezamos falando do que estimamos unha errática planificación do chan empresarial galego, coas consecuencias que iso ten no paro, na implementación de industrias, etcétera. É unha cuestión recorrente que, polo pouco tempo que levo estando neste Parlamento, vexo que preocupa a totalidade dos deputados e deputadas, e que por un motivo ou por outro sae a colación frecuentemente.

E indo xa do xeral ao particular, o caso que nos ocupa fundamentalmente na interpelación é a situación do que se concibiu nun principio como un polígono industrial do val da Rabeda, para o que a Xunta adquiriu terreos nos concellos de Taboadela e Paderne de Allariz, na provincia de Ourense. Gastáronse máis de dez millóns de euros. Naquel momento vendeuse como a panacea, a solución de moitísimos problemas da provincia. Non é un único caso. Ao longo da sesión de hoxe evocáronse outros e, no caso concreto da provincia de Ourense, eu tamén podería recordar moitos outros —eu que sei como chamarlle— «merlos brancos» desta clase de proxectos que despois quedaron en nada.

Hoxe ocúpanos este, e o que nos preocupa coñecer sobre todo é que, unha vez que parece descartado —a ver que resposta nos dá o representante do Goberno, que non sei se é así— o destino industrial desta ampla superficie, para a que se gastaron, como digo, máis de dez millóns de euros dos cartos públicos, ¿cal é, entón, se non é o destino industrial para o que se concibiu inicialmente, a idea que ten o Goberno da Xunta de Galicia para este con-torno?

Lembro entón as tres preguntas que configuran a interpelación. ¿Que vai facer —primeiro, en termos xerais— o Goberno da Xunta de Galicia para cambiar a situación do chan empresarial galego durante esta lexislatura? E tamén queremos saber se nos pode dar unha resposta que permita anticiparnos ao que podería ser unha xestión eficiente do chan galego, que estimamos ata este momento que é moi deficiente, e, como digo, as consecuencias a longo prazo que iso ten.

A segunda pregunta: ¿como ten previsto mellorar ou impulsar, no caso concreto, o desenvolvemento económico e empresarial da provincia de Ourense? E, a ser posible, con medidas novas, non coas que teñen demostrado non funcionar ata agora. Como di o vello adagio: se fas sempre o mesmo, acabarás obtendo o mesmo. Se non queremos seguir tendo a mesma situación, haberá que probar a facer cousas novas, ¿non? É de Perogrullo.



E a terceira pregunta —última, pero non menos importante, como din ás veces os ingleses—: xa que se desembolsaron máis de dez millóns de euros de cartos públicos, ¿por que non se toma o proxecto do polígono industrial do val da Rabela? Que nos dean unha explicación. No caso de que non se retome ese proxecto, cal é a razón de que non se retome. E implícita está, loxicamente, a cuestión de que uso se lle daría a esa ampla superficie, que hoxe está cuberta de maleza e de todo o que a natureza ten a ben decidir cando un chan se deixa ceibe e sen atención.

E, nada máis, esperemos que a resposta do Goberno non sexa: «estámolo facendo ben porque gañamos as eleccións». Non, que nos dea unha resposta máis concreta.

Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Ojea.

Para a resposta do Goberno, a conselleira de Economía e Industria, dona María Jesús Lorenzana Somoza.

**A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza):** Grazas, presidente.

Bo día.

Bo día, señor Ojea. Aproveito, xa que é a primeira vez que debatemos, para saudalo.

En primeiro lugar, vostede foi moi parco agora, pero na súa interpelación creo que magnifica unha situación catastrófica en canto á saída de talento de Galicia e á escasa ou nula efectividade da política que levou a cabo o Goberno da Xunta en canto ao solo empresarial e á atracción industrial. Quero empezar por sinalar algúns datos que creo que é importante que se coñezan e que nada reflicten a situación que vostede está poñendo de manifesto.

Mire, no último informe de competitividade rexional que saca o Consello Xeral de Economistas de España no ano 2023, somos a segunda comunidade, despois de Madrid, máis competitiva. En concreto, destácase que é moi importante tanto o ámbito ou a contorna institucional como o capital humano e o mercado laboral galego como determinantes para esta competitividade, así como tamén a innovación, a contorna económica e a eficiencia empresarial.

Vostede fala de que fomos nulos na atracción de investimento estranxeiro, e resulta que Galicia captou no ano 2023 un 132 por cento máis de investimento estranxeiro que no ano 2022, cando a media de España descendeu un 18 por cento.

E por sectores de actividade, é precisamente a industria —estes son datos do Ministerio de Industria— a que lidera a captación de investimento estranxeiro, de capital estranxeiro directo na última década, máis de 1.140 millóns de euros.



E fala tamén da saída de talento —que é algo que é unha teima que creo que comparte con algún outro partido político—, da saída de persoas de Galicia, cando os datos son absolutamente os contrarios. O presidente da Xunta creo que o leva dicindo xa hai tempo e insistindo. Son datos obxectivos: no ano 2023 o INE sinalaba que Galicia superamos de novo os 2,7 millóns de habitantes. Isto é polo aumento de persoas que entran en Galicia. En concreto, gañamos o ano pasado o 6.448 habitantes, cando por falecementos perdemos 9.200 galegos. Isto é, precisamente, pola entrada de persoas de fóra de Galicia: máis de 15.600 persoas que retornaron a Galicia o ano pasado.

Polo tanto, o saldo migratorio que estamos tendo en Galicia dende o ano 2009 é positivo. Chegaron a Galicia máis de 87.000 persoas. E estes saldos migratorios son os que están, precisamente, permitindo compensar os saldos vexetativos negativos que ten a comunidade autónoma. Co cal, de verdade que lle rogo que analice. Estes son datos, como digo, do INE, do Ministerio de Industria, para as cuestións que acaba de afirmar e que afirma na súa interpelación, porque sinceramente que non son certos nin responden á realidade do que está ocorrendo na nosa comunidade.

Tamén fala do desastre das medidas levadas a cabo por parte do Goberno da Xunta ata o de agora. E, se ben é certo que por suposto que temos marxe de mellora —e para iso estamos o Goberno, para continuar traballando—, tamén é verdade que se levaron a cabo moitas medidas que son as que dan lugar aos datos económicos que lle acabo de dicir.

En primeiro lugar, púxose en marcha a medida dos concellos emprendedores, que non sei se o coñece ou non, pero estamos esperando a que o Concello de Ourense solicite ser consello emprendedor. Porque vostede sabe —ou supoño que coñece— que esta medida favorece precisamente a implantación das empresas nos concellos; favoréceo con incentivos fiscais, favoréceo con medidas de simplificación administrativa e favoréceo con facilidades para o acceso ao solo industrial. Pero Ourense, con todo, decidiu que non se quería sumar a unha iniciativa á que xa se sumaron centos de concellos en Galicia. (*Aplausos.*)

Fala tamén de que non se adoptaron medidas de solo empresarial. E, dende logo, a provincia de Ourense foi unha das máis beneficiadas polas decisións en materia de solo empresarial que se adoptaron nos últimos anos. Sabe que se puxo en marcha unha política de bonificacións; política de bonificacións xeneralizada dun 30 por cento do solo público empresarial e para determinadas provincias —e unha delas a de Ourense— dun 50 por cento de bonificación. É dicir, o solo empresarial público na provincia de Ourense ten un 20 por cento máis de bonificación que o resto de Galicia.

Implementouse o dereito de superficie que, como sabe, permite pagar un prezo moi reducido e que é moi aceptado polos empresarios e empresarias galegas. E mesmo se facilitou o alugueiro en determinados parques empresariais para poñer en valor solo empresarial tamén da Xunta, cando se trataba de instalacións non permanentes.

Todo isto, esta política de bonificacións, deu lugar, entre o ano 2015 e o ano 2023, a un impacto moi importante na economía galega. Adxudicáronse 3,11 millóns de metros cadrados e 846 parcelas, e 613 empresas beneficiáronse. Soamente na provincia de Ou-



rense se beneficiaron ou houbo unha política de bonificacións por valor de 8,6 millóns de euros.

Dito todo isto, si é certo que por suposto que temos que seguir mellorando e que temos que seguir atraendo máis empresas. Eu creo que a primeira decisión deste goberno á hora de que imos facer coa política de solo empresarial a comunicou o propio presidente da Xunta coa estrutura do novo Goberno, e é esa decisión de que o solo empresarial, as políticas de solo empresarial, se xestionen desde esta consellería, desde a Consellería de Economía e Industria. Isto supón, polo tanto, unha primeira grande aposta, creando unha Dirección Xeral de Solo Empresarial. É a primeira vez na historia da Comunidade Autónoma que existe unha dirección xeral específica de solo empresarial e que, ademais, como digo, depende en concreto da Secretaría Xeral de Industria.

¿Que imos facer? En primeiro lugar —xa está anunciado—, puxemos en marcha nos cen primeiros días de goberno medidas para solo empresarial gratuíto a custo cero durante os oito primeiros anos. Isto, como digo, é un compromiso do presidente durante a súa campaña e anunciarase durante estes cen primeiros días.

¿Como imos organizar o solo empresarial? Dende logo, con medidas que teñen que ter en conta a axilidade, a flexibilidade e as decisións das empresas. Temos que falar co tecido produtivo para saber das súas necesidades de superficie, de solo. Tamén, por suposto, cos concellos e temos deste xeito que dimensionar ben o solo empresarial. Pero isto partindo sempre de algo que para nós, dende logo, como Goberno é crucial, que é o respecto ao territorio e á seguridade xurídica da planificación do solo que fagamos.

E dígolle isto porque vostede en concreto fala dun polígono industrial. Non é un polígono industrial, ou non era, o do val da Rabeda. Era un plan territorial integrado, era bastante máis, unha figura territorial diferente do polígono industrial.

Eu creo que vostede o coñece, e coñéceo porque xa o preguntou no seu momento cando vostede estaba na Deputación. E coñéceo porque tamén se preguntou neste Parlamento por parte doutro partido político. Di que parece descartado. ¿Como que parece descartado? Está desistida polo Consello da Xunta esta operación. Pero é que está desistida polas afeccións territoriais que ten este PTI.

Entón, eu non entendo ben se é que non recorda a pregunta que no seu momento fixo. Esta resposta do Goberno da Xunta está publicada no *Boletín do Parlamento*. E claramente no desestimento que fai o Consello da Xunta no ano 2010 respecto deste PTI iniciado no Goberno bipartito refírese á imposibilidade de desenvolver determinados ámbitos dentro do PTI polas innumerables afeccións que ten o territorio. En concreto, dúas liñas eléctricas que o atravesan, restos arqueolóxicos que é preciso conservar, unha liña ferroviaria de alta velocidade... Todo isto foi o que fixo que o Goberno da Xunta no seu momento tomase esa decisión de desistir do proxecto.

¿Que imos facer? Pois eu supoño que vostede tamén sabe que agora mesmo está en tramitación o parque empresarial de Paderne de Allariz, que formaba parte dese ámbito do PTI. E



vostede tamén saberá que son máis dun millón de metros cadrados brutos e que estamos aí investindo ou imos investir 63,78 millóns de euros.

O IGVS acordou no seu momento licitar o plan estruturante de ordenación do solo empresarial nesta zona, neste ámbito, e agora mesmo está en tramitación, xa foi aprobado inicialmente e saíu á información pública no *DOG* do 28 de novembro do ano 2023.

E, como isto, hai outras actuacións moi importantes que se están levando a cabo en canto ao solo empresarial na provincia de Ourense que supoño que vostede coñece. Hai máis de 400.000 metros cadrados para a ampliación do solo industrial no parque tecnolóxico de Galicia. Aquí están orzados máis de 14 millóns de euros. É unha actuación onde se levou a cabo un protocolo de colaboración entre a Xestur e o parque no seu momento, e modificouse xa o plan parcial que era necesario para levar a cabo esta actuación. Agora mesmo está aprobada definitivamente esa modificación. Supoño que vostede saberá que está agora mesmo presentado o proxecto de urbanización no Concello de Ourense. Estamos esperando a que o Concello de Ourense resolva esta cuestión para desenvolver esta ampliación do parque empresarial.

Hai unha terceira fase do parque empresarial do Pereiro de Aguiar que tamén está en marcha. É unha actuación de máis de 15 millóns de euros e 234.400 metros cadrados.

Co cal, creo que con isto dou resposta ao que imos facer con ese PTI. Creo que vostede o sabía perfectamente, e está traendo aquí unha cuestión de hai máis de quince anos, na que o Goberno tiña desistido. E creo que o presidente da Xunta xa enfocou dende o primeiro momento a importancia das medidas que ía levar a cabo en canto á nova planificación industrial, e a primeira delas é o feito de que o solo industrial se leve dende esta consellería, e outras son esas medidas de oito anos de solo gratis que, por suposto, beneficiarán —¡como non!— as empresas instaladas na provincia de Ourense.

Máis nada.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Imos saudar primeiro os alumnos de 5º de primaria do centro plurilingüe A Gándara, de Monforte de Lemos. Benvidos ao Parlamento.

E agora si, réplica do señor Ojea.

**O señor OJEA BOUZO:** Moitas grazas, señor presidente.

A señora Lorenzana empezou, na miña opinión, confundindo o que é tránsito de persoas con tránsito de talento. Cando se fala de fuga de talento non se está falando necesariamente de fuga de persoas, que chegan máis persoas das que se van. Cando falamos de fuga de talento falamos fundamentalmente de persoas cunha capacitación profesional e laboral —



como por exemplo a dos médicos— que non conseguimos reter, á vista do que estamos vendo permanentemente aquí no noso sistema de saúde. Porque o problema fundamental que se está vendo no caso do Sergas e dos problemas da medicina galega está precisamente na fuga de talentos dese tipo, por poñer un exemplo.

Bueno, eu penso que, fundamentalmente, foise polos cerros daquela poboación de Xaén e non respondeu en realidade ao que lle plantexabamos, que era fundamentalmente que ten pensado facer con esa superficie do val da Rabeda. Referiuse a un concello concreto, que é o de Paderne, efectivamente, no que xa hai algún plan por aí, e logo foise para outros que xa non forman parte do val da Rabeda. O polígono do Pereiro de Aguiar está xa noutra conca hidrográfica, na do río Lonía, bastante lonxe de alí.

Referiuse tamén á Tecnópole, na que efectivamente se está facendo unha ampliación. Seino de primeira man porque, representando o concello de Ourense, estiven nas últimas reunións do órgano que organiza iso.

Pero claro, quedan dous concellos importantes, que son o de Taboadela e outro; fundamentalmente o de Taboadela, por simplificar, Allariz e algún tramo máis, no que vostede non respondeu. Dixo que se estaban tomando medidas, foise explicar o que se estaba facendo noutros sitios máis ou menos alonxados do que estamos falando, pero non nos deu unha explicación a esa superficie que, como digo, véndana se non saben que facer con ela ou subástena, que eu estou seguro de que algunha iniciativa privada estaría interesada en formalizarse aí.

Non respondeu exactamente ao que teñen pensado facer. Falou das traccións, falou de xeneralidades, pero os veciños desa zona, os potenciais empresarios, os alcaldes... Fale cos alcaldes desa zona, que tamén están un pouco preocupados. Teña en conta que ao estar abandonada esa zona, tamén hai aí unha serie de problemas de riscos de incendios, de salubridade etcétera etcétera. Fáganse cargo da parcela da súa propiedade para tela en boas condicións, polo menos, se é que non fan nada nela.

Mire, pasadomañá —porque son os últimos venres de cada mes— no Pleno da Deputación o seu partido, o Partido Popular, vai pedir nunha moción ao Estado central que se faga unha estación ferroviaria de mercancías no polígono industrial de San Cibrao das Viñas, que está bastante cerca, iso é verdade. Pois mire, se o seu partido consegue que o Goberno central faga unha estación ferroviaria de mercancías, como está pedindo ou vai pedir na Deputación dentro de dous días, é un incentivo máis para que se faga algo nesa zona. Como digo, non me considero respondido nese aspecto.

Vólvolle repetir: non me veña, por favor, con xeneralidades nin con valoracións moi nesgadas acerca do que está facendo o Goberno da Xunta neste ámbito do chan empresarial. Se me pode responder e poderlle responder, sobre todo, ás persoas e aos representantes públicos desa zona, que se vai facer con ese millón de metros cadrados, deixando á parte xa se quere o do polígono de Paderne de Allariz.

Eu penso que non coñece o val da Rabeda. Non sei se sabe onde está. Se o quere contemplar na súa práctica totalidade, pode subir a un lugar moi bonito que se chama Santa Mariña de



Augas Santas, do que seguramente ten oído falar. Recomendolle velo desde alá arriba. Algunhas escenas de «*El bosque del lobo*», unha película que foi pioneira na historia de Romasanta, filmáronse tamén por aquela zona, e seguramente alguén lle pode explicar cousas interesantes de por alí. Bótelle unha visual ao val da Rabeda desde ese alto de Santa Mariña de Augas Santas e vexa que a aquela paisaxe, ou a aquela superficie, ténselle que dar, unha vez que é da súa propiedade, da propiedade da Xunta de Galicia, algún uso para o desenvolvemento da comarca.

Nada máis. Grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Ojea.

Peche da interpelación, conselleira de Economía e Industria.

**A señora conselleira de ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza):** A ver, señor Ojea, vostede está traendo aquí unha iniciativa de hai máis de quince anos e di que eu non lle estou respondendo. ¡É que está respondida e publicada! Voulle ler a resposta no *Boletín Oficial do Parlamento*. Vostede xa preguntou por isto; xa preguntou outro partido político. Está traendo aquí exactamente unha iniciativa de hai máis de quince anos. ¡Pero de 15 anos! E di que non lle respondo. Decía o noso grupo naquel momento: «O proxecto do anterior Goberno da Xunta —respecto do Bipartito— do plan territorial integral do val da Rabada naceu coma un plan sobredimensionado e carente de rigor, ao non ter en conta as importantes afeccións da zona, que imposibilitarían o seu desenvolvemento». Vostede está pedindo polo desenvolvemento dunha zona e dun ámbito que non se pode desenvolver. Non sei que máis quere que lle responda.

«Entre as principais cuestións que imposibilitarían o desenvolvemento do plan territorial integrado e que non estaban contempladas no mesmo ou para as que se propoñían solucións inviables, están dúas liñas eléctricas que atravesan o ámbito, a existencia de restos arqueolóxicos que é preciso conservar, afeccións pola liña ferroviaria de alta velocidade... O plan territorial integrado non só prevía solo empresarial, senón un polígono residencial de 105 hectáreas destinado á creación de 1.409 vivendas. Esta estimación resulta desproporcionada, especialmente se temos en conta as previsións contidas no plan sectorial de solo residencial. Finalmente, o plan territorial integrado prevía destinar 41 hectáreas a un polígono agropecuario no que situar hortas para a explotación por parte de habitantes en terra propia, actuación que está fóra de todas as competencias tanto do actual Instituto de Vivenda e Solo, como da antiga Consellería de Vivenda do anterior Goberno da Xunta».

Esta cuestión que vostede trae aquí está respondida. Eu estoulle dicindo que parte dese ámbito está agora mesmo sendo obxecto de tramitación —e vostede sábeo— nun proxecto sectorial. O que non é de recibo é que veña aquí reclamar —que parece entenderse do que está dicindo— que cada concello en Ourense, ou en calquera sitio de Galicia, ten que ter un polígono industrial.

Se vostede está preguntando cal vai a ser a política de solo empresarial que vai a levar a cabo a Xunta de Galicia, creo que lle acabo de responder. É unha política baseada nunha análise



xeneralizada do territorio. Na Lei de medidas deste ano aprobamos xa unha estratexia industrial que engloba un mapa industrial de Galicia, uns plans directores por sectores estratégicos. Un deles o da automoción, que tamén é un compromiso dos cen primeiros días. E resalto «automoción», porque ten moita importancia a industria auxiliar —como vostede ben sabe— de compoñentes de automoción na provincia de Ourense.

Así é como imos analizar o territorio, vendo exactamente onde existe demanda e sinerxías empresariais e desenvolvendo ámbitos de solo empresarial que dean resposta a comarcas completas. Pero non imos facer un polígono industrial en cada concello. Se vostede é iso o que defende, dende logo non imos acordar. Non pode ser que cada concello teña un polígono específico, teremos que facer ámbitos concretos de desenvolvemento de solo empresarial, tendo en conta precisamente tanto as posibilidades de loxística, como os recursos naturais que existe na zona, como o desenvolvemento enerxético que ten cada comarca galega. (*Aplausos.*) Iso é o que pretende o presidente Rueda e o que se vai facer nesta consellería.

Por esa razón, a planificación do solo industrial está agora na Consellería de Industria, porque dentro desa estratexia industrial temos que incorporar a definición do solo empresarial. Entón, eu entendo que vostede defenda a provincia de Ourense e que vele polos intereses de Ourense, pero creo que hai que mirar un pouquiño máis por riba. Non pode vir aquí reclamar para cada concello que se lle faga un parque industrial. Eu estou poñendo en valor eses outros investimentos que se están facendo por parte do IGVS ou por parte das Xestur en distintas zonas da provincia de Ourense, porque son investimentos importantes de moitos metros cadrados de solo industrial á disposición das empresas. E vostede estame dicindo que hai moitos empresarios que están necesitando solo industrial. Bueno, pois eses empresarios terán que ubicarse onde están situadas as zonas industriais que se están desenvolvendo en Ourense. E isto pode ser en calquera concello, non ten que ser especificamente nos concellos que vostede está dicindo ou para os que vostede está reclamando. Iso creo que si é política industrial competencia da Comunidade Autónoma que, por suposto, temos que deseñar. E por esa razón é polo que lle estou recordando esas actuacións que vostede di que coñece.

Entón, di que non lle respondo. É unha pregunta que vostede xa fixo, volvo lela aquí. Estoulle dicindo o que imos facer. Solo industrial nesta consellería, oito primeiros anos de solo industrial gratuíto para favorecer a implantación. Un deseño a través dun mapa industrial e o desenvolvemento a través das Xestur. Ten en conta: en primeiro lugar, as necesidades empresariais e a demanda empresarial en cada zona; en segundo lugar, a planificación do aproveitamento dos recursos naturais enerxéticos, que é fundamental; e en terceiro lugar, as sinerxías que existan en cada zona industrial, de acordo co que xa temos instalado. E isto todo é fundamental facelo cunha estratexia conxunta, que é a estratexia industrial na que se incorpora esa estratexia de solo empresarial.

Eu de verdade que lle pido que colabore con nós nese desenvolvemento e nas necesidades que pode ter a provincia de Ourense e nas necesidades que teñen esas empresas das que vostede está falando, para que nos trasladen que superficie precisan e que recursos. Tratemos —que para iso está esa oficina económica dependente do Igape e para iso está o plan de aceleración industrial— de ubicar as empresas dentro do solo industrial, o que temos e o que imos desenvolver de acordo co que o empresariado nos traslade.





Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Pasamos ao punto 6 da orde do día, de preguntas ao Goberno.

**Pregunta de D. Carlos López Font, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a eventual solicitude da convocatoria da Comisión Mixta de Transferencias realizada polo Goberno galego**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra o señor López Font.

**O señor LÓPEZ FONT:** Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Por contextualizar esta pregunta, os gobernos do PP durante quince anos non ampliaron o ámbito competencial de Galicia en nin unha soa competencia. A pesar de que o presidente Feijóo en outubro do 2009 declarou que se iniciaba —leo literal— «a maior fase de autogoberno de Galicia», non se plasmou nin unha soa. Hoxe, maio de 2024, estamos igual que en 2009. O informe desa maior fase de autogoberno que anunciaba Feijóo foi elaborado por Alfonso Rueda, nese momento vicepresidente e hoxe presidente. Incluía este informe dezasete competencias cuxo traspaso, dicíase tamén literal, «era prioritario para a comunidade». Como dicía, quince anos despois este gráfico, con moitas competencias transferidas a outras comunidades autónomas, sinala o espazo baleiro dos gobernos do PP en Galicia durante quince anos.

Actualmente, o Goberno de Rueda volve expor transferencias. Desde o relativo á xestión do litoral, apúntanse á nosa reivindicación da AP-9 e saca agora unha longa lista de peticións: servizos meteorolóxicos, inspección de traballo, xestión do ingreso mínimo vital, xestión de museos e bibliotecas, cesión de inmobles da seguridade social, traspaso de becas e axudas ao estudo e outras. Situados aquí, e tomando como bandeira a xestión do litoral, desde o Goberno da Xunta anúnciase que o Consello da Xunta autoriza reclamar ao Executivo central que inicie o procedemento a través da Comisión Mixta de Transferencias.

Parece máis lóxico que expresamente se solicitase a convocatoria da Comisión Mixta de Transferencias, como establece o artigo 4 do Real decreto que regula esta comisión e tamén se anunciase que temas concretos quere o Goberno de Galicia incluír nesa reunión.

Con esta pregunta queremos coñecer se se formalizou oficialmente esa solicitude de convocatoria e queremos coñecer se só se refire á xestión do litoral ou se tamén á AP-9, ao ingreso mínimo vital ou a outras. Por este motivo, esta pregunta é moi concreta, ante a falta de transparencia do Goberno galego.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.



Resposta do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo.

**O señor conselleiro de PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso):** Moitas grazas, presidente.

Falta de transparencia que denunciaba onte a señora Yolanda Díaz, do Goberno central, señor Font.

Pero, empezando polo final, falaba vostede e dicía que non tiñamos ansia por pedir transferencias. Mire vostede —non era deputado na anterior lexislatura, pero falamos disto en moitas ocasións—, a última competencia que pediu o Goberno galego foi boicoteada polo Goberno do señor Sánchez, foi boicoteada polo Partido Socialista; estoume a referir á Lei do litoral. Trouxemos a Lei do litoral, foi avalada cos votos do Grupo Parlamentario Popular; sorprendentemente, vostedes estaban a favor, pero a última hora decidiron absterse, igual que o Bloque Nacionalista Galego. Iso si, as ansias por pedir competencias non cesan, pero cando hai que pedilas esconden a man. (*Aplausos.*) E cando chega a Madrid houbo ministros e ministras —non lembro exactamente quen, cal deles, son tantos— que chegaron a dicir que era unha declaración de independencia do Goberno de Galicia, señor Font.

E é máis. Niso que vostede aduce, que sería lóxico facer unha petición, pois mire, o que sería lóxico naquel caso sería dirixirse ao Goberno galego para abrir loxicamente unha negociación e poder chegar a un acordo cos aspectos que consideraban que non eran constitucionais. ¿Sabe que fixo o Goberno do señor Sánchez? Que o último día do prazo, a última hora, no minuto xa de tempo de desconto, presentou un recurso de inconstitucionalidade. ¿E sabe que pasou? Pois que hai moi poucos meses foi resolto. ¿E a quen lle deu a razón? A Galicia.

Polo tanto, ¿de que me está a falar de pedir competencias e que vostedes veñen agora dicir que pidamos competencias e que nos sumemos á reclamación da AP-9? ¿De quen? ¿De vostedes? Non, señor Font, isto non vai así. Claro que as pedimos. E o Consello da Xunta toma un acordo que é dirixirse loxicamente ao ministerio correspondente para pedir a convocatoria desa Comisión Mixta e nesa Comisión Mixta tratar todos os asuntos. Indubidablemente, a primeira, a Lei do litoral. ¿Por que? Porque o Tribunal Constitucional acábanos de dar a razón.

E teremos que falar para poder exercer esa competencia dos medios, de todo. ¿Cal é a situación? ¿Como se vai traspasar? ¿Que medios? ¿Que competencias? ¿Que cousas son reservadas para o Goberno e cales se reservan para a Comunidade Autónoma? Claro que teremos que facelo. E xa a pedimos, señor Font. Pedímolos pese aos atrancos e aos intentos de que nunca chegaran do Partido Socialista e do Goberno do señor Sánchez. (*Aplausos.*) ¡Claro que a pedimos!

E di vostede: ¿pedimos algo máis? Claro que si. Hoxe votamos os representantes no pleno do próximo 11 de xuño no Congreso dos Deputados para presentar a proposición de lei que foi votada por unanimidade aquí. Eu xa fun a lexislatura pasada alí, ía como representante do Grupo Parlamentario Popular defender a mesma iniciativa. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Quedou ben a cousa así.

Réplica, señor López Font.

**O señor LÓPEZ FONT:** Grazas.

A pregunta non podía ser máis sinxela, señor conselleiro. Tratábase de que nos trouxesen aquí a comunicación, se é que existe, de solicitude formal de convocatoria e onde figuren as competencias que demandan, non a concreción. Como vostedes son os mesmos, comprendo que despois de quince anos igual nin coñecen o procedemento. Pero, lonxe de lanzar globos sonda, demandamos concreción e saber se vostedes teñen vontade de ampliar o teito competencial, e non ambigüidades, ou, se non, tememos que se van colocar no vitimismo e na confrontación institucional, como nos teñen afeitos, porque non sería de recibo que, no canto de elevar a iniciativa, como lles corresponde, quedasen á espera de ser convocados.

Mire, señor conselleiro, deixa en moi mal lugar este goberno que o grupo provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presente unha moción para solicitar ao Goberno de España a convocatoria da Comisión de Transferencias cando isto institucionalmente debe facelo o Goberno no que vostede está. *(Aplausos.)*

Como sempre, señor conselleiro, confundindo siglas (PP) con responsabilidades do Goberno. Saímos de aquí sen saber que competencias queren que se debatan nesa Comisión Mixta de Transferencias. E vostede a isto non respostou.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Peche da pregunta, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

**O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso):** Moitas grazas, presidente.

Mire, señor Font, di vostede que non coñecemos o procedemento. Todas as competencias que ten Galicia no día de hoxe foron tramitadas por un goberno do Partido Popular, *(Aplausos.)* todas, señor Font.

E di vostede que imos de vítimas. Non, de vítimas van vostedes, o Partido Socialista. E se hai alguén en España, algún político que acode ao papel de vítima, sabe vostede quen é. *(Risos.) (Murmurios.)* ¡Home!, isto non mo faga.

Pero di vostede que non contexto á pregunta que fai. ¿Sabe vostede cal é a pregunta que fixo? O texto da pregunta que fixo, señor Font —supoño que sería para non dar pistas de por onde quería saír aí—, foi: ¿solicitou o Goberno galego —todo, todo o texto, non hai parte dispo-



sitiva de ningún tipo— a convocatoria da Comisión Mixta de Transferencias? Si. Está contestado o que vostede preguntou. Pregunta se a solicitou e a resposta é si; tomou un acordo o Consello da Xunta e foi tramitada a correspondente solicitude diante do Ministerio.

E di vostede: ¿que queren falar? De todo. E eu dígolle: ¿vostedes están de acordo? Porque aquí o problema non é o que queira a Xunta de Galicia, é o que vai facer o Goberno do Estado. Porque coa AP-9 —da que vostede tamén falaba e non me deu tempo a falar antes— cando se presentou a lexislatura pasada esa proposición de lei, na que veu un representante loxicamente do Grupo Parlamentario Socialista e a señora Pontón —creo recordar—, do Bloque Nacionalista Galego, unha vez que se empezou a tramitación no Congreso dos Deputados, ¿sabe vostede que fixo o Partido Socialista en Madrid? Paralizala. ¿E sabe vostede que, cando se abriu o período para presentar emendas, todo o acordado en Galicia o Grupo Parlamentario Socialista en Madrid emendouno e dicía que non estaba de acordo co que o Grupo Parlamentario Socialista dicía en Galicia?

Entón, o problema non é o que queira facer a Xunta de Galicia; xa o dixemos, acabámolo de votar e imos ir o próximo día 11. O problema téñeno vostedes, saber que é o que queren facer vostedes, e que vostedes defendan esa mesma transferencia e igual que falan aquí que falen no Congreso dos Deputados. Pero o seu representante no Congreso dos Deputados non fala así, o seu grupo actúa contrario ao que di aquí. Señor Font, probablemente vostede non o saiba —ímoslle conceder a dúbida, como dicía hoxe o señor Rueda—, pero iso é o que pasou.

Pasa igual que no litoral. Presentan un recurso de inconstitucionalidade, pero un deputado seu dicía que a Universidade da Coruña participou no traballo da Xunta de Galicia. Pois claro que si, e estarán de acordo en que participara, (*Aplausos.*) e estarán contentos cos resultados.

Entón, señor Font, non se trata do procedemento, créame que o sabemos. Non me fago responsable, porque loxicamente hai xente que sabe moito máis ca min, do procedemento administrativo que hai que seguir, e fano estupendamente, teña vostede toda a seguridade. Pero o problema non é ese, o problema é político, e cada vez que pedimos unha competencia vostedes, vostedes, son os que a rechazan para que poida chegar esa competencia a Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Paula Prado del Río e nove deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o incremento da criminalidade en Galicia no primeiro trimestre do ano, segundo os datos contabilizados polo Ministerio do Interior**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, no que vai de ano, segundo os datos do Ministerio de Interior, producíronse en toda Galicia un total de 23.058 delitos, unha cifra que supón non só unha media de



256 delitos diarios e un incremento de máis dun 3 por cento respecto ao mesmo período do ano pasado, senón que tamén a consolidación do progresivo aumento da criminalidade que vén rexistrando a nosa Comunidade ao longo dos últimos anos.

Como todos sabemos, a seguridade pública é competencia do Estado e o seu mantemento corresponde ao Goberno da nación. Por iso cabe preguntarse: ¿que solucións nos ofrece o Goberno de Pedro Sánchez ante este incremento de criminalidade en Galicia e tamén no conxunto do país?

Pois ben, ante o aumento da ciberdelincuencia, substituír os gardas civís por avatares; ante o aumento de agresións sexuais, cuns datos moi preocupantes, un incremento do 25 por cento de delitos contra a liberdade sexual ou un incremento do 30 por cento de violacións con penetración, a medida estrela do Goberno de España foi aprobar unha lei, a Lei do só si é si, que poñía máis agresores sexuais na rúa, pederastas e violadores; iso si, co apoio incondicional e incontestable do Bloque Nacionalista Galego, que sempre está para votar que si ao que fai dano non só aos galegos e galegas, senón neste caso ás mulleres. Ante o aumento de homicidios e asasinatos, pois pactar a gobernabilidade de España cos herdeiros dos terroristas; iso si, tamén o Bloque Nacionalista Galego agora comparte papeleta con eles nestas eleccións europeas. Ante o aumento de roubos, pois deixar que o señor Koldo e todo o seu séquito se lucrasen nunha trama de corrupción que involucra medio Goberno. Ante o aumento de tráfico de drogas, pois insultar o presidente da Arxentina e poñer en risco as relacións diplomáticas cun dos nosos principais aliados.

A estas alturas xa non nos sorprende que o señor Sánchez sexa incapaz de facer fronte ao incremento da criminalidade, bastante ten con tapar a presunta criminalidade que asola o seu Goberno e o seu partido, e, como dixo onte o portavoz do Grupo Socialista no Congreso, «a presidenta do Goberno».

Pois ben, ante esta situación, señor conselleiro, eu preguntolle: ¿que valoración fai o Goberno galego do incremento da criminalidade experimentado en Galicia no arranque do ano, segundo os datos contabilizados polo Ministerio do Interior?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señora Prado.

Para darlle resposta, ten a palabra don Diego Calvo.

**O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso):** Moitas grazas, presidenta.

A verdade é que o Goberno da Xunta está preocupado, efectivamente, pola evolución dos datos dos índices de criminalidade, pero tamén queremos dicir que Galicia segue sendo unha comunidade segura. Iso non implica que, como Administración responsable e comprometida coa mellora constante dos servizos que ofrecemos, tamén en materia de seguridade aspiremos cada día loxicamente a máis. Querer máis non significa ser ilusos, ¿non?, porque está



claro que a seguridade ao cen por cento non existe, pero loxicamente si que temos que tentar entre todos que os galegos se sintan cada vez máis seguros.

Non cabe dúbida de que acadar este obxectivo pasa indiscutiblemente por contar cuns corpos e forzas de seguridade dotados dos medios materiais e humanos axeitados, que dispoñan de boa formación, que estean perfectamente coordinados entre si, ao igual que as administracións das que dependen. Aspirar a acadar os mellores resultados posibles pasa tamén por non baixar a garda, estar sempre alerta e facer un seguimento exhaustivo dos datos, e, tras ser analizados, sacar conclusións e buscar solucións.

É certo que —como apunta vostede— o balance de criminalidade feito público recentemente polo ministerio recolle un incremento dos delitos neste primeiro trimestre do ano, con tres tipoloxías fundamentalmente: contra a liberdade sexual, vencellados coas novas tecnoloxías e homicidios ou asasinatos consumados.

En canto aos delitos informáticos, son cada día máis numerosos e o Goberno galego é moi consciente; por iso, antonte mesmo, no Consello da Xunta deste mesmo luns levamos un contrato de 29 millóns de euros, 7 millóns de euros anuais, para dotar de ciberseguridade non só a Administración autonómica, senón tamén de maneira gratuíta —e isto aducindo as competencias tamén da Administración local— as deputacións e os 313 concellos de Galicia; con 7 millóns de euros invertidos cada ano, 6 dedicados ás deputacións e aos concellos. *(Aplausos.)*

Pero é unha obviedade dicir que a actuación policial é imprescindible para garantir unha sociedade libre e segura, tanto no ámbito rural como no ámbito urbano. É unha obviedade tamén afirmar que incrementar os medios humanos de todas as comisarías e postos da Garda Civil é necesario en Galicia, porque o piden ademais todos os alcaldes dos 313 concellos. Que permite unha maior presenza dos corpos de seguridade os 365 días do ano durante as 24 horas, cousa que no día de hoxe non se está a cumprir, contribuiría de xeito decisivo a manter á raia os índices de criminalidade.

Para iso —como pode imaxinar—, dende o Goberno autonómico seguiremos reclamando ao Goberno central que se cubran todas as prazas de Policía e Garda Civil que corresponden co noso territorio.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

Quenda de réplica, señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Grazas, señora presidenta.

Señor conselleiro, efectivamente, mentres a criminalidade segue medrando en Galicia, pois cada vez son menos os efectivos policiais cos que contamos na nosa Comunidade. É máis, nunca antes estiveran tan mermadas as plantillas da Garda Civil, da Policía Nacional e da



Unidade de Policía Adscrita que dende que governa Pedro Sánchez en España. Aquí traemos constantemente iniciativas para pedir que se dote esas plantillas e sempre temos a mesma resposta da oposición, nunca apoian esta reivindicación xusta e que tanto beneficiaría a nosa seguridade.

Pero non nos sorprende, porque xa vemos como o señor Sánchez cada vez está máis cerca dos que delinquen que dos que velan pola nosa seguridade, mentres o seu Goberno é incapaz de sacar adiante leis no Congreso en beneficio do conxunto dos españois, xa non vou falar doutras pero só das que están no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, a Lei de trata ou a modificación do Código penal para loitar contra a violencia dixital, que falaba vostede aí dos delitos de ciberseguridade.

Pero para o que si teñen tempo é para a Lei de amnistía. E mañá aprobará unha Lei de amnistía en beneficio duns poucos, unha lei que non só atenta contra a nosa Constitución, senón que fomenta unha sensación de impunidade ante a delincuencia. A Lei de amnistía non loita contra a criminalidade, senón que a xustifica. A Lei de amnistía non serve para o conxunto dos españois, senón que só serve para que Sánchez se manteña na Moncloa. Pero o que el e os seus socios non saben é que a Lei de amnistía o único que fai é marcarlles a cassilla de saída e a resposta dos galegos e do resto dos españois o próximo día 9 de xuño.

En definitiva, falaba vostede, señor conselleiro, de que para garantir a nosa seguridade necesitamos máis plantillas e tamén máis medios materiais e humanos. ¿Pode dicirnos como vai reivindicar Galicia eses medios?

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señora Prado.

Ten novamente a palabra don Diego Calvo.

**O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso):** Grazas, presidenta.

Señorías, se o noso obxectivo é que Galicia non sexa segura, senón que cada día sexa máis segura, debemos de estar atentos á evolución deses índices de criminalidade dos que falabamos; identificar, facer unha análise de por que están subindo e en que materia están subindo e, lóxicamente, poñer enriba da mesa solucións para que esa evolución non nos chegue a preocupar ou non sexa preocupante no territorio de Galicia.

En consonancia con isto, é preciso que o Goberno central mellore a dotación humana e material dos grupos específicos que traballan nas especialidades delituosas que experimentaron ese incremento; é dicir, neste caso concreto, na Unidade de Delitos Informáticos e nos grupos de delitos violentos.

Tamén é básico, como xa indiquei na miña primeira intervención, que se incrementen os efectivos en comisarías e postos da Garda Civil, para que deste xeito se poida garantir unha



maior presenza das forzas e corpos de seguridade do Estado en todo o territorio, tanto no ámbito rural como no ámbito urbano, como dicíamos antes, e que sexa efectiva os 365 días ao ano e as 24 horas do día. E, ¡como non!, que se actualicen e adecúen os catálogos de postos de traballo destes corpos policiais á realidade actual da nosa Comunidade, que é unha reclamación unánime de todos os sindicatos policiais que temos con presenza en Galicia.

É necesario tamén, como dicía vostede, completar o cadro de persoal da Unidade de Policía autonómica, que ten entre as súas atribucións garantir a protección a vítimas de violencia de xénero, a seguridade no Camiño de Santiago ou investigar a actividade incendiaria, unha reivindicación que levamos feito xa dende hai tempo, dende hai anos e dirixíndonos por carta e falando en reunións que temos de vez en cando cos responsables do ministerio para volver firmar un novo convenio, e mentres que non se firme poder cubrir as prazas máis necesarias no corpo da Unidade de Policía Adscrita.

Non obstante, como saben, as condicións que agora pon o ministerio enriba da mesa cambian moito, difiren moito co convenio que tiñamos e que xa expirou do ano 2013 —paréceme que era—. Estas condicións que pon agora o ministerio enriba da mesa supoñen un desembolso adicional para a Xunta de Galicia moi elevado, elevadísimo, e, polo tanto, agora o ministerio non quere pois seguir apoiando as unidades de Policía adscrita como viña facendo.

Temos reivindicado facer unha reunión, téñense reunido os técnicos tamén con distintos técnicos do ministerio e estamos á espera de que o ministro nos reciba, tanto a Galicia como a outras comunidades autónomas con unidades de policía adscrita, para poder chegar a un acordo e que a Unidade de Policía Adscrita pase dos menos de 350 axentes que ten no día de hoxe das 500 prazas dispoñibles. Isto é unha irresponsabilidade e nós cremos que o ministerio ten que entrar en razón.

De todas maneiras, estaremos moi atentos á evolución deses índices, e si que non quero rematar sen felicitar, iso si, as forzas e corpos de seguridade do Estado pola súa dedicación, polo seu traballo, porque grazas ao seu traballo moitas veces, incluída a Policía autonómica...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso):** ...desdoblado os tempos, eses índices non son peores.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Continuamos coas preguntas ao Goberno.

**Pregunta de D. Julio García Comesaña e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as consecuencias que terá para Vigo e a súa comarca o peche do aeroporto de Peinador**

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Para formular a pregunta, ten tres minutos, señor Comesaña.





**O señor GARCÍA COMESAÑA:** Moitas grazas, presidenta.

O aeroporto de Peinador, en Vigo, é un dos centros neurálxicos do transporte aéreo en Galicia, vén de cesar a súa actividade para os voos comerciais ata o vindeiro 31 de maio, durante vinte e cinco días, con motivo da execución das obras de pavimentación da pista de aterraxe.

A devandita decisión ten aparelado un impacto evidente para os traballadores de todas as actividades vinculadas á terminal (servizos complementarios de tráfico de avións, negocios satélite, taxistas, hostalería), ademais dunha perda estimada de 60.000 viaxeiros, que son os principais damnificados desta situación.

Esta perda de viaxeiros súmase á que xa se reportou no mes de abril, estimada nun 7,2 por cento, todo iso debido aos poucos voos operados, sen apenas alcanzar as 1.000 rutas, concretamente 970, que son un 23 por cento menos que as mesmas do mesmo mes do ano 2023; por tanto, en doce meses a terminal viguesa perdeu un de cada cinco voos anteriormente en funcionamento.

Tamén no caso das mercancías o descenso no mes de abril foi do 43 por cento, un 32 por cento menos se analizamos todo o que vai de 2024. Todo iso, como digo, antes do peche polas obras do mes de maio.

No caso dos traballadores da terminal, parece que nun ERTE, e, no caso dos de Santiago, directamente afectados por estas obras despois dunha folga pois parece con algún tipo de solucións. Ademais, algúns dos servizos do propio aeroporto seguen pagando os canons pese a que non hai ningún tipo de actividade.

Neste contexto tan positivo a alternativa para chegar á cidade pasa polo uso doutros medios de transporte como o ferrocarril ou polo desvío de voos aos aeroportos neste caso de Santiago ou do Porto, co consecuente risco de perda provisional ou definitiva destes tráfico.

Ante este escenario tan prexudicial para o aeroporto de Vigo e para Vigo, os deputados e deputadas asinantes formulamos a seguinte pregunta: ¿que valoración fai o Goberno galego sobre as consecuencias que para a cidade de Vigo e a súa comarca terá o peche do aeroporto de Peinador?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra o señor Diego Calvo.

**O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso):** Moitas grazas, presidenta.

A verdade é que o aeroporto de Peinador é un centro neurálxico importante do transporte aéreo en Galicia, pero, como vostedes saben, non é competencia da Administración autonómica. Aínda así, loxicamente facemos un seguimento en canto ao seu funcionamento.



É verdade que están a realizar unhas obras, que parece que van terminar, efectivamente, ese día 31, sobre a pista de aterraxe do aeroporto de Vigo, pero isto vai levar unha modificación substancial en canto aos voos, porque ao final estivo un mes pechado e, como dicía AENA, vai supoñer que uns 600 voos, entre 60.000 e 100.000 pasaxeiros, vaian ver alterados cando menos os seus plans de voo.

A meirande parte deses voos foron trasladados ao aeroporto de Santiago, pero loxicamente isto está a causar unhas molestias para todas aquelas persoas non só Vigo, senón da súa área de influencia, que utilizaban o aeroporto de Peinador, porque teñen que ser trasladados ou ben ao aeroporto de Santiago ou ben dende o aeroporto de Santiago aos seus destinos na contorna de Vigo.

Nós, co fin de paliar este trastorno, adoptamos unha solución de urxencia. O normal é que AENA tivera posto encima da mesa algunha solución. Cando Renfe ten un problema —xa sei que son habituais— nunha liña cun tren, inmediatamente hai un autobús para trasladar os viaxeiros ao seu punto de destino e, loxicamente, faise cargo Renfe deses autobuses. No caso do aeroporto de Santiago non foi así e, pese ás promesas de AENA, do concello, de moita xente, chegou o día e os pasaxeiros, os habitantes da área de Vigo que querían utilizar o aeroporto non tiñan solucións.

Nós adoptamos unha solución de urxencia e no día de hoxe neste momento durante todo este tempo houbo 500 prazas diarias e 5 autobuses por sentido, que conectaban a intermodal de Vigo co aeroporto de Santiago sen ter que facer ningún transbordo. É certo que empezamos o día 8 de maio e os primeiros días foron 3 buses en cada sentido, pero os días seguintes xa ampliamos ata 5 autobuses. Polo tanto, estes viaxeiros afectados tiñan unha solución, que puxo enriba da mesa a Xunta de Galicia.

Ninguén se dirixiu á Xunta de Galicia, ninguén colaborou coa Xunta de Galicia, senón que, grazas a ter un plan de transporte metropolitano, un plan de transporte en Galicia moi dinámico e, sobre todo, capaz de poder adaptarse a calquera continxencia, en poucas horas puxemos en práctica unha solución. *(Aplausos.)*

Polo tanto, eu creo que botamos en falta loxicamente unha colaboración, botamos en falta que se quixera abordar solucións dende distintas administracións para un problema —importante— que nin creamos nós nin planificamos nós, pero o caso é que, ante ese problema que non creamos e planificamos, quen deu solución foi a Xunta de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Réplica, señor García Comesaña.

**O señor GARCÍA COMESAÑA:** Moitas grazas, presidenta.

Moitas grazas, señor conselleiro.



Por suposto, agradecer no nome dos veciños de Vigo e a súa comarca ese esforzo que fixo a Xunta de Galicia por compensar esa falta de transporte, neste caso á terminal de Santiago. E, ben, pois aproveitar a situación para preguntarlle: ¿como valora o servizo prestado polos autobuses interurbanos da Xunta? ¿Ten tido algunha información por parte de AENA de como van as obras no aeroporto? Onte puidemos ver por alí sobrevoando a pista o avión de probas, pero non sabemos se efectivamente as obras rematan. E quero preguntarlle se os autobuses se van suspender o vindeiro 31 de maio e se se ten posto en contacto AENA coa Xunta de Galicia para comunicarlle formalmente se o venres ten que haber autobuses ou non ten que habelos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Grazas.

Réplica do Goberno, señor Calvo.

**O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso):** Grazas, presidenta.

A verdade é que xa lle dicía que botabamos en falla pois un contacto por parte de AENA. Porque, efectivamente, pavimentar unha pista dun aeroporto non é unha obra que se decide dun momento para outro, senón que ten unha planificación detrás. A verdade é que en canto á planificación non temos todos os datos, pero que coincida o asfaltado da pista de Peinador coas obras que están na estación de Chamartín, a onde chega o AVE, pois a verdade é un problema, porque doutro xeito poderían ter implementado novas frecuencias nos trens e paliar o peche do aeroporto de Vigo. Non obstante, parece que entre Renfe e AENA pois non hai contactos.

O que si lle aseguro é que non hai contactos entre AENA e a Xunta de Galicia. E non nos informaron nin cando ían pechar o aeroporto nin tampouco nos teñen informado no día de hoxe de cando se vai abrir a operatividade, cando se van abrir os voos comerciais ao aeroporto.

Mentres tanto, como lle dicía, nós, grazas a esa adaptabilidade do noso plan, puxemos unha solución que está a dar os seus resultados, e, loxicamente, fóronse ampliando as frecuencias, porque viamos e contrastabamos que existía esa demanda.

No momento en que se abra o aeroporto, loxicamente imos esperar uns días, porque isto non hai que pechalo o día 31, xa sabemos como pode ser isto, mentres tanto imos seguir con esas frecuencias e imos seguir prestando os traballos, e botando en falla loxicamente esa colaboración, tanto de AENA como tamén no seu momento do concello, que prometera hai un ano antes que se ía encargarse o concello de poñer buses lanzadeira desde o centro de Vigo ao aeroporto de Santiago. Non soubemos nada diso, parece ser que foi unha planificación adiantada de AENA que non deu tempo a contratalo. Ben, nós en dous días puxemos os autobuses e creo que é unha solución que os veciños non só de Vigo, senón de toda a contorna, agradecen. Para iso estamos, para mellorar a vida dos veciños, e ímolo seguir facendo.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

**Pregunta de D. José Manuel Golpe Acuña e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as dúbidas respecto da consolidación do proxecto da empresa de pneumáticos Sentury Tire Spain, S. L. U. nas Pontes de García Rodríguez**

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten tres minutos para formular a pregunta, señor Golpe Acuña.

**O señor GOLPE ACUÑA:** Moitas grazas, señora presidenta.

Señora conselleira, traémolles hoxe unha cuestión que ten que ver sobre o proxecto que o grupo chinés Sentury Tire Spain ten formulado para instalar unha fábrica de pneumáticos na vila coruñesa das Pontes de García Rodríguez.

Sabemos, por fontes oficiais, como o Consello da Xunta, que está declarado o proxecto como de interese estratéxico. Tamén coñecemos que a Secretaría Xeral de Industria publicou un anuncio co que se someteu a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada e o estudo de impacto ambiental.

Pouco máis sabemos de forma oficial. Si temos información, a través dos medios de comunicación, de que a previsión é que vai incidir directamente no tráfico de contedores dentro do porto exterior de Prioriño, en Ferrol, chegando a mover uns 33.000 contedores ao ano, o que equivale a preto de 75.000 TEU —que é a unidade de medida estándar para contedores—, cando actualmente o movemento deste tipo de mercadorías neste porto supera por pouco os 25.000 TEU.

Tamén temos información ao respecto —volvo repetir que a través de medios comunicación, non a temos de forma oficial— de que necesita unha liña de conexión con Miami para transportar as súas mercadorías. Temos información tamén de que o presidente da Xunta, nunha reunión con Qin Long, o presidente de Sentury, o 26 de marzo do pasado ano, dicía que a Xunta ía facer todo o posible para que se iniciase a construción desta fábrica antes de rematar o 2023. O caso é que, unha vez máis, pola prensa tamén nos enteramos de que o grupo chinés desviou os fondos dedicados ao proxecto das Pontes a unha fábrica de semellantes características que está a modificar en Marrocos.

Comprenderá a incidencia que esta nova ten, non só na vila das Pontes, senón na comarca, onde acabamos de sufrir o peche da central térmica —díxeno antes na miña intervención, aínda que vostede non estaba presente— na mal entendida transición enerxética, porque aquí de transición non hai nada; péchanse unhas cousas e póñense eólicos. Diso é de que vai toda a transición.

Acabamos de ver como unha das factorías máis senlleiras dentro do propio concello das Pontes acaba de despedir 112 traballadores —que é o caso de Einsa—. Agora observamos con



moita preocupación todo este tipo de novas, como lle digo, que recollemos da prensa nacional e internacional de que o grupo chinés abandona —por dicilo dalgunha maneira— o proxecto que ten nas Pontes de García Rodríguez.

Por iso lle formulamos a pregunta que enviamos: ¿que valoración fai vostede, conselleira, e que valoración fai a Xunta destes anuncios que fai a comercial Sentury de dar prioridade aos proxectos de Marrocos en contra dos investimentos previstos para as Pontes de García Rodríguez?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra a conselleira de Economía e Industria.

**A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza):** Grazas, presidenta.

Señor Golpe Acuña, comparto con vostedes que a transición que se está facendo, dende logo, nas Pontes, ten todo menos que é xusta, pero, como vostede sabe, non é unha transición, un proxecto acordado dende a Xunta de Galicia, e por algo estou traballando na Mesa das Pontes, precisamente para que exista, ou polo menos se conserve a meirande parte do emprego.

Efectivamente, este proxecto é un proxecto dos catro máis importantes proxectos industriais que están agora mesmo tramitándose, con máis de mil empregos, e o Goberno da Xunta ten o máximo interese, se é viable, en que se leve a cabo.

Eu non vou valorar ningunha información que saia nun medio de comunicación, porque creo que non me corresponde, e non temos ningunha noticia oficial por parte de Sentury —informo aquí claramente— de que vaia cesar o proxecto das Pontes. É dicir, que eu non teño constancia desa incompatibilidade da que parece falarse na prensa entre o proxecto de Marrocos e o proxecto en Galicia. Dende logo, o proxecto é importantísimo. Son dúas fases de 12 millóns de pneumáticos, na primeira fase 6 e na outra, outros 6; 750 postos de traballo e 531 millóns de euros de investimento.

Eu quero aclarar aquí dúas cousas que agora suavizou na súa intervención, pero que están na pregunta que formula por escrito. Dáse a entender que se Sentury —no seu caso— non viñese a Galicia sería por atrasos na tramitación por parte da Xunta de Galicia.

Este é un proxecto —hai outros, seguramente, que teñen máis atrancos— que é de libro en canto á tramitación. Dende que se someteu á información pública en outubro do ano 2023 ata que se deu o 13 de outubro do 2023 a declaración de impacto ambiental transcorreron cinco meses. É dicir, en cinco meses dende a Xunta de Galicia fomos quen de emitir esa declaración de impacto ambiental. Co cal, creo que é de libro a tramitación que se fixo.



Efectivamente, a outra tramitación que se ten que facer antes de aprobar como tal o proxecto é a autorización ambiental integrada —da que vostede falaba—. Aquí levabamos esperando da empresa dende o mes de setembro, por un requirimento específico, por documentación importante que tiña que presentar. E xa lle digo aquí que o 22 de maio se completou esa documentación e se remitiu á Consellería. Polo tanto, a empresa continúa —e ademais de xeito recente, a finais deste mes— coa tramitación.

Polo tanto, eu non teño ningún elemento de xuízo oficial para pensar que Sentury non continúa co seu interese en instalarse en Galicia.

E aclarareillo despois, pero falaba dos proxectos de eólicos vinculados a esta empresa e dunha potencia, que son 600 megawatts, de parques de Alcoa. Entón, realmente, parques que estean vinculados a Sentury e a Alcoa soamente son 100 megawatts, e iso non é competencia da Xunta de Galicia. Son parques de máis de 50 megawatts —tramitación ambiental estatal—, se ben é certo que, como están fóra de área, temos a excepcionalidade.

Grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señora conselleira.

Para a réplica, o señor Golpe Acuña.

**O señor GOLPE ACUÑA:** Grazas, señora presidenta.

Grazas, señora conselleira, pola súa concreción e a súa resposta. De verdade que tiña medo de que me saltase con Bildu, porque debe de ser a palabra do día. (*Risos.*) (*Aplausos.*)

Dicía vostede que non pode facer valoracións do que aparece nos medios de comunicación. Enténdoo, pero entenderá tamén que, dende a oposición e sen unha información oficial, é a única forma que temos de acadar datos, e máis cando algún medio comunicación podería ser o *Diario Oficial de Galicia* practicamente.

Eu si que deixaba caer na exposición de motivos os atrasos na xestión, porque iso é o que di o presidente deste grupo industrial —que teño o nome por aquí, Qin Long—, que o dixo na rolda de prensa posterior á xuntanza co presidente da Xunta.

Di que desincentivan o investimento dentro do proxecto das Pontes pola lentitude na tramitación. Entendo que hai parte desa tramitación que lle corresponde á Administración central do Estado, pero outra que lle corresponde á Xunta de Galicia.

De todas formas, déixame moito máis tranquilo saber que a tramitación segue en marcha, con esa subsanación feita o pasado día 22. O que si sigo vendo con certa preocupación, a pesar do erro na cifra —que, grazas pola corrección, que podían ser 100 megawatts en vez dos 680, aínda que foi en bloque—, é que hai un dos parques que ten informe favorable da Xunta de Galicia, que vai fóra de ADE, que é o parque eólico do Tesouro, que está vencellado a través dun PPA a este proxecto industrial.



Entón, reformulo a pregunta, a ver se ten a ben contestar: ¿como quedaría a tramitación deste parque se o proxecto industrial esmorece? É dicir, se Sentury non materializa esta fábrica nas Pontes, ¿que vai pasar con este parque eólico? ¿Vai seguir para adiante ou vai rexeitarse a súa instalación fóra de ADE?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, a señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza):** Grazas, señoría.

O que falaba do que di o presidente da empresa de lentitude na tramitación, pois probablemente tamén teña que ver coa orixe da empresa. É certo que en Europa, precisamente porque temos unhas garantías ambientais e laborais superiores —eu creo— a moitísimas outras economías, e grazas a iso, os proxectos están totalmente garantidos —ou esa é, dende logo, a opinión do Goberno e do Partido Popular dende o punto de vista territorial—, e por esa razón si somos máis lentos.

Pero tamén é certo —e recórdolle— que hai unha garantía por parte deste goberno de tramitar un proxecto industrial estratéxico no prazo máximo dun ano. Ese é un prazo que consideramos que é suficiente para, con todos os prazos legais que hai nunha lexislación ambiental, chegar a tempo e ver as cousas ben, e, neste caso, son cinco meses, como lle acabo de dicir. Así que, se é lento ou non, pois xa o ten que avaliar cadaquén.

En relación co parque, eu creo que o dixeran claramente: hai dous parques, e son tres os que teñen estes 100 megawatts. Un está denegado, e aos outros dous fáltalles a autorización de construción. É o Estado o que ten que dar a autorización de construción. E a partir de aí haberá que ver, respecto da excepcionalidade que vostede dicía, se poden levar a cabo outro PPA ou non con calquera outra industria galega; é dicir, a vinculación que pode ter con este proxecto. Se non vai Sentury, eu espero que toda a zona das Pontes teña unha serie de proxectos industriais potentes. Polo tanto, vai necesitar esa enerxía a prezos moito máis competitivos. Así que iso haberá que velo. No caso de que, efectivamente, Sentury non vaia, no caso de que, efectivamente, a Administración xeral do Estado dea esa autorización de construción, veremos se se pode continuar coa excepcionalidade derivada dos acordos de subministración correspondentes.

En relación con todo o que vostede plantexa, que creo que, en definitiva, é o desenvolvemento industrial desta zona das Pontes, tras ese peche da central, hai unha cuestión que creo que é moi relevante e que nós, a Xunta de Galicia, levamos poñendo sobre a mesa. Eu nunca escoitei que pregunten por proxectos concretos, pero para que os proxectos se instalen necesitan loxística, necesitan rede eléctrica, necesitan moitas cousas, e vostede sabe que As Pontes perdeu toda a súa potencia, a que tiña respecto da central na planificación eléctrica nova. Levabamos durante anos pedindo, por parte da Xunta, que volvесе, que se recuperase esa potencia porque, se non, todos eses proxectos industriais estratéxicos —dito en termos comúns— non teñen onde enchufarse.



Despois das alegacións feitas pola Xunta de Galicia —e, de verdade, é que nunca escoitei o BNG reclamando isto, e isto é fundamental—, *(Aplausos.)* recuperamos unha parte da capacidade; recuperamos 800 megawatts, na resolución que acaba de saír en abril, pero recórdolles a todos que As Pontes perdeu, dos 2.400 megawatts, 600 megawatts, e a única explicación que se nos está dando é porque as fontes agora son renovables.

Isto é importantísimo para o desenvolvemento industrial das Pontes e do resto de Galicia. Así que rogaría que tamén loiten por esta cuestión.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señora conselleira.

Silencio, por favor.

Continuamos coa quinta pregunta da orde do día.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey e D. Carlos López Font, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a eventual solicitude da Xunta de Galicia ao Goberno central da finalización do proxecto de construción da vía peonil pola costa entre Marín e Pontevedra con alternativas que respecten a nova lexislación vixente**

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Para formular a pregunta, por tempo de tres minutos, ten a palabra a señora Castro.

**A señora CASTRO REY:** Grazas, presidenta.

Bo día, conselleira.

Eu plantexaba hoxe esta pregunta a raíz dunhas dúbidas que se xeraron sobre a continuidade dun proxecto que dende o Partido Socialista entendemos vital para a conectividade entre o concello de Pontevedra e Marín, e refírome a este itinerario peonil entre Marín e Pontevedra; un itinerario de aproximadamente tres quilómetros de paseo que permite a unión pola costa de ambos os concellos.

Pois ben, en xuño do ano 2020, o Goberno de Pedro Sánchez adxudicou por importe de 2,5 millóns de euros esta obra, unha obra coa que por fin se cumpre unha vella demanda histórica existente entre estes dous concellos. Este proxecto foi executado, pero só a primeira fase, de 1,2 quilómetros, entre Mollavao e o nó de acceso á autoestrada AP-9, quedando pendentes no día de hoxe 783 metros que separan este punto da pasarela construída entre O Cabo e os terreos ocupados por Ence.

Pois ben, despois este treito de 783 metros tiña proxectado unha pasarela metálica pilotada enriba do mar, opción que foi desbotada no ano 2021 porque existiron diversos erros de cálculo no proxecto. ¿Isto que provocou? Pois que tivese que rescindir e convocar un novo proxecto.





Durante este tempo de rescisión e de convocatoria do novo proxecto, modificáronse diferentes leis. Entrou en vigor a Lei de cambio climático e transición enerxética no ano 2021, que obrigaba a ter en conta os efectos do cambio climático en proxectos como este, e entrou en vigor de forma definitiva o Regulamento da Lei de costas, desa Lei de protección e uso sostible do litoral, que modificaba a Lei de costas do ano 1988, aprobada na época de Rajoy. Esta segunda normativa prohibe invadir a ribeira do mar en ningún caso —di— e di que non se pode seguir ocupando máis costa e gañando espazo ao mar. Entón, si permite facer paseos, pero di que sempre que se respecte esa servidume de tránsito nunha franxa de 6 metros medidos cara a dentro encima da ribeira do mar.

Pois ben, con esta normativa ao proxecto inicial que se barallaba, pois resulta incompatible. Polo tanto, nós, dende o Grupo Socialista, xa tanto a nivel municipal como a nivel provincial, posicionámonos en favor da necesidade de que dende o Goberno de España se busquen diferentes opcións que fagan compatible as alternativas técnicas coa legalidade e de que, polo tanto, se poidan chegar a construír estes 783 metros de paseo necesario para unir ambas as vilas.

O que queremos dende o Grupo Socialista é que a Xunta tamén se posicione en relación coa prioridade deste proxecto, como xa fixemos a outros niveis no noso territorio, para que se finalice este paseo, para que se busquen estas alternativas técnicas e para que esta senda non remate no paseo das mariscadores dos Praceres, senón que continúe a través do cabo Estribela, para resolver o paso polo cruce da PO-11 á entrada polo porto de Marín. E, por último, que se garanta esta mobilidade ciclista e peonil na nova alternativa posible. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas, señora Castro.

Para darlle a resposta, ten a palabra a señora conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

**A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue):** Señora presidenta.

Señora deputada.

Recoñezo, señoría, que nun primeiro momento me sorprendeu que trouxese esta pregunta a esta Cámara. E sorpréndeme aínda máis que tenten pórllle deberes á Xunta cando é o seu goberno, o Goberno de Pedro Sánchez, quen se encheu a facer anuncios para finalmente terminar desbotando un proxecto e deixando unha senda peonil a medio facer.

Señoría, ben sabemos os pontevedreses que nin temos senda peonil, nin pasarela metálica, nin adosada, nin pilotada sobre o mar; nin está nin se espera. De feito, o proxecto ao que vostede fai referencia na súa pregunta, a obra denominada «*Unión del itinerario peatonal entre Marín y Pontevedra*» xa nin existe para o Ministerio de Transición Ecolóxica. E agora pretenden que o Goberno galego solucione o problema. ¿É que non son conscientes de que esa senda peonil que hoxe traen aquí era e é responsabilidade do Goberno estatal?, ¿de que os terreos sobre os que se asenta eran e son do dominio público marítimo-terrestre de Costas?,



¿de que é paralela á estrada tamén estatal PO-11?, ¿de que este proxecto o impulsou o Partido Popular cando gobernaba en España e de que foron vostedes os que o obstaculizaron e agora non queren, non poden ou non saben como rematalo? (*Aplausos.*)

¿Onde están os 1,7 millóns de euros que o Ministerio ía destinar ao remate desta obra? Menos mal que este Goberno autonómico é previsor e actúa con planificación. Onde vostedes poñen problemas, nós buscamos solucións. Por iso, acabamos de impulsar a transformación da antiga estrada entre Marín e Pontevedra para convertela nun eixe de mobilidade sostible, proxecto ao que destinamos case dez millóns de euros. Entre o ano pasado e este destinamos 1,3 millóns de euros para a execución dos treitos de Etribela, estamos a rehabilitar o treito urbano de Marín e acabamos de licitar, por importe de 6,7 millóns de euros, o treito de Mollavao-Os Praceres, coa execución paralela do aparcadoiro disuasorio de Lourizán e a creación dun espazo de lecer e melloras de accesibilidade e zonas verdes no miradoiro, convertendo así esta estrada nunha vía sostible e segura que garante a convivencia entre peóns, ciclistas e vehículos. Obxectivos, orzamentos e prazos de execución, algo do que carece o Ministerio e do que carece Costas.

Efectivamente, señoría, temos 738 metros sobre a ría de Pontevedra cos que nin Costas nin o Ministerio saben que facer para rematar un proxecto actualmente inviable, segundo recoñeceu o propio Ministerio. Unha pataca quente que hoxe traen aquí, poñendo sobre a mesa o fracaso da xestión do Goberno socialista, que non foi quen de rematar unha pasarela peonil nos últimos seis anos. Paréceme realmente de vergoña allea vir pedir que sexa a Xunta quen presione a Madrid, cando vostedes, Bloque e PSOE, incluíron a pasarela (*A señora conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, Martínez Allegue, mostra un documento.*) na negociación do Pacto de investidura con Pedro Sánchez. Daquela non sabían xa como rematala e, aínda así, asinaron este pacto. (*Aplausos.*) Píddolle, señoría, seriedade e que unha vez máis defendan os intereses dos galegos aquí e en Madrid.

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

**A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue):** Moitas grazas.

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Señora Castro, dous minutos.

**A señora CASTRO REY:** Grazas, presidenta.

Señora conselleira, nós defendemos os intereses dos galegos, por iso estamos pedíndolle ao Goberno de Galicia que tamén o faga, que se posicione en favor desa prioridade e da continuidade dese proxecto; un proxecto que teño que recordarlle que executou Pedro Sánchez no ano 2020 e que ata ese momento estaba metido nun caixón, como outras moitas obras que fixo o PP no meu territorio; como o dos bombeiros, a autovía 57, a chegada do AVE a Galicia e moitas outras que tivemos que iniciar nós cando comezamos a gobernar en España.



E o que eu lle digo ao Partido Popular —e cústalle moito entendelo, porque nos momentos que goberna tamén en Madrid hai un seguidismo absoluto— é que nós priorizamos un interese como é esta conectividade entre o concello de Marín e Pontevedra.

E é verdade que existía un proxecto inicial, como eu mantiven na miña primeira intervención, que era esa pasarela voada. Pero como estivo tantos anos metida no caixón —dende o ano 2011 ata o ano 2018—, pois modificouse a lexislación. E actualmente esa pasarela voada non é compatible coa normativa. ¿Por que? Porque a modificou principalmente esa modificación da Lei do litoral aprobada na época de Mariano Rajoy.

Polo tanto, nós non estamos pedíndolle á Xunta que faga este proxecto, senón que se posicione en favor da prioridade deste proxecto para dicirlle ao Estado que se leve a cabo unha alternativa conforme a legalidade, como é esa alternativa que están a plantexar agora os técnicos, que é a posibilidade de comerlle terreo a esa autovía e non facer a pasarela voada, senón poder facer a pasarela por enriba, restando un carril a esa autovía e restando un carril a esa servidume de paso que existe despois dos terreos que ocupa Ence.

Entendemos que é un proxecto vital para a mobilidade peonil e ciclista entre o paseo de Pontevedra e Marín e que permitirá, ademais, gañar para a veciñanza a costa, que foi usurpada por moitas construcións, entre as que está a pastera de Ence, a autovía e o porto de Marín.

Polo tanto, todos temos que ir unidos nesta prioridade. Iso é o que lle pedimos. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, a señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue):** Resulta chamativo, señoría, que o PSOE critique proxectos impulsados polo seu propio Ministerio de Transición Ecolóxica e que critique tamén a normativa medioambiental impulsada polo Goberno de Pedro Sánchez, como é a Lei do cambio climático, ou a modificación da Lei de costas.

En todo caso, alégrome de que dea así a razón á Xunta de Galicia, que vén denunciando dende hai anos os ataques continuos do Goberno central sobre a costa, e pónolle exemplos, como o seu primeiro intento de acurtar as concesións na costa vía modificación do regulamento, que tivo que retirar por ir en contra da Lei de costas e a enorme contestación social. Ou coa Lei de cambio climático de 2021, coa que se buscou modificar pola porta de atrás a lexislación marco de Costas e cambiar as regras do xogo. Para limitar o período máximo de prórroga extraordinaria das concesións computábanse o prazo legal dos 75 anos, pero non dende que se solicita a prórroga, senón dende que se outorga a concesión. Ou de novo coa modificación do Regulamento xeral da Lei de costas, agora anulado polo Supremo, por saltar o trámite previo preceptivo de consulta pública. Ou co Plan estratéxico nacional, ese denominado «Plan costa libre» que presentan en 2022 e que pretende deixar totalmente libre de vestixio humano a costa antes de 2045 ao considerar a existencia de ocupacións no dominio público marítimo-terrestre como un problema crítico, con independencia de que a edificación sexa da cadea mar-industria.



Ante todos estes ataques, e para frealos e exercer as nosas lexítimas competencias, a Xunta deseña a Lei de ordenación e xestión integral do litoral, que foi recorrida polo Goberno central. E pese a iso, finalmente, o Constitucional avalou a Xunta ao rexeitar ese recurso por unanimidade o pasado mes de abril. A norma galega regula o litoral, os órganos que deben aplicala, os usos e actividades económicas permitidas, as actuacións que se consideran estratéxicas e os plans que deben regular eses usos e esas actuacións. E habilita o Goberno galego para outorgar concesións no dominio público cando se transfiran os medios polo Estado, algo que xa foi solicitado pola Xunta.

O desenvolvemento desta lei vai exixir un importante calendario de actuacións no que cabe destacar, por exemplo, a planificación da rede de sendas do litoral. E é aquí onde teñen que pensar nos galegos, señoría, apoiando o Goberno galego cando pedimos a transferencia de infraestruturas ou a xestión do noso litoral. Porque vemos que a realidade é que o Goberno central lles dá largas aos seus socios nacionalistas e obriga o Partido Socialista galego a dicir unha cousa en Santiago e a contraria en Madrid.

Señoría, nós traballamos dende o sentidiño e dende o rigor, con obxectivos e con propostas factibles; aquí é onde nos atoparán. Agardamos, por suposto, contar coa súa colaboración para a xestión do noso territorio dende Galicia e para os galegos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas, señora conselleira.

Continuamos coa pregunta referida na orde do día no apartado 7.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Raquel Arias Rodríguez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a inclusión de novas vacinas no Calendario de vacinación ao longo de toda a vida**

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Para formular a pregunta, e por tres minutos, ten a palabra a señora Amigo.

**A señora AMIGO DÍAZ:** Moitas grazas, presidenta.

Bos días, señor conselleiro. Grazas por vir aquí, á sede parlamentaria, contestar a nosa pregunta.

En Galicia podemos presumir de contar cun excelente sistema sanitario, pero, ademais, ningún dubida de que unha das nosas principais fortalezas é a saúde pública, e hoxe a nosa pregunta vai ser sobre vacinas.

As vacinas son unha das ferramentas fundamentais no eido da prevención e da protección da saúde. Galicia sempre destacou pola rigorosidade e polo coidado co que tratou o seu programa de vacinación, xestionado pola Consellería de Sanidade a través da Dirección Xeral de Saúde Pública, o que permitiu situar a nosa comunidade entre as mellores de España, sempre adoptando medidas pioneiras e sempre adiantándonos ao resto das comunidades;



algo que moitas veces interpretamos como normal, pero o que ocorre en Galicia realmente é excepcional. Os galegos imos por diante en coberturas sanitarias, especialmente en prevención, e isto é motivo de orgullo para todos nós. Esta prevención é un dos piares dos cinco pés que os expertos utilizan para describir como debe ser a medicina do futuro: personalizada, predictiva, participativa, poboacional e preventiva. Para Galicia esta medicina do futuro xa case é do presente.

O Goberno galego do Partido Popular, a través da Consellería de Sanidade, foi pioneiro no mundo na instauración e reforzo de inmunización de infancia. E un fito fundamental neste eido, enfocando as vacinas como necesarias e imprescindibles ao longo de toda a vida, foi a implantación, en setembro do ano 2022, do Calendario para toda a vida. Este proceso iníciase xa coa protección intrauterina, vacinando a muller embarazada e abarcando todas as etapas da vida. Este calendario, ademais do avance que supón agrupar o calendario infantil e o de adultos, inclúe novas vacinas, o que fai posible que aumente a protección contra algunhas enfermidades infecciosas que se poden previr mediante a inmunización e converte Galicia nunha das rexións co calendario máis completo do mundo.

Sabemos que engadiron unha boa cantidade de vacinas e gustaríanos que nos detallase as principais incorporacións, as cales permitiron ampliar o calendario vacinal, facéndoo aínda máis extenso e deixando patente o compromiso coa inmunización dos máis cativos.

E por iso hoxe, señor conselleiro, desde o Grupo Popular queríamos preguntarlle: ¿cal é a valoración que realiza a Xunta de Galicia do actual Calendario de vacinación ao longo de toda a vida?

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señora Amigo.

Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Sanidade, don Antonio Gómez Caamaño.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño):** Presidenta do Parlamento.

Señora deputada, efectivamente, en Galicia temos unha sanidade pública da que podemos e debemos estar orgullosos, porque hai asuntos capitais nos que somos referencia, non só a escala estatal, senón tamén a nivel internacional. Temos o cribado neonatal máis amplo de España e contamos co Calendario de vacinación para toda a vida máis completo do mundo, que abarca desde a etapa prenatal ata a idade adulta. O calendario de inmunización que temos non é estático, senón que o estamos actualizando e ampliando de acordo coas novas evidencias científicas e a dispoñibilidade de novas vacinas. Esta continua ampliación fai que Galicia conte co calendario de inmunización universal e gratuíto máis completo do mundo.

Esta ampliación do calendario vacinal supuxo, a nivel de orzamentos, duplicar o investimento desde 2020. O investimento que destinamos ao Programa galego de vacinación achégase aos corenta millóns de euros. Nos últimos anos fixemos moitas incorporacións ao



calendario vacinal, conscientes de que a mellor cura é a anticipación. Desde o 2022 incorporamos a vacina fronte ao meningococo B aos 2, 4 e 12 meses. Coa incorporación ao calendario garantimos a equidade no acceso a esta vacina e logramos acadar unha cobertura por encima do 97 por cento.

A vacina fronte aos diferentes tipos ou serotipos de meningococos introduciuse no calendario de decembro de 2019. Fomos cambiando pautas e cambiando doses ata lograr que a cobertura da primovacinação fose do 93,6 por cento. Tamén incorporamos en 2022 no calendario a vacina fronte ao virus do papiloma humano en varóns aos 12 anos, aumentando a cobertura, ao vacinar tanto a nenas coma a nenos e atender así as recomendacións da Organización Mundial da Saúde.

No marco da campaña de vacinación antigripal estacional, de maneira pioneira na campaña 2022-2023, incorporamos a todos os nenos de entre 6 e 59 meses. No caso dos adultos, a vacina fronte ao herpes zóster introduciuse no ano pasado de xeito sistemático ás persoas que cumpren 65 anos, aínda que xa desde un ano antes se viña administrando a persoas pertencentes a grupos de risco.

Tamén desde o ano pasado administramos a vacina conxugada fronte ao pneumococo 20-valente ás persoas segundo vaian cumprindo os 65 anos. Este ano o cambio desta vacina permitiunos a súa administración en nenos...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño):** ...reemprazando a que se viña administrando e mellorando así tamén a protección dos menores. Estamos... *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten despois un segundo turno de tres minutos.

Moitas grazas.

Réplica, señora Amigo.

**A señora AMIGO DÍAZ:** Moitas grazas.

Moitas grazas, señor conselleiro, pola súa resposta.

Queda patente o traballo realizado polo Goberno galego do Partido Popular e, concretamente, pola Consellería de Sanidade. Desde logo, é para que todos nos congratulemos por isto. Nós, no Partido Popular, estamos moi orgullosos da nosa sanidade e do traballo realizado non só polos cargos da consellería, senón tamén polo realizado por todos os traballadores do Sergas. E permítame a licenza de que personalice este agradecemento na enfermaría e na pediatría, pola defensa feita na promoción das vacinas e, en xeral, pola inmunización; e tamén pola resposta do pobo galego, que acode aos chamamentos cando se lle fan.

Na recente pero, afortunadamente, xa pasada pandemia da covid-19, ademais de manter os antivacinas afastados do noso sistema sanitario, Galicia tivo os mellores datos de vacinación



de España e os mellores de Europa (*Aplausos.*) Pero non cabe dúbida de que Galicia marcou tamén fitos importantes, ao contar desde o ano 2023 co calendario de inmunización para toda a vida máis completo de España e que contribúe á prevención en determinadas patoloxías, incluíndo novas vacinas como rotavirus, meninxite, virus respiratorio sincicial ou a vacina de adultos de herpes zóster, que vostede tamén mencionou.

Non é casualidade que moitos países europeos destaquen e valoren o noso calendario vacinal e incluso que se fagan prestixiosos estudos dos nosos programas. Seguro que vostede pode darnos máis datos sobre isto e, por iso, nesta segunda quenda quería preguntarlle: ¿como valora os resultados das recentes campañas?

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señora Amigo Díaz.

Neste turno de réplica vostede volve ter tres minutos.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño):** Señoría, no que respecta á vacina fronte ao virus respiratorio sincicial en Galicia temos catro motivos para celebrar e para sentirnos orgullosos. Por unha banda, porque fomos pioneiros, os primeiros do mundo na súa inclusión no calendario vacinal infantil. Estivemos á vangarda da posta en marcha deste programa de inmunización infantil para evitar as consecuencias desta infección respiratoria aguda e a súa incidencia nos recién nados. Iniciamos a campaña de vacinación o 25 de setembro, vacinándose 13.505 nenos e nenas nados desde o 1 de abril do pasado ano.

Precisamente, os resultados acadados son o segundo motivo para poder celebrar e sentirnos orgullosos. Os resultados amosan unha efectividade da vacina fronte ao virus respiratorio sincicial do 82 por cento. Non debemos esquecer a importancia deste fito, porque o virus respiratorio era unha das causas máis frecuentes de hospitalización en lactantes, un de cada cincuenta e seis lactantes ingresaba no hospital como consecuencia desta infección durante o seu primeiro ano de vida.

Grazas a esta pauta de vacinación infantil logramos evitar máis de catrocentos ingresos en lactantes de menos de seis meses. Isto supón unha redución do 92 por cento de ingresos en relación aos esperados. É dicir, logramos evitar unha hospitalización por cada vinte e cinco lactantes vacinados. Son resultados certamente positivos e esperanzadores. Resultados exitosos que deron a volta ao mundo e xeraron un especial interese académico e de saúde pública. A maior mostra é que a revista *The Lancet*, publicación científica de referencia a nivel mundial no campo das enfermidades infecciosas, fíxose eco deste fito da sanidade galega. Este é o terceiro motivo polo que coído que en Galicia podemos celebrar e sentirnos orgullosos: a proxección e o prestixio internacional.

E, por último, o cuarto motivo para estar orgullosos é a implicación dos pais e nais; a súa confianza nos profesionais sanitarios e na sanidade pública. Sen eles hoxe non poderíamos estar falando dos excelentes resultados e, sen eles, Galicia non podería estar hoxe á cabeza a nivel mundial en calendario vacinal infantil.



A Xunta xa demos os pasos necesarios para continuar con esta campaña de vacinación este ano, garantindo que haxa doses para todos os lactantes galegos incluídos no programa. Un programa que, de seguro, seguirá dando grandes resultados.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Imos á penúltima pregunta.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Rosana Pérez Fernández e D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación do Centro de Saúde de Ribeira no relativo á súa dotación de persoal médico**

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Para formular a pregunta, e por tempo de tres minutos, ten a palabra dona Rosana Pérez.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Grazas, presidenta.

Señor conselleiro, moi bo día.

Sinto moitísimo que desde a comarca do Barbanza non poidamos celebrar nin congratularnos tanto como se congratulan vostedes. O seu antecesor no cargo estaba moi preocupado en culpabilizar o alcalde de que en Ribeira non se poida levar a cabo a construción dun centro de saúde por parte da consellería. Esa preocupación polo cemento non foi máis que un intento máis de tapar a escandalosa situación da atención sanitaria en Ribeira, a peor da súa historia. Falta escandalosa de persoal médico no centro propio de Ribeira, máis de medio ano sen cubrir o centro periférico de Palmeira e un ano enteiro de concentración dos veciños e veciñas de Corrubedo para tentar ter médico a tempo completo e que non se pechase o centro. Lamentablemente a situación no día de hoxe, moi lonxe de mellorar, persiste e empeora. Hai un mes que o persoal dos centros de saúde de Ribeira vén mobilizándose pola falta de facultativos, que non só afecta Ribeira, senón tamén os tres centros periféricos da localidade.

Non son casos puntuais, señor conselleiro, como adoitan escusar dende a consellería. Levan máis de catro anos cunha sobrecarga asistencial brutal, con cupos moi por enriba do establecido; con listas de agarda cada vez maiores e sen que vostedes reaccionen para cubrir, cando menos, as tres baixas prolongadas e as dúas prazas vacantes que existen. Ademais, claro, das ausencias xustificadas que se producen a maiores.

É unha situación, señor conselleiro, absolutamente insostíbel; cronificada pola nefasta xestión da consellería e que mantén o cadro de persoal facultativo de mañá entre o sesenta e o setenta por cento por debaixo do que debera. De dez médicos de mañá, habitualmente atenden catro e incluso tres a maioría dos días. Son arredor de sete mil pacientes aos que se seguen sumando os cupos deses tres ou catro médicos habituais e que están a sufrir as consecuencias dunha política sanitaria que mantén a atención primaria nunha deterioración





insoporable. Fálolle agora da quenda de mañá, pero podería falarlle tamén da de tarde, que vostede sabe que ten problemas non de agora, non puntuais; dende hai moito tempo.

Polo tanto, como a xerencia, ademais, desenténdese co mesmo argumentario de sempre —que «non hai médicos»— os profesionais non poden seguir aturando estas condicións e os seus pacientes agardan ata tres semanas para ser atendidos. Preguntámoslle: ¿como e cando o señor conselleiro vai poñer fin á situación demencial da falta de profesionais médicos e desatención no Centro de Saúde de Ribeira?

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señora Pérez.

Quenda de tres minutos, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño):** Presidenta, señoría.

Señoría, celebro que traian vostedes esta pregunta ao Pleno. En primeiro lugar, porque nos permite poñer o foco sobre un problema xeneralizado —non exclusivo de Galicia— como é a falta de profesionais sanitarios; especialmente no verán e fundamentalmente nas especialidades de médico de familia e pediatras de atención primaria.

Se ben ese escenario de falta de médicos é, como digo, un problema común en toda España, vostedes iso é algo que obvian por completo, nun intento quizais de desculpar e apoiar a xestión do Ministerio de Sanidade. Han de saber que co seu silencio, coa súa falta de espírito crítico co goberno de Pedro Sánchez, están vostedes facendo un fraco favor aos galegos e aos veciños de Ribeira, porque a solución ao problema que vostedes trasladan ha de vir dunha resposta global e dunha implicación real do Ministerio de Sanidade. Se realmente queren solucionar os problemas dos galegos e dos veciños de Ribeira, deberían poñerse do lado da Xunta e defender con seriedade e rigorosidade ante o Goberno de España o que vimos defendendo desde o executivo autonómico e desde a Consellería de Sanidade.

Mire, señoría, a semana pasada pedímoslle á ministra unha reunión urxente do Consello Interterritorial de Saúde para abordar a falta de profesionais de atención primaria no verán. Pedímosllo porque é un problema que nos preocupa. Demandamos solucións urxentes ao Ministerio para cubrir a falta de profesionais sanitarios, porque o problema vén motivado polo atraso no inicio da formación da xeración MIR no ano 2020, con motivo da pandemia. Hai moito tempo que lle vimos pedindo ao Ministerio que acredite máis centros, flexibilizando os requisitos e axilizando a acreditación das unidades docentes, sen que ata agora se atendesen as nosas demandas. O Goberno de España como responsable desa planificación debe afrontar o problema coas comunidades e dar solucións, porque a poboación necesita médicos no verán. Esa é a realidade, señoría.

Lémbrolle tamén que para paliar a falta de médicos outra das propostas que lle fixemos ao Ministerio foi unha prórroga na idade de xubilación, loxicamente de forma voluntaria, ata o 72 anos. Pero, lamentablemente, a nosa petición tampouco foi escoitada. Señoría, o que lle



pedimos ao Goberno de España é que atenda as nosas solicitudes, que teña en conta as nosas propostas e que adopte medidas para dispoñer de médicos de familia en número suficiente para abordar as xubilacións ou ausencias prolongadas.

Non lle pedimos ao Goberno de España nada que nós non fagamos, porque desde a comunidade galega temos traballado tamén no eido das nosas competencias para tratar de paliar este problema. Non quedamos de brazos cruzados. Ante un problema común, en Galicia diferenciamonos pola resposta. Fomos pioneiros á hora de buscar solucións, aprobando unha lei de medidas extraordinarias para cubrir postos considerados de difícil cobertura. Unha lei, señorías, á que lles lembro que vostedes se opuxeron.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Réplica, señora Pérez.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Grazas, presidenta.

Señor conselleiro, nós non obviamos nada. Nós non vivimos en Murcia; vivimos, neste caso, na comarca da Barbanza e vostedes gobernan a Xunta. Aquí non goberna ningún outro grupo político que non sexa o propio Partido Popular. Pídenos vostedes poñernos ao lado da Xunta. Estámolo pensando, pero de momento e dende hai moito tempo, ao lado de quen estamos e a carón de quen estamos é dos veciños e veciñas, cousa que vostedes non fan. *(Aplausos.)*

Miren, por se non chegaba cos anuncios do 2021, 2022 e 2023, resulta que recentemente na campaña electoral anuncio sobre anuncio tamén e promesa tras promesa, —promesas todas absolutamente incumpridas— deixan vostedes un panorama absolutamente desolador en toda a comarca. Todos os MIR que se forman no Barbanza renuncian a traballar alí porque non teñen, señor conselleiro, condicións dignas de traballo e saben que non van poder levar a cabo unha atención de calidade. Son moitos anos de maltrato aos profesionais, señor conselleiro; non é de onte. Repítolle: non son casos puntuais; son moitos anos de parches, de quitar profesionais, de movelos dun sitio para outro sen solucionar o fondo do problema. Son moitos anos sen tomaren medidas de calado e aumentando a inestabilidade, a presión e as listas de agarda. Son moitos anos, señor conselleiro, que leva Galiza á cola do investimento en atención primaria.

A situación vaise agravar, xa o dixo vostede antes. Vén o verán e imos case triplicar a poboación da comarca. ¿Como, señor conselleiro, se non son capaces de atender a poboación residente, van atender ademais tres veces máis que nos vén enriba?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Réplica do Goberno, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño):** Señoría, unha das prioridades que nos marcamos na Consellería de Sanidade é a mellora da atención primaria, facendo que as



prazas de médico de familia ou de pediatría sexan realmente atractivas para captar o no noso talento e retelo, pero tamén para captar o talento de fóra. Aínda que vostedes non o queiran recoñecer, en Galicia —todo hai que dicilo— fomos pioneiros á hora de potenciar facer atractivas este tipo de prazas de atención primaria. Promovemos a elección de Galicia dos MIR con incentivos retributivos, con medidas que favorezan a conciliación e con contratos de máis duración, é dicir, de tres anos para os residentes que rematan a súa formación nas especialidades de Medicina Familiar e de Pediatría en Atención Primaria.

E, señorías, ¡non mintan!, cada vez destinamos máis recursos ao persoal de atención primaria; investimos, concretamente, un 37 por cento máis do que vostedes investían cando gobernaban, e contamos con setecentos efectivos máis que daquela.

Reitero que a Xunta vén traballando para garantir unha asistencia sanitaria de calidade a todos os veciños de Ribeira: creación, en 2020, dunha nova praza en horario de mañá; un aumento do cadro de persoal que permitiu que desde decembro se reducise a media de cupo dos profesionais; a reconversión de dúas prazas de médico de Familia a facultativo especialista en Atención Primaria, que se cubriron polo sistema de prazas de difícil cobertura, con dous facultativos que seguen traballando hoxe no centro de saúde de Ribeira; o reforzo da atención do punto de atención continuada, co aumento de médicos e enfermeiras nas quendas de tarde de luns a venres, sendo actualmente dous equipos completos, como xa existían nas fins de semana. Isto significa que o cadro de persoal do PAC de Ribeira está ao completo. Do mesmo modo está ao cen por cento á área de Pediatría, con catro pediatras no centro e con cupos inferiores aos 855 nenos.

Señoría, para adaptarnos ás características dos novos profesionais tamén mudamos as quendas de traballo, e agora, no centro de saúde de Ribeira, existen dez prazas de médico de Familia en quenda de mañá, unha deslizante e tres en quendas de tarde. Os catro pediatras están distribuídos en quendas de mañá e de tarde. Este cadro de persoal permite que o cupo medio dos médicos de Familia se sitúe por debaixo dos mil quiñentos pacientes que recomentan as sociedades científicas desta especialidade. Para superar esta conxuntura, o que se está a facer é tratar de organizar xornadas máis prolongadas de atención aos pacientes por parte dos profesionais existentes, e trasladando as citas para receitas ao Centro de asistencia e atención primaria para liberar así os médicos de tarefas burocráticas innecesarias. Contamos, ademais, coa colaboración e coa presenza de todo o persoal de enfermaría do centro, que fai un labor importantísimo do seguimento dos pacientes crónicos e na atención dos agudos.

En todo caso, seguimos traballando para mellorar todo o que se poida mellorar na atención aos pacientes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

E imos á última pregunta da orde do día desta sesión plenaria; neste caso de dona María Cristina Fernández Davila.



### **Pregunta de D<sup>a</sup> María Cristina Fernández Davila, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación da asistencia sanitaria nos centros de saúde e no PAC da comarca do Condado-A Paradanta**

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten tres minutos, señora Cristina.

**A señora FERNÁNDEZ DAVILA:** Bo día, señor conselleiro.

O centro de Saúde e o PAC de Ponteareas levan case tres anos nunha situación de caos e de colapso debido á non cobertura das vacantes de persoal por xubilacións, baixas e vacacións, o cal provocou, en agosto de 2021 a supresión da quenda de tarde no centro de saúde de Ponteareas, tanto de Medicina Familiar como de Pediatría. Desde entón, son moitas as persoas que están sen asignación de médico de Familia unha vez anulada esta quenda de tarde —pero sen reforzar os efectivos médicos—, que foi recuperada despois de dous anos, grazas ás continuas mobilizacións, que foron convocadas pola Plataforma en defensa da sanidade pública do Condado-A Paradanta.

A finais do mes pasado —de abril—, a coordinadora do Centro de Saúde de Ponteareas —que tamén é, por certo, concelleira de Servizos Sociais do Partido Popular no Goberno do Concello— anulou de novo a quenda de tarde, por atoparse o centro de saúde, como todos os veráns, cunha merma do cadro médico. Neste momento hai sei médicos e médicas menos en Ponteareas. Anularon, sen avisar as persoas afectadas, todas as citas fixadas a partir do 1 de maio, tendo que tramitar cada persoa unha nova cita xa na quenda de mañá, e tendo unha espera doutras novas cinco semanas.

A política do Partido Popular de non substituír o persoal sanitario, xunto co caos e coa desorganización deste centro de saúde, que é denominado «Vietnam» polo persoal sanitario galego —¡como será a situación!—, fai que as veciñas e os veciños teñan que recorrer, en moitas ocasións, a visitar o PAC de Ponteareas —as Urgencias— que, está tamén xusto de persoal. En momentos de avisos para urxencias ou para atención domiciliaria de persoas dependentes, orixínase un tempo de espera moi elevado, de moitas horas para os doentes que deben ser atendidos. O mesmo acontece no PAC da Cañiza que atende, precisamente, a poboación dos concellos de Crecente e de Arbo.

Así que, cada día que pasa, a situación dos centros de saúde da nosa comarca empeora: Salvaterra de Miño non ten pediatra estable; en Mondariz faltan dous médicos; na Cañiza hai dous médicos de baixa e non son substituídos; e Covelo, simplemente, carece de médicos; na Unidade de Saúde Mental de Ponteareas falta unha psiquiatra que xa leva desde o 1 de marzo de baixa, e hai unha listaxe de agarda dun ano para o único psicólogo do Servizo, así que as persoas afectadas están sen atender, sen revisar a súa medicación e sen reasignar as súas citas a outra unidade de saúde mental.

Así que no BNG queremos facerlle a seguinte pregunta: ¿que medidas vai tomar o Goberno galego para mellorar a situación sanitaria nos centros de saúde e nos PAC da comarca do Condado-A Paradanta para que a atención das veciñas e dos veciños sexa coa calidade que se precisa? (*Aplausos.*)



**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Contestación do Goberno, o señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño):** Presidenta do Parlamento.

Señoría.

Lamento que vostede non escoitase nada do que acabo de dicir e lamento que no seu grupo insistan en reprochar á Xunta unha situación que é común ao conxunto de comunidades. Convídoa, por exemplo, a indagar un pouco sobre a situación da Atención Primaria noutras comunidades autónomas; convídoa a interesarse polas medidas doutros gobernos autonómicos para paliar a falta de médicos e a comparalas co que estamos a facer aquí, en Galicia; convídoa a reflexionar sobre a achega do BNG á sanidade pública en xeral, e á de Ponteareas en particular; e convídoa a reflexionar sobre o papel que está a desempeñar o seu partido neste contexto de déficit de profesionais sanitarios en determinadas especialidades da Atención Primaria.

Por unha banda veñen seguido aquí para tratar de sacar rédito político dunha situación que xa vostedes mesmos recoñecen que ten a súa orixe en algo tan básico e tan sagrado como son as vacacións, as baixas ou as xubilación dos médicos. E, por outra banda, cando a Xunta pon sobre a mesa solucións, como fixemos coas iniciativas normativas para a dotación de facultativos especialistas en Atención Primaria e para a provisión de prazas de difícil cobertura, vostedes —os do BNG— votaron en contra. Así que, en lugar de recoñecer o extraordinario labor dos profesionais que están a facer (*Aplausos.*) un grande esforzo para garantir a asistencia sanitaria a toda a poboación, vostedes veñen aquí crispando, empregando, ademais, datos falsos, porque é falso que en Salvaterra de Miño non haxa pediatra, cando hai unha profesional que realiza consultas todos os luns e venres e outro que o fai os martes, os mércores e os xoves; é falso que en Mondariz falte un médico de forma prolongada; é falso que na Cañiza haxa dous médicos de baixa sen substitución porque na Cañiza consultan todos os días os tres médicos previstos pola dotación a tempo completo; é falso que Covelo careza de médicos porque en Covelo a atención médica está garantida todos os días e, por certo, cunha praza de facultativo especialista en Atención Primaria, unha modalidade que vostedes rexeitaron. Polo tanto, a realidade é que Covelo ten médico a pesar do BNG. (*Aplausos.*) E é falso que na Unidade de Saúde Mental, que este Goberno puxo en marcha en Ponteareas, falte un psiquiatra; e é falso que a lista de agarda para o psicólogo sexa dun ano. (*Aplausos*)

Polo tanto, prégole que revise os seus datos. A realidade é que a asistencia sanitaria está garantida para toda a poboación en Ponteareas e tamén en toda a comarca do Condado-A Paradanta, tanto pola mañá, como pola tarde. No caso de Ponteareas a dotación é de quince prazas de médico de Familia, distribuídas en nove prazas de mañá e seis prazas de tarde; deles, por certo, tres son para facultativos especialistas en Atención Primaria. De novo se Ponteareas conseguiu ter máis médicos de tarde foi a pesar de vostedes.

Tendo en conta as vacantes e as situacións de incapacidade temporal, que non se poden cubrir por falta de médicos, a asistencia sanitaria está garantida cun total de dez médicos. Dato mata relato.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Grazas.

Réplica, a señora Fernández Davila.

(*A señora Fernández Davila pronuncia palabras que non se perciben.*)

Déanlle voz ao escano.

**A señora FERNÁNDEZ DAVILA:** Grazas.

Ben, di que eu non escoitei, vostede tampouco escoitou a intervención da miña compañeira anteriormente —o que lle dixó—. Está claro que eu si que comparo con outras comunidades autónomas. Os problemas non son os mesmos porque nós tampouco investimos o mesmo en Atención Primaria que outras comunidades autónomas. Galiza está á cola dese investimento. (*Aplausos.*) Debía darlle vergoña. (*Aplausos.*)

Débenos dicir tamén cantas oposicións houbo para médicos de familia nas últimas décadas; é que non houbo nin sequera oposicións, e todas as prazas de que falaba vostede son itinerantes. É unha tristeza que as familias teñamos que decidir cando se teñen que pór os nosos nenos e nenas enfermos para ir ao pediatra. ¿Cando toca esta semana?; ¿toca luns e mércores? É vergoñoso que diga vostede iso. (*Aplausos.*)

Mire, aquí se nota perfectamente o que acontece cando o persoal de Ponteareas e doutros centros de saúde, o único que fan é constantemente estar de baixa por enfermidade porque non aguantan a presión ni a situación en que se atopan laboralmente nos centros de saúde. Cando lle chaman «Vietnam» a Ponteareas é por algo, porque é unha guerra constante, por moito que hoxe vostede diga todo o que vostede queira dicir. (*Aplausos.*)

Mire, á parte, a veciñanza é a que sofre os problemas. ¡Si!, eu ben sei as citas cando se dan porque mas mostran. Vostede seguramente que desde o seu despacho en Santiago non; non as mira. Teñen problemas para conseguir cita, para ter médicas e médicos, e pediatras, para conseguir informes, para ser atendidas por unha facultativa diferente cada vez que van ao médico, se un non ten asignado un médico. Os doentes de enfermidades mentais xa os mencioniei; os nenos e nenas teñen que ir a Urgencias a cincuenta quilómetros.

¡Bueno!, está claro que o Partido Popular na Xunta, á parte de non facer absolutamente nada para pór remedio a esta situación de falta de persoal, pretende agora desviar a atención do problema anunciando a construción...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

**A señora FERNÁNDEZ DAVILA:** ...dun novo centro de saúde, parecido ao de Ribeira. ¡Si...!

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Rematou o seu tempo.



**A señora FERNÁNDEZ DAVILA:** ...Así que o Goberno do Partido Popular no Concello...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

*(A señora Fernández Davila pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Réplica do Goberno, o señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño):** Señoría, por moito que se empeñen vostedes en dicir falsidades os datos reais son os que son.

A realidade é que a Xunta de Galicia inviste máis que nunca en sanidade pública, cun orzamento que este ano supera os cinco mil millóns de euros, que representa case o 40 por cento do orzamento autonómico, e tamén —por certo— un 37 por cento máis do que se investía en 2009, cando vostedes facían as contas. E a realidade di tamén que nunca houbo tantas mans traballando cada día na tarefa de coidar a saúde dos galegos. Exactamente 7.000 médicos máis que cando gobernaban vostedes no Bipartito. Polo tanto, este Goberno galego aumentou o investimento en sanidade e aumentou as contratacións de profesionais para mellorar a asistencia, ademais de poñer todos os medios ao seu alcance para conseguir incrementar a plantilla de médicos de atención primaria. Este traballo da Xunta permite que a asistencia sanitaria de Ponteareas e da comarca do Condado-A Paradanta estea garantida a pesar do problema compartido por todas as comunidades de carencia de médicos de atención primaria; a asistencia está garantida a pesar de que o Goberno de España leva seis anos ignorando as demandas das autonomías para modificar o sistema de acreditación de prazas de MIR, o sistema de elección de especialidades e a ampliación da idade máxima de xubilación ata os 72 anos; está garantida tamén a pesar da falta de apoio dos grupos da oposición ás medidas postas en marcha polo Goberno galego para facilitar a cobertura das prazas vacantes, o que permite que, por exemplo, Ponteareas teña dous médicos na dotación da tarde ou que Covelo teña médico de Familia.

Vostede, ademais, coñece ben o compromiso do Goberno galego coa mellora da sanidade pública en Ponteareas porque foi precisamente nese Concello onde a Xunta puxo en marcha recentemente unha das novas unidades de saúde mental previstas, dotada con dous psiquiatras, un residente, un psicólogo e unha enfermeira. Ademais, o pasado 30 de xaneiro a Xunta e o Concello de Ponteareas asinamos un convenio para impulsar un novo centro de saúde que terá a capacidade operativa para poder cubrir todas as prazas previstas sen limitacións de espazo.

A Xunta está a facer os seus deberes, e nas vindeiras semanas completará a planificación estival con medidas xa ensaiadas e outras de nova creación para evitar situacións de estrés por ausencia de profesionais durante o verán.

Pero necesitamos máis, e, por isto, ante unha situación extraordinaria, diferentes comunidades autónomas, entre elas Galicia, reclamaremos, no vindeiro Consello Interterritorial de Saúde, ao Goberno de España o impulso de medidas extraordinarias que permitan paliar a falta de médicos e garantir a asistencia sanitaria á poboación no verán.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Rematamos a sesión.

Boa tarde a todos.

*Remata a sesión ás dúas e trinta e tres minutos da tarde.*






## RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abalde Alonso, Julio Ernesto	S	39. Marnotes Fernández, Argimiro	P
2. Amigo Díaz, María Encarnación	P	40. Martínez Allegue, María	P
3. Arias Rodríguez, Raquel	P	41. Mato Díaz, José Manuel	P
4. Baladrón Lamas, Víctor Manuel	P	42. Méndez López, Lara	S
5. Bará Torres, Xosé Luís	BNG	43. Mouzo Mas, Paula	P
6. Barreiro Sánchez, Enrique	P	44. Ojea Bouzo, Armando	M
7. Calvo Pouso, Diego	P	45. Pazos Couñago, José Alberto	P
8. Campero Dorado, Cristina	P	46. Pérez Fernández, Rosana	BNG
9. Candia López, María Elena	P	47. Pérez López, José Daniel	BNG
10. Carreira Pazos, Iria	BNG	48. Pérez López, Noelia	P
11. Casares Gándara, Juan Manuel	P	49. Pomar Tojo, Carmen María	P
12. Castro García, Daniel	BNG	50. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG
13. Castro Rey, Paloma	S	51. Prado Cores, María Montserrat	BNG
14. Corgos López-Prado, Miguel	P	52. Prado del Río, Paula	P
15. Deza Martínez, María	P	53. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG
16. Espinosa Mangana, María Elena	S	54. Queixas Zas, Mercedes	BNG
17. Fernández Alfonzo, Ramón Tomás	BNG	55. Ríos Santomé, Paulo	BNG
18. Fernández Davila, María Cristina	BNG	56. Rodil Fernández, Olalla	BNG
19. Fernández Fernández, Secundino	BNG	57. Rodríguez Carrera, María Felisa	P
20. Fernández Gómez, Alexandra	BNG	58. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	S
21. Fernández González, Ariadna	BNG	59. Rodríguez González, Román	P
22. Ferro Iglesias, José Luis	P	60. Rodríguez Martínez, Roberto	P
23. Fidalgo Iglesias, Miguel	P	61. Ruanova Vilas-Boas, Brais	BNG
24. García Comesaña, Julio	P	62. Rueda Valenzuela, Alfonso	P
25. García González, Patricia	P	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P
26. García Martínez, Fabiola	P	64. Santamaría González, Raúl	P
27. Golpe Acuña, José Manuel	BNG	65. Sanz Arias, Cristina	P
28. Gómez Besteiro, José Ramón	S	66. Suárez Fernández, Iago	BNG
29. González Iglesias, Carmela	BNG	67. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	BNG
30. González Vázquez, José	P	68. Taibo Corsanego, Iria	BNG
31. Grueira Fernández, Nicole	P	69. Trenor López, Gonzalo	P
32. Hermelo Piñeiro, María Dolores	P	70. Valcárcel Armesto, Montserrat	BNG
33. Iglesias Rey, Patricia	S	71. Vázquez Mejuto, María Ángeles	P
34. Insua Lema, Óscar	BNG	72. Vázquez Mourelle, Ethel María	P
35. Longueira Castro, Silvia	S	73. Vereá Fraiz, Borja	P
36. López Font, Carlos	S	74. Vidal Lamas, Sonia	BNG
37. Lorenzana Somoza, María Jesús	P	75. Villares Bermúdez, Alfonso	P
38. Lorenzo Gómez, Rubén	P		





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

